

ACTA NÚM. 4 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE MARZO DE 2016.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:30 horas** do día **15 de marzo de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Dios Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Dona María José Tobar Quintanar.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **Interventora do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **Secretario Xeral do Pleno Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación do plan económico-financeiro.

2. Aprobación inicial do orzamento e cadro de persoal do concello para o ano 2016.

Alcalde: Boa tarde a todos e todas, imos dar inicio á sesión plenaria que estaba convocada para hoxe na casa do Concello, con dous puntos na orde do día.

Hoxe en Xunta de Portavoces acordamos no primeiro dos puntos, facer un reparto de tempos, de sete minutos para a primeira intervención, tanto da ponente como do resto dos portavoces, e cinco para a segunda, e no caso do debate orzamentario aumentar o que era a primeira intervención, máis alá do que establece o Regulamento a quince minutos, e cinco na segunda, dada a entidade do punto a debater.

Pasamos ao primeiro dos puntos.

1. APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO.

Dona María Rozas Pérez: Boas tardes a todas e todos.

O primeiro dos puntos é o plan económico financeiro para o Concello de Santiago.

A liquidación do orzamento do ano 2014, realizada en marzo de 2015, puxo de manifesto que no ano 2014, incumpriuse a regra do gasto.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, indica que os concellos non poden superar no crecemento de gasto en comparación co ano anterior a taxa de referencia do crecemento do PIB que autoriza o Consello de Ministros para todas as administracións públicas, é dicir, o gasto das

administracións públicas non se pode incrementar por riba do crecemento da actividade económica.

O cumprimento da regra de gasto esixe que o concello elabore e aprobe un plan económico financeiro, un PEF, que permita atendendo ao artigo 21.1 da Lei Orgánica o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e o cumprimento da regra do gasto do ano en curso e do ano seguinte.

Por imperativo legal entón o Concello de Santiago elabora dito plan, por incumprimento da regra do gasto, xa que o resto dos indicadores económicos son correctos.

Antes de entrar no detalle do dito plan, gustárame facer unha reflexión, unha reflexión sobre a lei de sostenibilidade financeira, en concreto sobre a lei da regra do gasto, lei que é un claro corsé para as administracións públicas, e en concreto para os concellos que xa en por si teñen serios problemas de financiamento e de crecemento.

Atopámonos na situación de que os concellos que teñen recursos suficientes para mellorar os seus servizos públicos e para crecer non poden e non poden pola lei da regra do gasto, non poden acometer melloras para o beneficio da súa veciñanza, e non poderían por este corsé que a Lei de sostenibilidade financeira está en clara oposición aos intereses sociais.

Os concellos vense sometidos a unha lexislación dende o ano 2012, que non ten como obxectivo a calidade dos servizos públicos, senón que ten como obxectivo o recorte do investimento público e social.

Unha lexislación que compre revisar para a súa mudanza.

Dito isto, e cumprindo coa normativa vixente, o Concello de Santiago presenta este plan económico financeiro. Un plan no que se demostra que o gasto computable e que resulta da liquidación de 2014, veuse excedido en 2.355.437,63 euros, do límite que tiña aprobado para ese exercicio.

Deste exceso 1.283.175,09 euros, son créditos incorporados por remanentes que son de incorporación obrigatoria, e que polo tanto, non requirirían de ningún tipo de medida de axuste nun plan económico financeiro, a diferenza, os 850.000 euros, de diferenza son un exceso de crédito do gasto da sociedade mercantil Incolsa, segundo se pon de manifesto en diferentes informes da intervención municipal, e que están incorporados ao plan que hoxe presentamos.

Analizada a situación económica da Corporación derivada da liquidación do orzamento do 2014, e vistas que as magnitudes orzamentarias son en xeral positiva, e que a maioría

do exceso deste teito de gasto ven derivado da incorporación de remanentes, que como dicíamos antes, é de obrigado cumprimento, cómpre indicar aquí o que di a Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) a este respecto, leo literalmente: “En consecuencia no cabe admitir que la utilización del remanente de tesourería afectado por una entidad local sea determinante en una situación de déficit estructural, es más, habrá de identificarse con una situación de superávit presupuestario en el momento de la liquidación del presupuesto.”

É dicir non se poden ter en conta o exceso de gasto derivado da incorporación de remanentes.

No mesmo sentido o Ministerio de Facenda, di que a volta ao cumprimento da regra do gasto que ven derivada dunha incorporación de remanentes: “se lograría con la simple aprobación del presupuesto del ejercicio siguiente en situación de equilibrio presupuestario y dentro del límite de variación del gasto computable, sin necesidad de medida estructural alguna.”

En relación ao incumprimento derivado da sociedade mercantil Incolsa, parte del ven derivado de gastos que non son recorrentes, son gastos extraordinarios, dedicados á promoción turística da cidade.

Máis como todos sabemos, no orzamento de 2015 non se cumpriron os límites para a regra do gasto, había un exceso nese orzamento, un desfase de nove millóns de euros que provocou que durante o ano 2015, se seguirán unha serie de medidas para controlar este gasto.

O avance da liquidación de 2015 demostra que acabamos o ano cumprindo esta normativa actual, cumprindo a regra do gasto, no avance da liquidación de 2015, xa que moitos dos créditos que estaban nese orzamento, eran créditos que non se podían gastar, eran créditos non dispoñibles vinculados a venda de terreos e outro tipo de fondos.

O PEF (o plan económico financeiro) que hoxe aquí presentamos, pon de manifesto que o Concello de Santiago non pode precisar adoptar medidas de consolidación, xa que cumpre no 2015 coa regra do gasto, e o orzamento presentado para o ano 2016 non incumpre os principios de estabilidade orzamentaria sustentabilidade e regra do gasto.

Este plan ten que ser aprobado polo Concello de forma provisional e debe ser remitido a Dirección Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia, que é quen ostenta a tutela nestas cuestións no noso concello para a súa aprobación definitiva.

Por iso, propoñemos ao pleno deste concello:

Primeiro: Aprobar provisionalmente o Plan Económico Financeiro 2015-2016 do Concello de Santiago de Compostela.

Segundo: Remitir o expediente á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro para a súa aprobación definitiva, consonte ao disposto no artigo 21 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Nada máis e moitas grazas.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde, e moi boa tarde a todos e a todas.

O primeiro que temos que dicir dende o Bloque Nacionalista Galego é que non era sen tempo a aprobación deste Plan económico financeiro. O grupo municipal do BNG hai xa seis meses, en outubro do pasado ano preguntaba neste pleno pola previsión do grupo de goberno a respecto da aprobación deste PEF, con pouco éxito, por certo. Teríamos que reiterar a petición en diferentes ocasións, tanto no marco doutros debates, como foi no caso do debate das ordenanzas fiscais, como mediante preguntas por escrito, por certo esta que aínda está sen contestar dende o 23 de outubro do ano pasado.

De todos e todas é coñecida a posición do noso grupo respecto da coñecida como a lei de estabilidade, para nos trátase fundamentalmente de intervir dende Madrid as contas de todos os concellos do estado, cuns criterios austericidas que pouco teñen que ver cunha xestión eficiente e responsable dos recursos públicos.

E en particular, para nos o que hoxe motiva este punto que é o cumprimento ou non da coñecida como regra do gasto non quere dicir absolutamente nada a respecto da saúde económico financeira real dunha administración local.

A pesar diso, advertímoslles en varias ocasións en que isto non era algo potestativo, senón, algo ao que o goberno municipal estaba obrigado por lei, e mentres non se derroga esa lei, que agardemos sexa máis cedo que tarde, unha de dúas, ou o Concello de Santiago se declara insubmiso á mesma con todas as consecuencias ou hai que cumprila.

Nese sentido, e a pesar da nosa posición sobre o fondo desta normativa, o noso grupo, advertiulles en reiteradas ocasións, que antes da aprobación das ordenanzas fiscais ou deste orzamento, era imprescindible a aprobación dun plan económico financeiro como consecuencia do incumprimento desa regra de gasto por parte do Partido Popular no exercicio de 2014, e así tamén llo apuntaban dende a intervención municipal e así o fixeron concellos en análoga situación como foi o caso do Concello de Ourense.

Agora, corrobórase o que dicíamos naquel entón, incluído, o incumprimento de prazos establecidos na lexislación, para a súa presentación tal e como aparece reflectido no informe da intervención 84/2016 que acompaña este plan.

A pesar diso, nos non imos votar en contra deste PEF por un exercicio de responsabilidade, posto que de non aprobarse podería ter consecuencias moi negativas para o concello, como por exemplo, e como xa temos advertido neste pleno, que o estado que lle obrigue ao concello a deixar de prestar servizos impropios como a xestión de escolas infantís municipais, os comedores escolares, a UMAD, ou un número importante de iniciativas municipais no eido do emprego ou dos servizos sociais.

Iso si, non votar en contra, non é sinónimo de que esteamos de acordo, e nese sentido, gustaríanos sinalar tres aspectos que nos parecen moi relevantes:

Primeiro, non deixa de ser curioso, que tardase tanto tempo en traerse a debate este PEF cando a principal conclusión do mesmo, como nos acaba de relatar a señora concelleira, que non é outra, que o PEF non fai falta, é a mesma liña argumental que viña utilizando o Partido Popular e nese sentido non será de estrañar a coincidencia de voto que veremos nuns minutos entre Compostela Aberta e o propio Partido Popular neste punto.

En segundo lugar, o PEF, o que fai en realidade, é consolidar o incumprimento aflorado en 2014 e non corrixido, é dicir, sobre a base dos máis de dous millóns de euros de exceso detectados en 2014, agora vaise ao tope que permite a lei, pero non se ratifica o anterior.

E en terceiro lugar, e máis importante, para nós, todo o plan esta baseado nunha premisa que cando menos resulta curiosa, e é que non se executen unha grande parte dos orzamentos de 2015 e de 2016, é dicir, será a falta de execución dos investimentos, é dicir, será o mal gobernar, o que ocasione un incremento dos excesos de financiamento afectado a fin do exercicio que traia como consecuencia, a inclusión de remanentes de tesourería e faga subir a marxe de dispoñibilidade de gasto sobre o inicialmente consignado, é dicir, unha de dúas, ou son incapaces de executar, cousa probable a tenor destes meses, e que poderemos comprobar cando se nos presente a liquidación do 2015, e que cumpren co PEF, ou executan e xestionan con rigor o orzamento, e non cumpren co PEF, as dúas cousas a un tempo, non son posibles, e xa veremos a finais de ano cal das dúas non se cumpren.

Por ese motivo, o grupo municipal do BNG, manterá un voto de abstención neste punto.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas gracias Rubén, e a quenda do portavoz do PSdeG-PSOE, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde e boas tardes a todas e a todos, compañeiras e compañeiros de corporación.

Con este plan económico financeiro que acaban de presentarnos mostra Compostela Aberta a mesma filosofía que o Partido Popular.

Compostela Aberta contradíse, porque primeiro dixo que o Partido Popular superou a regra do gasto e deixou as finanzas do concello en situación máis que comprometida, non hai máis que acudir a hemeroteca, e agora presentan este PEF co que desvirtúan o incumprimento do Partido Popular, e preséntano como formal e dentro do marco económico financeiro.

O que fai Compostela Aberta con este plan e consolidar o incremento de gasto aflorado no exercicio de 2014, e baseándose nesa consolidación dinos que en 2015 xa cumpren a regra do gasto, do que só temos a súa palabra.

Dado que a responsabilidade do incumprimento da regra de gasto e do Partido Popular, e dado que vostedes o consolidan, e lle salvan a cara, o Partido Popular como non, votará a favor deste PEF, e iso non é sorprendente, porque a xestión económica do Partido Popular nos últimos catro anos foi nefasta para as finanzas deste concello.

A partires de 2013 o remanentes positivos de tesourería diminuíron máis que notablemente pasando de 4.600.000 euros a 1.700.000 euros, e a evolución do aforro bruto en relación cos gastos correntes, pasou do 30,3% no 2011 ao 14,4% no 2014, todo isto a falta de datos do 2015, porque o goberno non nolos pasou.

E a evolución do aforro neto pasa do 22,4% en 2011, a 0,7% en 2014.

O Partido Popular polo tanto asfixiou financeiramente a este concello.

A isto hai que engadir o baixísimo ritmo de execución dos orzamentos, e máis concretamente dos investimentos como acertadamente indica o informe de intervención a este PEF.

Os niveis de execución van de 19 ao 22% no período de 2012-2014, provocando un incremento de exceso de financiamento afectado a fin de exercicio, que trae como consecuencia a obrigada incorporación de remanentes aos exercicios seguintes, e incrementa a marxe de dispoñibilidade do gasto sobre o inicialmente consignado, elevando o risco de incumprimento da regra de gasto, derivado da lei de estabilidade do

Partido Popular, así o ano 2013, o ano base, e tivo unha execución do orzamento moi baixa, e isto determinou que sobre un nivel de gasto de baixo, o límite de gasto, situouse nun punto aínda máis baixo dando lugar a unha aplicación perversa da norma, cando se é incapaz de xestionar que é o que sucedeu cos gobernos do Partido Popular neste concello.

En 2014, prodúcese un incremento de gasto sobre o permitido, de 2.355.000 euros, xa que o límite da regra de gasto era de 73 millóns de euros, e o gasto computable foi de 75 millóns e medio.

E todo iso, INCOLSA, que son ten ingresos procedentes das transferencias do concello, circunstancia que por certo non corríxen os orzamentos de 2016, ten unha desviación de máis de oitocentos mil euros, desviación que lastra o orzamento do concello.

E chega Compostela Aberta, e asume o desvío no gasto, faino propio, e prométenos que mantendo o nivel regular do gasto do Partido Popular non gastará aínda máis, porque temos que crerlles.

Dende xuño de 2015 cúmprese a regra de gasto, porque non se executa o orzamento, así no capítulo II de gastos correntes e servizos, se inexecuta o 15,6% e no capítulo IV de transferencias correntes, se inexecuta o 9%.

Deste xeito o cumprimento da regra de gasto en 2015, baséase na non execución do orzamento, o cumprimento é, polo tanto, ficticio, porque apalanca a desviación do gasto de 2014.

Insisto, por qué temos que crerlles cando nos din que non superaran tampouco a regra de gasto no 2016, pregunto porque este documento ten de plan só o nome, onde están as propostas de incremento de ingresos para o concello máis aló do que foi a súa intención de provocar unha suba indiscriminada e xeneralizada de impostos a toda a veciñanza de Santiago de Compostela. Onde están propostas para incrementar os ingresos materializadas no incremento e mellora de xestión de taxas por utilización privativa, ou aproveitamento especial do dominio público municipal a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral.

Cando Compostela Aberta di que vai cumprir a regra do gasto en 2016 non nos explica como o fará, dinos que levaran a cabo un axuste dos gastos correntes á baixa e deste xeito, por exemplo, en persoal vai ter practicamente nulo o crecemento orzamentario, por qué vai ser así?, dígame a verdade; din que van baixar o gasto en subministracións diversas nun 3,6% cómo?, din que van baixar os gastos por traballos realizados por outras empresas nun 4,11% cómo?, como fixeron co traballo para a reforma do plan

especial do centro histórico, facendo enxeñería financeira para atrasar o momento do pago e doutra banda atrasar o momento do cobro da subvención.

Din que van baixar os gastos de arrendamentos e material de transporte nun 28,09%, cómo?, din que van baixar os gastos en reparación, mantemento e conservación de edificios nun 4,66% cómo?, din que van baixar os gastos de reparación de maquinaria nun 22% cómo?, din que van baixar os gastos en elementos de transporte cómo?.

Todo isto ten que estar indicado no plan económico financeiro, non só dicir que o farán e esperar unha vez máis que fagamos un acto de fe.

Din que van baixar os gastos por transferencias correntes nun 6,3%, aquí si sabemos cómo van facer, en 2016 Compostela non vai ter nin feira do libro, nin Rali Botafumeiro.

Asume Compostela Aberta, que en 2016 vaise dar unha inexecución do orzamento de 5,8 millóns de euros, o reconece xa directamente, cos remanentes que se incorporen de 2015, dende logo van deixar sen executar moito máis.

Preséntanos polo tanto un PEF ficticio baseado na consolidación do incumprimento do Partido Popular, de inexecución orzamentaria duns aforros, que non xustifican de ningún xeito no orzamento, fan súa a mala xestión do PP, e sálvanlle a cara, pero iso si, e o seu Plan económico financeiro.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Paco Reyes, señor Martínez a súa quenda.

Don Manuel Martínez Varela: Gracias alcalde, concelleiros, concelleiras.

Eu teño que dicir que cando se nos presentou este plan económico financeiro dende o grupo popular, o que puxemos de manifesto, é que o tempo nos viña dar a razón.

Hai que ter en conta que nun primeiro momento, como sinalou o voceiro do Partido Socialista, falouse por parte do equipo de goberno de mala xestión orzamentaria, falouse de que se gastou por riba das posibilidades do concello, falouse que había que adoptar unha serie de axustes e medidas de contención do gasto, e que íamos ter pouco marxe de manobra, pero agora mesmo, estas eran unha serie de consideracións de carácter político, en canto acudimos ao que é un plan económico financeiro, é dicir, un documento técnico elaborado por técnicos, e cando podemos observar a realidade, e neste plan económico financeiro faise unha análise do que é toda a traxectoria da lexislatura 2011-2014.

Así extraendo os datos que aparecen recollidos dentro do mesmo, e fronte ao que se manifestou anteriormente, por parte do voceiro do grupo socialista, hai que ter en conta que durante a lexislatura do Partido Popular 2011-2014, a media do resultado orzamentario, é dicir, o que pon de manifesto é que eses orzamentos se elaboraron de maneira responsable ou non, se os dereitos recoñecidos foron suficientes para financiar os gastos, obtivo unha media de superávit de 7,4 millóns.

No caso do remanente líquido de tesourería a magnitude que manifesta se os fondos líquidos dos que disporía o concello se se xeran efectivos todos os dereitos pendentes de cobro, e se pagasen todas as obrigas pendentes de pago, é dicir, os recursos propios do concello para financiar modificacións de crédito, foi de superávit 1,7 millóns de euros.

A media do aforro neto, é dicir o indicador que valora a capacidade que tería o concello para facer fronte a futuras obrigas que poida contraer por novas operacións de endebedamento foi de 10,6 millóns de superávit.

A media no caso da estabilidade orzamentaria do saldo non financeiro foi de 14,2 millóns de euros de superávit.

No caso do endebedamento cos bancos, coas entidades financeiras, esta reduciuse de 62 millóns a 47 millóns na actualidade.

Hai que ter en conta que todo iso, ademais, a pesar de ter que levar a cabo unha operación de crédito por 12 millóns de euros por facturas que nos atopamos no caixón.

Hai que ter ademais en conta que cando se fala de que a xestión dende un punto de vista económico foi desastrosa por parte doutro grupo deste pleno, este concello co Partido Popular, o período medio de pago foi dunha media de 16,86 días, chegando a estar en 9 días no mes de marzo de 2015, cando o máximo permitido por lei eran 30 días.

Hai que ter en conta, ademais, que a media do ratio das operacións pendentes de pago foi de 14,87 días, cando o máximo son 30 días, e chegou a estar en 3 días no mes de decembro de 2014 e en marzo de 2015.

Estes son só algúns dos indicadores e non se pode falar á vista destes indicadores dunha xestión dende un punto de vista económico desastrosa nin nada que se lle pareza.

E por iso, cando se trae agora un plan económico financeiro, repito un documento técnico, elaborado por técnicos, no que se analiza a situación estrutural do concello nos últimos anos, vemos como o equipo de goberno nos da a razón.

Na introdución do propio Plan económico financeiro, palabras textuais, que cumpre coa normativa e cos límites establecidos de sustentabilidade, equilibrio e solvencia económica o Concello de Santiago, e ademais, sinálase que o Concello de Santiago presenta capacidade de financiamento en termos consolidados de 5,9 millóns de euros, o saldo non financeiro de signo positivo de 7,1 millóns de euros, o nivel de endebedamento sitúase dentro das marxes legais e moi por debaixo do 75% dos ingresos correntes.

E na propia conclusión do plan económico financeiroponse de manifesto que analizada a situación económica da corporación, as magnitudes orzamentarias son claramente positivas.

E ata a interventora pon de manifesto que cando se fala deste plan económico financeiro, das medidas a adoptar, porque hai que recordar, ademais, que o plan económico financeiro a estrutura do plan ven marcada por lei, non é algo que poida facer cada concello aleatoriamente. Hai unha estrutura obrigatoria que ven marcada na lexislación de facendas locais, así como tamén na lei de bases de réxime local, e dentro desta estrutura hai que ir poñendo os datos, e ir analizando un a un, e isto o fan os técnicos municipais, non é obxecto de ningún tipo de valoración política, e aquí o que se valora é a xestión levada a cabo nos últimos anos; e dende a propia intervenciónponse de manifesto, seguindo ademais o criterio establecido no seu caso polo Ministerio de Facenda e pola propia intervención xeral da administración do estado, que é o máximo órgano interpretativo neste caso, a volta ao cumprimento da regra do gasto: “se elaboraría con la simple aprobación del presupuesto del ejercicio siguiente en situación de equilibrio presupuestario, sin necesidad de medida estructural alguna”, é dicir, á vista deste plan económico financeiro hai que concluír que estamos ante un plan, que así se puxo de manifesto, é un mero trámite dada a xestión levada a cabo nos últimos catro anos, hai que facelo porque o manda a lei, pero non hai que adoptar medida estrutural algunha, porque a propia lei recolle para aqueles concellos nos cales si que se adoptarán medidas perniciosas para a economía e para a situación estrutural do concello unha serie de medidas moi restritivas, de suprimir servizos, fusionarse con outros concellos, subir os impostos, pero no caso do Concello de Santiago, isto non ten nada que ver coa súa realidade.

Por todo iso, nós, dende un punto de vista de responsabilidade dixemos xa na propia comisión informativa que íamos votar a favor deste plan económico financeiro.

O que si queremos, ademais, poñer de manifesto, así que pedimos que para outra vez, cando se faga o que é unha análise da situación económica do concello, que primeiro se faga unha análise de carácter económico e despois a análise de carácter político, e non ao revés como se fixo nesta ocasión.

Moitas gracias.

Alcalde: María Rozas, segunda quenda.

Dona María Rozas Pérez: Bueno, vou ser breve, simplemente aclarar unha serie de cuestións que se foron mencionando.

Primeiro, é certo que o plan económico financeiro ven con retraso, pero temos que recordar que esta en cumprimento da regra do gasto foi aflorado en marzo de 2015, a maioría de nós estabamos na nosa casa, e non estabamos facendo política no Concello de Santiago, entramos en xullo, entramos en xullo, e é imposible que aprobáramos o plan económico financeiro antes das ordenanzas como aquí se comentou, non sei se imposible, pero por suposto non ía ser realista, porque a baixada de ingresos que este pleno aprobou, é xustamente un axuste que hai que facer para a regra do gasto, esa baixada de ingresos lle afecta ao cálculo e o plan económico financeiro, así que non tiña absolutamente ningún tipo de sentido telo aprobado antes das ordenanzas fiscais.

Non é que non Concello de Santiago non pasara nada, pasou, incumpriuse unha lei, incumpriuse a lei Montoro, que en Compostela Aberta non compartimos, pero que foi incumplida, e que é necesario facer un plan económico financeiro, e vémonos obrigados durante o ano 2015 a cortar gasto, a cortar gasto superfluo, iso é certo escollemos gasto superfluo, outros gastos diversos, fixemos o que faría calquera familia galega, senón temos ingresos contemos o gasto, axustámonos no gasto.

Non é certo que sexa só Compostela Aberta a que diga que se incumpriu a regra do gasto, hai un avance da liquidación do 2015 que así o demostra, esta no anexo do plan económico financeiro, sexamos serios, hai un avance da liquidación de 2015, hai un informe de intervención.

E hai efectivamente unha fórmula, que é a fórmula plantexada tamén polo Concello de Ourense no seu plan económico financeiro, que a regra do gasto de 2014 plantexada polo Concello de Ourense, que tiña unha situación moito peor que a de Santiago, era un exceso de once millóns de euros, e a Dirección Xeral de Política Financeira que é a que ten que decidir se esta ben ese plan ou non, dixo no mes de xaneiro que ese plan correcto.

A fórmula utilizada polo Concello de Santiago é exactamente similar a de Ourense, e agora é a Dirección Xeral de Política Financeira a que lle toca dicir se este plan é correcto ou non.

Dicimos tamén que o orzamento cumpre a regra do gasto, non sabemos o que vai acontecer ao longo de 2016, un orzamento non deixa de ser unha estimación de ingresos

e unha estimación de gastos, de feito ese cumprimento da regra do gasto terase que ver na liquidación do ano 2016, non agora, que o orzamento tal e como está plantexado cumpre a regra do gasto, e cumpre a regra do gasto, porque hai diminucións en partidas que nos non consideramos prioritarias, en partidas que dende Compostela Aberta consideramos que eran superfluas, e na partida de gastos diversos facemos máis dun 25% de diminución, noutros gastos de publicidade ou protocolo.

Así que o orzamento que plantexamos se plantexa cumprindo coa lei de sostibilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

Máis nada.

Alcalde: Gracias María, Rubén Cela a súa segunda quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas señor alcalde. Ben eu quería comezar por algo que a priori podería parecer curioso, pero non é tan curioso, e é que o Partido Popular estea hoxe tan contento coa posición de Compostela Aberta neste punto, e ten motivos para estar contento, porque a verdade que hai un lavado integral de cara ao que foi unha xestión económica que distou moito, precisamente, de ser unha xestión exemplar, non polo incumprimento, precisamente, da regra do gasto, senón por moitas outras cuestións.

En calquera caso, é lóxico que o Partido Popular estea hoxe moi contento, e é lóxico que o Partido Popular vote con Compostela Aberta neste punto.

Segunda cuestión, di a señora Rozas, que reconece que ven fora de prazo, bueno, esta ben reconecer as cousas, é o primeiro paso para corrixilas, agora ben, eu podo admitir que veñan as cousas tarde, agora o que é indiscutible é que non foi por non avisalos.

No mes de outubro este grupo político traía a pleno este tema, eu non digo, que a trece de xuño cando vostedes entran a gobernar viñeran cun PEF debaixo do brazo, nin agardaba do Partido Popular que a finais de marzo do ano pasado a piques do remate do mandato, aplícase o Partido Popular ese plan económico financeiro, agora ben, eu creo que dende que empezamos a falar disto, polo menos, por parte do noso grupo ate hoxe pasou medio ano, medio ano, que creo que é un tempo algo máis que prudencial.

Por último, unha última consideración de carácter máis xeral e político tamén, comentaba o compañeiro Manuel, que o PEF é un documento técnico, bueno eu podo subscribir iso a medias, é un documento cunha execución técnica, pero é un documento que ten unha orientación e ten unha interpretación política; e nesa interpretación política, eu quero facer fincapé en algo que comentaba na primeira intervención, este

PEF só se pode cumprir en base a que o goberno incumpra os acordos do orzamento que aínda non aprobamos no que ten que ver coa execución dese orzamento.

O cumprimento deste PEF en que non se execute o orzamento, polo tanto, eu creo que é unha trampa en si mesma.

E polo resto, pois como dicía con anterioridade, nos imos absternos neste punto, por responsabilidade, cremos, como comentaba o Partido Popular, que é un requisito legal, neste caso formal, porque non vai levar implícito ningún tipo de elemento correctivo, pero o feito de non aprobalo, como temos anunciado moitas veces neste pleno, pois podería ter consecuencias bastante negativas para este concello, polo tanto, pola nosa parte non vai quedar, e non imos obstaculizar que se poida aprobar este PEF, pero o que non nos gusta son os termos nos que se da, polos motivos que xa comentamos na primeira intervención.

Alcalde: Gracias Rubén, señor Paco Reyes a segunda quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde. Comentarlle ao concelleiro do Partido Popular que mire desastrosa da xestión económica do Partido Popular, foi precisamente porque as súas contas soamente se sosteñen porque non executaron, é dicir se vostedes tiveran executado os ingresos non terían cubertos os gastos.

Fala vostede dunha análise económica, pero a min non me respondeu, porque no período do goberno do Partido Popular os remanentes positivos de tesourería diminuíron ano a ano, por qué diminuíu ano a ano a evolución do aforro bruto, por qué diminuíu ano a ano a evolución do aforro neto, non responden, mire o incremento de crédito do que temos falado moito neste pleno ao respecto dos case trece millóns de euros, do crédito que vostedes fixeron conxuntamente co Plan de axuste, e que non facía falta, o saben vostedes perfectamente, tanto é así que non facía falta, que vostedes empregaron o diñeiro do crédito para amortizar anticipadamente o crédito que pedirán, é un negocio ruinoso para este concello.

Non me falen vostedes da media de pago a provedores, porque tamén o temos discutido neste pleno, vostedes efectivamente, cumpren co límite legal cos provedores aos que pagan, pero é que vostedes non lle pagaron ao cento por cento nin moitísimo menos, imos ver se é así cando coñezamos de verdade a liquidación do orzamento de 2015, imos ver se hai facturas no caixón ou non, imos velo, falta pouco, espero que falte pouco para ter ese documento.

Dende logo con todo da súa intervención, co que me quedo fundamentalmente é coa declaración de que vostedes van votar a favor deste plan económico financeiro porque o marca a lei, é dicir o Partido Popular vai votar a favor dunha regra de gasto imposta por

unha lei do Partido Popular por imperativo legal, bueno, non esta mal escoitar a un concelleiro do Partido Popular, emendar unha lei do propio Partido Popular.

Con respecto á intervención da concelleira de facenda soamente dúas consideracións, ónde está a liquidación?, non o avance, a liquidación, porque no mes de marzo legalmente teñen vostedes que presentar a liquidación, esperemos que non pase o mesmo que ten pasado co plan económico financeiro.

Por último se a xustificación para votar a favor deste plan económico financeiro que vostedes presentan hoxe neste pleno, e que é exactamente o mesmo que o que fixo o Partido Popular de Ourense, aprobado polo Partido Popular da Xunta de Galicia, se o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela tivera algunha dúbida a respecto do seu voto, dende logo acaba vostede de disipar as nosas dúbidas.

Máis nada, moitas grazas.

Alcalde: Gracias señor Reyes, señor Martínez a súa quenda.

Don Manuel Martínez Varela: Moitas gracias alcalde, vou ser moi breve.

Cando se fala de que a xestión do Partido Popular dende o punto de vista económico foi desastrosa, bueno se alguén quere negar a realidade, os datos están aí, están elaborados por técnicos, e son datos que calquera pode comprobar, e o que dixeran anteriormente é totalmente real, e está verificado non soamente pola intervención actual, senón polos dous interventores que estiveron anteriormente, e os técnicos que están en intervención, os informes están aí, son públicos, colgados na web, e eses datos os pode extraer calquera.

Cando se fala de que o remanente líquido de tesourería diminuíu; o remanente líquido de tesourería como dixeran antes, fai un momento, tivo unha media de superávit de 1,7 millóns de euros, pero é que no ano 2009 era negativo en 900 mil euros, e no ano 2010 era negativo en 2,6 millóns de euros, e cando se fala de que a operación de crédito que se fixo no seu día de 12 millóns de euros non facía falta, a operación de crédito claro que facía falta, porque este concello non lle pagaba a ninguén, por iso había doce millóns de euros aí en facturas sen recoller, e ademais, hai que ter en conta que as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2010, eran 33 millóns de euros, as que había neste concello.

Hai que ter en conta, ademais, cando se fala, no que é o tema da regra de gasto con carácter xeral, mire nós non é que esteamos emendando a lei no tocante á regra de gasto, eu xa manifestei neste pleno con respecto a esa lei, e a sigo a mantela, pero é unha opinión puramente particular, agora é unha lei que hai que cumprir, entende, e cando se

fala que nos non pagamos ao 100% e que agora se verá na liquidación, na liquidación claro que se vai ver todo o que se fixo, e que se nos non pagamos o ratio das obrigas pendentes de pago, como dixen anteriormente, non podían estar en tres días, porque dende o momento en que entra unha factura agora a través do sistema de facturas do punto face da administración do estado, pasa directamente á contabilidade e queda aí recollido, e que é imposible poñer as facturas no caixón, iso sucedía antes pero agora non, entón se agora un concello ten un ratio de obrigas pendentes de pago de tres días e porque non esta cumprindo coas súas obrigas, iso facíase antes cando se rexistraban manualmente as facturas, pero agora non, agora veñen directamente por un sistema informático e queda rexistrado contablemente. Polo tanto, é imposible facer ese tipo de actuacións, e claro que se verá cando veña a conta 413, que por certo a pedimos, pero a min non me chegou, imaxino que sería por un erro, non o achaco a ningún outro tipo de actuación.

Si, que quero facer unha breve mención ao que se dixo antes, si que se fixo contención do gasto, fíxose contención do gasto, home nos cremos que máis que contención do gasto, o que se está a facer é inexecución do gasto, porque hai que ter en conta, e iso vaise ver, sobre todo, cando se presente a liquidación, e cando se faga a comparativa entre o primeiro semestre do ano e o segundo semestre do ano, hai determinadas obras como o caso da Avda. de Vilagarcía ou Montero Ríos, pois que tiveron o retraso que tiveron, e sen embargo, si que houbo outro tipo de actuacións, agora non podemos entender que se fale de contención do gasto, cando se vai acudir ao endebedamento, ou cando se utilizou parte dunha operación de crédito, unha póliza de crédito, non podemos entender que se fale de contención do gasto, cando como consecuencia dunha xestión para nos nada afortunada no tema dos comedores escolares incrementouse en case douscentos mil euros o gasto relativo aos mesmos.

Non podemos entender que se fale de contención do gasto, cando se están a facer contratos de emerxencia, que é unha situación totalmente excepcional prevista na lei de contratos do estado, para salvar a fiscalización previa de intervención sobre a existencia ou non de crédito orzamentario.

E, non podemos falar, tampouco, de contención do gasto cando no tema de contratos menores estanse facendo toda unha serie de gastos, como por exemplo, pagar 21 mil euros para unha diagnóstico de igualdade, ou 18 mil euros para un deseño dunha imaxe gráfica da campaña “As bolboretas na rúa”.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Antes de pasar á votación vou facer emprego da miña quenda de cinco minutos, para clarear determinadas cuestións que aquí se dixeron e vou intentar ser breve, ou polo menos, facer unha tradución do que é a linguaxe económica, non sei que

diferenza hai entre contención do gasto e inexecución do gasto, o que sei, é que cando chegamos aquí transparentouse en documentos e en fiscalización do servizo de intervención que había un incumprimento da lei do teito de gasto, e que iso nos obrigaba a ir a un plan económico financeiro.

E o que sei, é que prioritariamente, para o novo goberno existía unha máxima e era a de non volver presentar un plan económico financeiro que implicará novos recortes no que era a política municipal, e esa é a tradución.

Entón, evidentemente, que fixemos unha corrección do incumprimento da lei do teito de gasto a través da execución, e iso está aí, pero fixémoslo nos como o faría calquera familia, como dicía antes María Rozas, os orzamentos son unha previsión de gastos e ingresos, non son as táboas da lei, evidentemente, son unha guía, pero logo un ten unha capacidade tamén pode facer un orzamento anual na súa casa e logo executalo en maior ou menor medida dependendo de cal sexa a situación de ingresos, iso pode entendelo todo o mundo, o que tiñamos claro no político, é que non podíamos ir a un novo PEF que implicará recortes na administración local, porque o Concello de Santiago estaba saturado na política de recortes nos últimos anos, e esa foi a prioridade, entón claro, a min que se me explique, se se entende que cun plan económico financeiro no cal corriximos o incumprimento da lei de teito de gasto a través da execución de gasto, e estamos a lavarlle a cara ao Partido Popular, e non se fai a lectura de que o que non estamos é a presentar un PEF que implique novos recortes, eu entendo que dende un discurso de esquerdas é o positivo, pois que se diga claramente, porque ao mellor o que se prefería é que non fomos corrixindo a desviación da lei de teito de gasto na execución, e trouxeramos un PEF con novos recortes en materia laboral, en materia de investimentos, ou noutro tipo de materia, entón iso é o que a todos os faría sentir mellor, pero evidentemente nos facemos unha lectura do marco legal, e facemos unha lectura crítica do marco legal Montoro, e eu aí coincido co señor Rubén Cela, que hai dúas posicións ou insubmisión ou cumprimento.

Evidentemente se podemos ir polo cumprimento, e podemos establecer un PEF que non supoña recortes, pois estamos un pouco facendo a cuadratura do círculo e iso foi o que entendemos no seu momento.

E, polo tanto, este é o PEF que presentamos, que entendemos que é o mellor para todo o mundo, tendo en conta que imos a un debate no seguinte punto duns orzamentos que non son expansivos, nun momento no que se di que a economía está en modo expansivo, e que por determinadas decisións que adoptou esta corporación temos uns orzamentos onde diminuímos a proxección de gasto cara ao ano que ven, incluso por decisións que tomamos aquí en política fiscal conxuntamente na Corporación, e polo tanto, esa foi a orientación que demos, e a orientación que se fixo no seu momento, e é

o motivo polo que presentamos este PEF e o motivo polo que entendemos e pedimos o apoio ao mesmo.

Entendemos as lecturas críticas que faga o conxunto dos grupos, pero si que pedimos o apoio, máis alá do cumprimento legal, porque entendemos que é o mellor ir a un PEF que non supoña, pois novos recortes para o concello nos diferentes eidos, porque verdadeiramente entendemos que hai que abrir outra nova etapa, co cal imos someter a aprobación do plan económico financeiro a votación.

Rematado o debate, e vista a proposta da concelleira delegada de economía e facenda e consonte co informe emitido para o efecto pola Sra. Interventora Xeral, que figuran no expediente, e de conformidade co ditame favorable da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, o Pleno da Corporación, por 19 votos a favor, correspondentes os/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e Partido Popular, e 6 abstencións dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG (4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) acorda:

Primeiro: Aprobar provisionalmente o Plan Económico Financeiro 2015-2016 do Concello de Santiago de Compostela.

Segundo: Remitir o expediente á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro para a súa aprobación definitiva, consonte ao disposto no artigo 21 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF) en concordancia co disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LOEPSF na súa aplicación ás entidades locais.

2. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016.

As propostas formuladas con data 18 de febreiro e 11 de marzo de 2016, pola concelleira delegada de economía e facenda sobre a aprobación do cadro de persoal e orzamento do ano 2016, teñen o seguinte contido:

Proposta sobre a aprobación do cadro de persoal do ano 2016:

“O artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o 126.1 do RD 781/1986, de 18 de abril dispoñen que o cadro de persoal se aproba anualmente con ocasión da aprobación do presuposto. A presente proposta ten pois como obxecto someter ó Pleno da Corporación a aprobación do cadro de persoal para o ano 2016, documento que se aproba conxuntamente co presuposto.

O cadro de persoal é unha manifestación da potestade auto-organizatoria das corporación locais, que se infire do que dispón o artigo 4 .a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A característica esencial do cadro é a súa íntima vinculación ó presuposto, de xeito que aquel instrumento é un elemento que vincula as políticas de persoal e presupostaria. É asemade un elemento necesario para dar cumprimento ó principio de legalidade presupostaria, que indica os postos que poden cubrirse cos fondos presupostarios, isto é, as dotacións presupostarias. Configúrase tamén como un límite negativo, **xa que non poden crearse, e menos cubrirse, postos ou prazas non dotadas presupostariamente.**

Búscase deste xeito unha efectiva correlación entre créditos orzamentarios e anexo de persoal, dando así cumprimento ó disposto no artigo 18.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

A presente proposta fórmase de conformidade co sinalado nos artigos 19 e seguintes da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, que establece límites ás ofertas de emprego, ó incremento de plantillas e ó incremento de retribucións no sector público.

Das diferenzas esenciais con respecto ó reflectido no cadro de persoal do ano 2015 destacan as seguintes, no que atinxe á supresión de prazas:

- Suprímense as prazas existentes no cadro que non teñen posibilidade de seren ofertadas e cubertas á luz da normativa vixente, dadas as limitacións que provoca a aplicación da taxa de reposición de efectivos á que se refire o artigo 20 da Lei 48/2015 citada con anterioridade. O seu mantemento no cadro e no capítulo I repútase artificioso, dado que excepto modificación normativa, coñécese de antemán a imposibilidade da súa cobertura, mantendo un crédito do que non se iría a dispoñer para a finalidade para a que foi deseñado.
- Mención á parte cómpre facer á desaparición no cadro de catro direccións de área contempladas no orzamento do Concello para o ano 2015, por non reputarse necesarias na actualidade. Neste apartado de órganos directivos modifícase a denominación da dirección de área de Persoal, Contratación e Informática, por adaptarse máis ó seu contido a de “dirección de área de Réxime Interior”, que pretende aglutinar a coordinación de tódolos servizos municipais, achegándose á figura xerencial existente noutras organizacións.

- Desaparecen tamén da relación de funcionarios con habilitación nacional, as prazas de secretario/a de apoio e interventor/a de apoio, en execución das sentenzas ditadas ó respecto polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

- Suprímese na escala de administración xeral-subescala técnica, unha praza de técnico de administración xeral, vacante con anterioridade e cuberta parte do ano 2015 en comisión de servizos declarada non axustada a dereito en virtude de sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

- Dentro da mesma escala, e na subescala administrativa, suprímense tres prazas de administrativo vacantes por xubilacións producidas en exercicios anteriores. Na subescala subalterna suprímese unha de uxier, vacante tamén procedente de exercicios anteriores.

- Na escala de administración especial, e aínda que -como se verá a seguir- se mantén unha praza de arquitecto- suprímense dúas vacantes. O mesmo sucede coa praza de asesor xurídico, que desaparece do cadro en previsión dunha futura e necesaria modificación da relación de postos de traballo que permita ofertar o posto de letrado/asesor á escala de administración xeral. Desaparece tamén unha praza de enxeñeiro técnico industrial, vacante por declaración de incapacidade permanente, unha de encargado de instalacións semafóricas, vacante por xubilación, dúas de oficiais albaneis e unha de oficial carpinteiro, polas mesmas causas.

- Nas prazas de cometidos especiais desaparece unha de músico C1 vacante por xubilación.

- Polo que atinxe ó persoal laboral, xa non figura unha praza de traballadora social, unha de porteiro-conserxe de instalacións deportivas, unha de limpadora, un auxiliar administrativo en tesourería/recadación municipal, unha de psicólogo/a na UMAC, e unha de encargado de inspección de servizos, todas elas vacantes por xubilacións en exercicios anteriores e outras causas.

- Por último, adáptase a relación de prazas de persoal eventual ó contido do acordo adoptado ó inicio do mandato da actual corporación pola Xunta de Goberno Local en sesión de 21 de xullo de 2015, en cumprimento do que dispón o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Polo que respecta á creación de prazas para a súa cobertura por promoción interna, as incorporacións ó cadro, retomando en parte as existentes no ano 2010, e noutra parte conservando as xubilacións de servizos xerarquizados (policía e bombeiros) cífranse nas seguintes:

- Dez (10) prazas de administrativo (persoal funcionario) grupo C1 de titulación, para promoción interna dende o grupo C2, auxiliar.
- Cinco (5) prazas de músicos (persoal funcionario) grupo A2 de titulación, para promoción interna dende o grupo C1.
- Unha (1) prazas de conserxe (persoal funcionario), grupo C2 de titulación, para promoción interna dende o antigo grupo E (agrupacións profesionais da Lei 7/2007).
- Tres (3) prazas de sarxento do servizo de extinción de incendios (persoal funcionario).
- Unha (1) praza de cabo do servizo de extinción de incendios (persoal funcionario) dende a categoría de bombeiro.
- Unha (1) praza de oficial da policía local (persoal funcionario) dende a categoría de policía.
- Catro (4) prazas de coordinadores de centros socioculturais(persoal laboral, grupo A2) dende as categorías de educadores-monitores e animadores socioculturais.
- Tres(3) prazas de músico(persoal laboral, grupo C1) dende a categoría de músico grupo C2.
- Unha (1) praza de conserxe (persoal laboral, grupo C2) para promoción interna entre uxieres laborais.

Por último, e **no que atinxe á creación/conservación de prazas para a súa cobertura en oferta de emprego do ano 2016 pola quenda libre**, respectando os límites e requisitos impostos pola vixente Lei de Presupostos, e concentrando as mesmas nos sectores definidos no artigo 20. Uno.2 da citada norma, as incorporacións ó cadro son as seguintes:

- Unha (1) praza de técnico/a de xestión (persoal funcionario) subescala de xestión da escala de administración xeral, para a oficina orzamentaria, e atendendo á necesidade de asignación eficiente dos recursos públicos.
- Seis (6) prazas de administrativo (persoal funcionario), subescala administrativa da escala de administración xeral, dadas as numerosas xubilacións producidas nos últimos anos neste colectivo, que están a provocar disfuncións en moitos servizos municipais.
- Unha (1) praza de arquitecto/a (persoal funcionario), dentro da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores.

- Catro (4) prazas de bombeiros-condutores do servizo de extinción de incendios (persoal funcionario).
- Dúas (2) prazas de policía local (persoal funcionario).
- Unha (1) praza de auxiliar de clínica (persoal laboral) para atención directa a usuarios de servizos sociais.
- Unha (1) praza de psicólogo/a para servizos sociais (persoal laboral), para atención directa a usuarios de servizos sociais.
- Unha (1) praza de educador/a familiar para servizos sociais (persoal laboral), para atención directa a usuarios de servizos sociais.

Todas as modificacións do cadro reflectiranse necesariamente -unha vez aprobadas- na relación de postos de traballo.

Finalmente, cómpre indicar que dende o aspecto retributivo, contéplase no anexo de persoal o incremento do 1% das retribucións fixado como límite no artigo 19. Dos da lei 48/2015, á parte das previsións de incremento da partida de acción social, de conformidade co establecido no vixente Acordo Regulador, a suba do concepto de gratificacións, o incremento da partida correspondente ó plan de formación, que esta concellería considera fundamental para mellora-lo servizo que se presta ós cidadáns, e a previsión da recuperación da parte pendente da paga extraordinaria do ano 2012, entroutros aspectos.

É canto teño a ben propoñer.”

Proposta de aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2016:

“Examinado o proxecto de orzamento do Concello de Santiago de Compostela, así como o do Organismo Autónomo “Auditorio de Galicia”, e os estados de previsión de ingresos e gastos das sociedades mercantís de capital integramente municipal, INCOLSA e TUSSA.

Visto o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 10 de marzo de 2016.

Vista a aceptación das emendas efectuadas na Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, na sesión extraordinaria celebrada o día 11 de marzo de 2016.

A Concelleira Delegada de Economía e Facenda, por delegación do Sr Alcalde - Presidente da Corporación, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: A aprobación do proxecto de orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2016, co seguinte resumo por capítulos consolidado:

ORZAMENTO CONSOLIDADO:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I	40.538.760,81	32.509.503,11
CAPÍTULO II	3.406.419,06	41.168.386,35
CAPÍTULO III	18.358.330,35	1.042.091,67
CAPÍTULO IV	31.301.141,56	9.638.150,72
CAPÍTULO V	470.934,20	140.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	94.075.585,98	84.498.131,85
CAPÍTULO VI	0,00	7.704.273,51
CAPÍTULO VII	3.294.441,02	1.250.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	3.294.441,02	8.954.273,51
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	97.370.027,00	93.452.405,36
CAPÍTULO VIII	90.000,00	160.000,00
CAPÍTULO IX	5.320.000,00	9.138.383,47
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.410.000,00	9.298.383,47
TOTAL ORZAMENTO 2016	102.780.027,00	102.750.788,83

O mesmo componse dos seguintes orzamentos:

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
-----------	----------	--------

CAPÍTULO I	40.538.956,41	29.967.779,76
CAPÍTULO II	3.406.419,06	38.103.058,53
CAPÍTULO III	16.189.634,54	1.034.481,67
CAPÍTULO IV	30.120.767,21	12.055.201,49
CAPÍTULO V	450.679,20	100.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	90.706.456,42	81.260.521,45
CAPÍTULO VI	0,00	6.676.992,52
CAPÍTULO VII	3.294.441,02	2.175.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	3.294.441,02	8.851.992,52
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	94.000.897,44	90.112.513,97
CAPÍTULO VIII	80.000,00	150.000,00
CAPÍTULO IX	5.320.000,00	9.138.383,47
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.400.000,00	9.288.383,47
TOTAL ORZAMENTO 2016	99.400.897,44	99.400.897,44

ORGANISMO AUTÓNOMO “AUDITORIO DE GALICIA”:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		841.705,78
CAPÍTULO II		1.431.862,00
CAPÍTULO III	548.717,01	1.000,00
CAPÍTULO IV	1.810.050,77	20.000,00
CAPÍTULO V	300,00	40.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.359.067,78	2.334.567,78
CAPÍTULO VI		24.500,00
CAPÍTULO VII		

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	24.500,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.359.067,78	2.359.067,78
CAPÍTULO VIII	10.000,00	10.000,00
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	10.000,00	10.000,00
TOTAL ORZAMENTO 2016	2.369.067,78	2.369.067,78

SOCIEDADE MERCANTIL TUSSA:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		869.621,27
CAPÍTULO II		535.220,30
CAPÍTULO III	1.383.576,08	400,00
CAPÍTULO IV		
CAPÍTULO V	99.446,48	
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.483.022,56	1.405.241,57
CAPÍTULO VI		77.780,99
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	77.780,99
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	1.483.022,56	1.483.022,56
CAPÍTULO VIII		
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2016	1.483.022,56	1.483.022,56

SOCIEDADE MERCANTIL INCOLSA:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		830.396,30
CAPÍTULO II		2.102.932,60
CAPÍTULO III	236.402,72	6.210,00
CAPÍTULO IV	1.807.374,35	
CAPÍTULO V		
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.043.777,07	2.939.538,90
CAPÍTULO VI		
CAPÍTULO VII	925.000,00	
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	925.000,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.968.777,07	2.939.538,90
CAPÍTULO VIII		
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2016	2.968.777,07	2.939.538,90

SEGUNDO: Aprobar as Bases de Execución e restante documentación complementaria que integra o Orzamento municipal de 2016.

TERCEIRO: No caso de non terse presentado reclamacións durante o período establecido no artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o mesmo considerárase definitivamente aprobado, procedéndose á publicación do seu resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.”

Figuran no expediente o proxecto de orzamento do Concello para o ano 2016, polo importe 99.400.897,44 euros en ingresos e 99.400.897,44 euros en gastos.

Ven acompañado do proxecto de orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia, aprobado polo seu Consello Reitor o día 2 de marzo de 2016, polo importe de 2.369.067,78 euros en ingresos e 2.369.067,78 euros gastos.

Achegados ao expediente tamén figuran os proxectos de orzamento para o ano 2016 das seguintes sociedades:

* O da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela, Sociedade Anónima (TUSSA), aprobado polo seu consello de administración na sesión que tivo lugar o 11 de xaneiro de 2016 polo importe de 1.483.022,56 euros en ingresos e 1.483.022,56 euros en gastos.

* O da Sociedade de Información e Comunicación SA (INCOLSA), aprobado polo seu Consello de Administración na sesión que tivo lugar o 22 de febreiro de 2016, polo importe de 2.968.777,07 euros en ingresos e 2.939.538,90 euros en gastos.

Obran ademais, no expediente, para os efectos da súa aprobación, as bases de execución do orzamento xeral para o ano 2016, e o cadro de persoal para o 2016, acompañados dos informes da xefa do servizo de xestión de persoal e da Sra. Interventora de fondos municipais.

Por ultimo, cómpre indicar que o proxecto de orzamento e de cadro de persoal foron aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria o pasado día 10 marzo de 2016, e ditaminados pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas do día 11 de marzo de 2016.

Alcalde: Lembro que hai unha primeira quenda máxima de quince minutos, e unha segunda quenda de cinco minutos, entón empeza a concelleira Dona María Rozas iniciando a defensa do documento orzamentario.

Dona María Rozas Pérez: Boas tardes de novo.

O orzamento xeral do Concello de Santiago, integrado polo orzamento do propio concello, o orzamento do Organismo Autónomo “Auditorio de Galicia” e das sociedades mercantís Incolsa e Tussa ascende a un total consolidado de 102.780.027 euros en ingresos e 102.750.788,83 euros en gastos, cun superávit de 29.000 euros, 29.238,17 derivados da sociedade Incolsa.

Os orzamentos dos organismos autónomos e das sociedades mercantís xa aprobados son de 2.369.067,78 euros do Auditorio de Galicia; 2.939.538,90 euros en gastos e 2.968.777,07 euros en ingresos da sociedade mercantil Incolsa; e un orzamento de 1.483.022,56 para o orzamento da sociedade mercantil TUSSA.

Este orzamento, este proxecto de orzamento de 2016 que presentamos hoxe no pleno caracterízase primeiro, por unha clara aposta polo social cun incremento dun 35% en comparación co ano anterior, un 35% cando e como xa dixemos en moitas ocasións e quedou claro neste pleno temos menos recursos, uns recursos máis limitados que no orzamento anterior, e aínda así, a concellaría de políticas sociais é a que máis crece, xunto co departamento de emprego que supera os dous millóns de euros para realizar políticas de emprego activas na cidade de Compostela.

Nun marco de recursos limitados, de redución de ingresos, o aumento das partidas de gastos destinadas a políticas sociais ven dado da redución doutras partidas de gasto, da redución na partida de gastos diversos, un 25%, da redución de partidas destinadas a gastos de publicidade e protocolo, deixando un orzamento para estes gastos que pretendan difundir a actividade municipal, que permitan realizar os eventos e representación institucionais sen decaer, pero sen incorrer en gastos superfluos.

Son uns orzamentos que tamén apostan polo equilibrio territorial, polo investimento en áreas esquecidas durante demasiados anos, e polo mantemento das instalacións municipais e viarios.

Unha aposta firme, tamén vai neste orzamento, polos dereitos laborais, recollendo, no capítulo I, de persoal demandas de moitos anos das diferentes representacións sindicais, incremento nas partidas de axudas de acción social para os traballadores e traballadoras da casa, dotación dunha partida para a segunda metade da paga extra do ano 2012, unha promoción interna xeral e ambiciosa na que moitos funcionarios que careceron de posibilidade de promocionar nos últimos anos poderán ter acceso, consta esta promoción de 112 prazas.

Un orzamento o de 2016, que rompe coas liñas de orzamentos anteriores, marcando unha diferenza importante, no incremento destinado a áreas sensibles.

.... Unha reorientación dos orzamentos, unha reorientación aos gastos correntes, de mantemento, aos gastos en políticas sociais, apostando por tres grandes eixos:

Primeiro, o equilibrio territorial.

Segundo, o investimento social.

Terceiro, o mantemento.

O crecemento en políticas sociais, comentábo antes, en comparación co ano 2015 e dun 35%, máis esta porcentaxe aumenta ao 114% se o comparamos co primeiro ano do

mandato do anterior goberno, o ano 2012, o que significa máis que duplicar o gasto social dese primeiro ano de mandato, 8,4 millóns de euros destinados a políticas sociais que acada o seu máximo histórico no Concello de Santiago.

O aumento de gastos para políticas sociais, sentase entre outras nas seguintes accións:

Un plano de rescate social, de 1,5 millóns de euros, cunha ordenanza de axudas ás persoas en risco de exclusión social, e atención ás persoas sen teito.

Ampliación das bolsas de comedores escolares ata 200.000 euros.

A remodelación e ampliación dos convenios coas asociacións de Compostela que ... na rúa para traballar coas persoas sen teito, facilitándolles vivenda, así como asesoría xurídica e os acompañan psicolóxicamente.

Axudas a dependencia, un incremento de 340 mil euros ata chegar a 1,3 millóns de euros, co obxectivo de que ningunha persoa en condicións de dependencia de Santiago quedan sen esta prestación de servizos, de axuda no fogar.

Un orzamento de 0,2 destinado a políticas de cooperación, tamén por primeira vez no Concello de Santiago, por primeira vez na historia económica deste concello achégase ao 0,2 do orzamento esta demanda histórica das ONGs en políticas de cooperación.

Con ese mesmo sentido de carácter social no orzamento, prevé despreparar un amplo abano de políticas activas de emprego que supera os dous millóns de euros, que incrementa en máis de medio millón as políticas activas de emprego en comparación cos orzamentos precedentes.

Estas políticas abranguen dende un pacto local polo emprego de medio millón de euros, ata outro tipo de obradoiros de emprego, e accións formativas.

Apostamos, tamén, polo equilibrio territorial, que nestes orzamentos de 2016 inverten a tendencia dos últimos anos nas que se focalizaba o investimento no centro urbano, nas que se esquecía outro tipo de áreas, nas que se esquecía o rural, unha mostra destes orzamentos é o que se destina a medio rural, o que se destina ás parroquias, o gasto neste ámbito se duplica pasa dun millón de euros a dous millóns de euros, a diferenza con anos anteriores, todos os fondos da Deputación o POS e o PAS se aplican integramente ás parroquias, o medio rural, con este esforzo orzamentario o que perseguimos é ampliar a dotación de servizos naquelas áreas, onde ou ben son inexistentes ou ben, son moi deficitarias. Acometendo dentro dos recursos dispoñibles aquelas actuacións máis urxentes, por exemplo, a recuperación de pavimentos en

Villestro, Eixo, Aríns, Busto ou Marantes; o abastecemento de auga en Sionlla de Abaixo, ou a primeira fase da obra de mellora do vial da Cañoteira en Marrozos.

Os orzamentos, o comentaba antes, prestan unha especial atención ao mantemento, ao mantemento urxente das nosas infraestruturas e viarios, destinando 1,1 millón de euros para este fin.

Os orzamentos de Santiago nos seus investimentos seguen tamén criterios sociais, e reflicten as demandas veciñais que fomos recibindo durante estes meses, exemplo disto son os seguintes investimentos: a remodelación do pavillón polideportivo do CEIP Apóstolo Santiago por 300.000 euros, a explotación do SUNP-37 e SUNP-38 para o enlace da orbital, e tamén para a estación intermodal, o aparcamento en superficie na Avda. de Ferrol no barrio de Conxo, demanda da veciñanza do barrio, e do tecido asociativo e comercial; a instalación e remodelación de parques de xogos en Meixonfrio, Pontepedriña, Galeras; a remodelación do parque de xogo de catro dos dezaseis CEIPs do Concello, do que é unha primeira anualidade dun plan bianual para a remodelación de todos os parques de xogo dos CEIPs do Concello de Santiago.

O incremento nas axudas á rehabilitación nos ARIS que teñen como obxectivo subvencionar actuacións nos inmobles para dotalos de accesos adecuados ás persoas con mobilidade reducida.

A remodelación das cubertas das instalacións deportivas, tan necesaria e esquecida.

O orzamento inclúe, tamén, varios proxectos vinculados á concesión de fondos europeos, a estratexia EDUSI que aprobamos en xaneiro neste pleno.

Plano para a instalación de ascensores en edificios de barrios máis desfavorecidos da cidade; obras de recuperación como é a do Patio de Madres e Castrón Douro, e acondicionamento das rutas na canle do río Sarela entre o Carme de Abaixo e o Sar.

Uns orzamentos, nos que ademais, o goberno municipal apostou por estender a participación cidadá do tecido asociativo de Compostela elaborando por primeira vez no Concello de Santiago un plan piloto de orzamentos participativos tamén, por primeira vez, un piloto que nos serviu como achegamento a esta forma de democracia participativa e que se continuará con el, apostando por uns orzamentos participativos, con máis orzamento para o ano 2017.

Para os primeiros meses deste ano, esta prevista iniciar esta proposta de orzamentos participativos para o 2016, dando continuidade aos cen mil euros en actividades xuvenís que escolleron os mozos e mozas da nosa cidade no orzamento de mocidade, e apostando por uns orzamentos participativos importantes para o ano 2017.

Trátase ademais dun documento orzamentario dialogado durante máis de dous meses cos grupos da oposición, con numerosas xuntanzas, con todos os grupos, e que recolleu neste proceso de diálogo vinte e cinco das corenta e cinco propostas feitas pola oposición, tanto do Partido Popular, do Partido Socialista e do Bloque.

Incremento de investimento para instalacións deportivas do Partido Socialista e do Partido Popular por 138 mil euros; inclusión dun investimento para a sinalización do rural un plan plurianual do Partido Socialista; proxecto para subvencións por gastos de habitabilidade do Partido Socialista; convenio de saúde bucodental do Partido Socialista; incremento de 170 mil euros en políticas de emprego do Partido Socialista e do BNG; incremento da partida de mantemento para un plan de acción de corrección de alugamentos do BNG; incremento da partida de normalización lingüística e de formación do persoal laboral do BNG.

E na comisión do pasado venres, na última oportunidade, incluimos tamén as emendas que nos presentou a oposición, todas aquelas que eran viables tecnicamente.

A emenda da depuradora do Souto do Partido Popular, e emendas de políticas de emprego do Partido Socialista.

En definitiva, esta proposta orzamentaria é o reflexo do grande esforzo que fixo o grupo de goberno, que fixo Compostela Aberta, por ter uns orzamentos inclusivos, uns orzamentos que incorporarán a maior parte das propostas da oposición dentro da pouca marxe de manobra que ten un orzamento municipal, e que levan a Compostela Aberta, pois a renunciar a algúns dos proxectos que considerabamos importantes para este 2016, pero é un orzamento inclusivo, inclusivo e reflexo das achegas de todos os grupos municipais.

En resumo, xa para rematar, presentamos este orzamento para 2016 dialogado, inclusivo, cunha primeira experiencia de democracia participativa, cunha clara aposta polo social, polo mantemento e polo investimento nas áreas máis sensibles da nosa cidade.

Máis nada.

Alcalde: Moitas gracias María Rozas, señor Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

O grupo municipal do BNG mantivo en todo o proceso previo a este pleno de debate dos orzamentos municipais de 2016, unha posición responsable, unha posición construtiva e coherente co defendido polo noso grupo en anos anteriores.

Mantivemos unha predisposición permanente ao diálogo, e a busca de acordos sobre aspectos que puidesen supor unha mellora na calidade de vida dos veciños e das veciñas de Santiago.

Dende un comezo, mostrámoslle ao grupo de goberno a nosa predisposición a non obstaculizar a aprobación dun novo orzamento para Compostela, sempre e cando cumprise cuns mínimos, facíámolo, seguímolo a facer por dúas razóns fundamentais:

Primeira, porque mentres non se aprobe un novo orzamento estará vixente o anterior orzamento do Partido Popular, e que dende o noso punto de vista e como xa temos denunciado no pasado non se axustaba, nin se axusta ás necesidades urxentes e prioritarias de Santiago.

En segundo lugar, porque canto máis se aprobe un novo orzamento, máis difícil será executalo, particularmente, no que ten que ver cos investimentos. O que nos pode levar unha vez máis, entre outras cousas, a ver obras que teñen que facerse no verán comezar en pleno inverno, o que supón en moitas ocasións sobre custos e atrasos que sempre por activa ou por pasiva remata pagando a veciñanza e o pequeno comercio.

No que dependa de nos, non vai pasar ningunha das dúas cousas, porque aínda que esteamos na oposición, non acreditamos niso, de que canto peor mellor, nos cremos que canto peor é peor, e o BNG para o que traballa é para conseguir o mellor para Compostela esteamos no goberno ou esteamos na oposición.

Agora ben, ese exercicio de responsabilidade do noso grupo, esa predisposición ao diálogo e a non obstaculizar a aprobación dun novo orzamento, non podía converterse, nin se vai converter nun cheque en branco.

Antes de entrar no fondo destas constas, gustaríanos facer, unha breve referencia ás formas, non, para o noso grupo dende logo neste caso non son algo menor.

Dende o BNG levabamos meses insistindo no atraso na aprobación das contas municipais e urxindo ao goberno municipal a realizar unha proposta o antes posible.

Non nos entraba na cabeza que entrando no goberno un 13 de xuño, a volta do verán non tiveramos un primeiro borrador de orzamentos municipais enriba da mesa, non só non foi así, senón que a pesar de que se laiaban de que o Partido Popular deixará a cero partidas como as referidas a desbroces, ou mantemento da rede viaria, vostedes, a pesar

de que lles quedarán cartos e cartos sen executar, iso xa o veremos cando presenten a liquidación de 2015, nin tan sequera xestionaron un modificativo de crédito para atender ás necesidades máis perentorias da cidade, o que nos levou, por exemplo, a un estado lamentable como non se recorda en Compostela de conservación das calzadas e das beirarrúas, é evidente que non se chega a ese estado en sete meses, por en, non é menos certo que neses sete primeiros meses tampouco se fixo practicamente para remedialo, cando existían, como dixen, mecanismos legais e económicos para poder facelo.

Dende o noso punto de vista, o lóxico, sensato o responsable o que permitiría cumprir cos prazos que marca a lei, e sobre todo, o que sería máis coherente para un grupo político que sería antitético ao Partido Popular sería ter aprobado as contas de 2016 antes do remate de 2015, e non ter que pasar nin un día máis do estritamente necesario, gobernando cuns orzamentos prorrogados do Partido Popular, non foi así, pasou setembro, pasou outubro, pasou novembro, pasou decembro, e tería que chegar o novo ano para que se comezase tan sequera a falar dos novos orzamentos.

A partir de aí, tal e como comentaba a concelleira, é innegable que o goberno estableceu un proceso de interlocución coa posición, moi mellorable dende a perspectiva da operatividade desas reunións, e da entrega de documentación básica, pero é indiscutible que se celebraron múltiples xuntanzas, iso non é que sexa positivo, que o é, e que é imprescindible, e condición necesaria aínda que non suficiente para un goberno en minoría que aspira a aprobar uns orzamentos aquí en Santiago ou en Kathmandú.

O problema non foi de falar, foi de consensuar, consensuar implica ceder en aspectos que para un son importantes, non só nos accesorios, para incorporar aspectos que para o outro interlocutor son esenciais, e é aí onde estas contas pois puideron ser manifestamente mellorables.

As contas que se someten á consideración, sendo mellores que as aprobadas en 2015, non son nin moito menos as que formularía o Bloque Nacionalista Galego.

Nos coincidimos co grupo de goberno, na necesidade de priorizar dentro do orzamento, todo o que ten que ver con políticas sociais, políticas activas de emprego e de igualdade, máis coidamos que se puido facer máis e mellor ao respecto.

É certo, que se aprobaron varias propostas, que se trasladaron por parte do BNG, e que ao noso entender contribuíron a mellorar parcialmente esta proposta.

Conseguimos, por exemplo, que se incrementase a partida dirixida a políticas activas de emprego con 170 mil euros a maiores. Unha contía moi inferior a que pretendíamos, pero en calquera caso, un cambio positivo promovido polo noso grupo nun dos aspectos

esenciais para nós, medidas que poden contribuír a crear máis e mellores postos de traballo en Compostela.

Conseguimos, que se consígnase unha partida que levamos anos reivindicando, para axudar a aquelas familias con menos recursos e con nenos e nenas en idade escolar, non abonda con axudas para o comedor, e nese sentido logramos que se incluíse a nosa proposta de bolsa escolar, que permitirá que existan axudas tamén para material escolar, para actividades extra escolares, ou de conciliación, e que estas non queden restrinxidas só as familias que as poidan pagar.

Conseguimos, un aumento das partidas dirixidas á normalización lingüística, chegando a que case se duplique, a partida de 38 mil euros orzados en 2015 pasando a 70 mil euros recollidos nesta proposta para actividades.

Cremos que é fundamental o traballo que se poida facer neste eido. Dende o noso grupo, entendemos, que a pesar de sentenzas, que intentan eliminar o galego da administración, como se ven de recoñecer a respecto da ordenanza do Concello de Lugo, o Concello de Santiago, debe seguir a ser referencial no ámbito da normalización lingüística para o conxunto do país, e para iso, son precisos recursos.

Conseguimos, que se consignará unha partida económica para realizar un estudo sobre medidas de seguridade viaria para motoristas, como primeiro paso para erradicar do noso concello auténticas trampas mortais como son os quitamedos tradicionais, motivo polo cal, o noso grupo xa trouxera unha proposición a este pleno que fora aprobada por unanimidade.

Conseguimos, que se incluíra unha partida orzamentaria sobre os puntos negros que existen na cidade en materia de asolagamentos, nun plan plurianual, para o que se consignarán 250 mil euros, e que permitirá buscar solucións para aqueles puntos nos que sempre que chove con algo de forza, por diferentes razóns, se producen asolagamentos en puntos como na Avenida de Lugo, a rotonda de Área Central, Clara Campoamor, Pelamios, ou moitos outros.

Aceptouse, aínda que non coa envergadura que nos propuñamos, a necesidade de establecer un plan plurianual de arranxos nos colexios públicos, cremos que queda curta a partida de 400 mil euros do contrato de mantemento con Espina y Delfín que xa viña do Partido Popular, e das dúas actuacións programadas e moi necesarias, por certo, para o 2016 que son o arranxo dos parques infantís dentro dos centros educativos públicos e o polideportivo do CEIP Apóstolo Santiago, dende o noso punto de vista non se trata só de realizar actuacións puntuais, senón que ten que existir un criterio global e un horizonte temporal plurianual. Un diagnóstico global da situación dos centros e en función deste unha priorización de actuacións e folla de ruta como mínimo a catro anos

das ramplas, baños adaptados, pingueiras, calefaccións, ventás, instalacións deportivas, etc., a realizar mediante un mantemento permanente dende o servizo municipal.

Conseguimos, que se incluíse unha mellora na partida de formación do persoal municipal, situándoa nuns niveis parellos aos anteriores á implementación do plan de axuste.

Fixémoslle saber, por parte do noso grupo, que ese aumento debía ir dirixido especificamente a formación vinculada á promoción interna, así como as actuacións de mellora da galeguización da administración municipal.

Conseguimos, que se incluíse unha partida, aínda que dende o noso punto de vista demasiado pequena para a realización do parque urbano das Hortas, como vimos demandando dende fai anos, e como trouxemos recentemente en forma de proposición a este pleno e aprobamos por unanimidade.

Aínda que non conseguimos unha partida específica no capítulo de investimentos, si que conseguimos un compromiso expreso por parte do grupo de goberno, a que a primeira actuación que se atenderá con cargo a remanentes, que tendo en conta a previsible baixa de execución do ano pasado pois non serán poucos, será para dedicar 350 mil euros a primeira fase do arranxo da Casa das Máquinas de Galeras, outra das nosas peticións, facéndonos eco da demanda veciñal e que tamén trouxemos a debate a este pleno.

Aínda que Compostela Aberta non aceptou inicialmente, a pesares de que foi unha petición dos tres grupos da oposición, a inclusión de ningunha partida orzamentaria referida a nova estación depuradora de augas residuais, finalmente, aínda que sexa tarde e dun xeito parcial, polo menos recóllese algo en forma de emenda do Partido Popular, aínda que tan só sexa un compromiso de non dispoñibilidade de crédito.

En calquera caso, non é moi bo agoiro para o futuro desta infraestrutura esencial para Santiago o seu tratamento neste orzamento, e o tratamento que está a ter por parte doutras administracións.

Polo tanto, é certo que se recolleron algunhas das nosas propostas, e é certo que a aceptación desas propostas e outras do Partido Popular e do Partido Socialista, melloran a proposta inicial do orzamento, máis existen unha serie de elementos que non nos permiten votar favorablemente, a estas contas.

Primeiro, con carácter xeral estes orzamentos poñen de manifesto algo moi importante, aumentan os gastos correntes, pero non soben os ingresos, todo o aforro vai para pagar a devolución do endebedamento.

Así a práctica totalidade dos capítulos que forman parte dos ingresos de natureza corrente, sofren unha diminución con respecto as consignacións iniciais do 2015, é dicir, ao igual que co Partido Popular a cidade vai empequenecendo na súa actividade pública.

En segundo lugar, o concello vólvese a endebedar máis, pero para menos investimento.

En terceiro lugar, o capítulo de investimentos dos últimos anos co Partido Popular, dende o noso punto de vista era mínimo, o de Compostela Aberta directamente é ridículo, só o 8,7% dos gastos son investimentos e transferencias de capital, tal e como tamén apunta, o informe de intervención.

Quero lembrar, que o investimento non é só cemento, son postos de traballo e actividade económica e ben empregado pode ser valor engadido e efecto multiplicador en termos económicos e tamén sociais.

En cuarto lugar, non nos gusta o tratamento que se fai das subvencións nominativas.

Compostela Aberta non só non reduciu as subvencións a dedo, senón que as aumentou, nos non imos facer demagogia neste punto, hai casos nos que nos parece que está plenamente xustificado, máis hai outros nos que entendemos que unha nova cultura política, non se pode basear na discrecionalidade senón en convocatorias públicas ben dotadas e ben difundidas e con criterios transparentes de concorrência competitiva, nese sentido, solicitamos un compromiso de redución serio das subvencións nominativas e ao único que se comprometeron é a reduci-lo nun 30% ao final do mandato, cousa que nos parece insuficiente.

En quinto lugar, existen obras en execución que están fora deste orzamento, isto si que me gustaría que concretamente mo explique a concelleira de facenda, senón é consciente diso, explícolle eu despois cales son, e se é consciente, que explicación ten que non estean dentro do orzamento.

En sexto lugar, en canto a persoal municipal, celebramos o feito de que o goberno municipal inclúa no orzamento as contías pactadas nos acordos colectivos, e cabe a vía da recuperación dos dereitos laborais que foron suprimidos polo goberno do PP.

Non entanto, botamos en falta un compromiso firme, no que atinxe a aplicación do réxime transitorio de carreira profesional nos termos recollidos no convenio.

Ademais, outro asunto que nos gustaría destacar a respecto do cadro de persoal, é o da taxa de reposición. A taxa de reposición formulouse de acordo co establecido pola Lei

de orzamentos o que implica a supresión de prazas do cadro de vacantes e servizos esenciais.

O que o BNG solicitaría do goberno é que non se amorticen esas prazas, pois a dificultade de volvelas a convocar despois é maior, e en caso de cambios da norma, estas poderíanse ofrecer na oferta pública de emprego.

En sétimo lugar, empregan artificios contables, que non nos convencen, como que por primeira vez dende que existe INCOLSA se lle faga parte da transferencia do Concello a través do capítulo VI de investimentos, vale para cadrar as contas, pero non é real.

No ámbito INCOLSA tampouco nos parece menor, o feito de que se manteña exactamente a mesma política que tiña o Partido Popular de financiamento das liñas de baixo custe e coa mesma opacidade incluída.

En oitavo lugar, parécenos preocupante, tamén, a referencia ao Plan especial onde na practica xa nos confirman que non se vai executar na súa totalidade o previsto para o 2016.

En noveno lugar, non recollen estas contas diferentes acordos que se tomaron no pleno. Nese sentido, detereime nunha única proposta, a dos novos aparcadoiros de xestión pública, a súa proposta de orzamentos recolle unha única actuación no ámbito dos aparcadoiros públicos, comentaba a concelleira, 102 mil euros para a realización dun aparcadoiro provisorio na parcela reservada para o SERGAS para construír o centro de saúde comprometido na Avda. de Ferrol, o grupo municipal do BNG apoia esa actuación sempre e cando non implique a renuncia do proxecto sanitario tan necesario para a cidade, por en entendemos que as solucións en materia de aparcamento en superficie deben ser unha prioridade deste mandato se se quere cambiar cara a unha maior humanización de determinadas zonas de Santiago, nese sentido, nos propuñamos, aínda que non se tivo en conta, incluír dotacións orzamentarias:

Primeiro, para o acondicionamento do aparcadoiro na inmediación do Conservatorio Profesional de Música e a rúa Altiboia que está aprobado en sesión plenaria en outubro de 2014, a proposta do BNG.

Un estudo para o aparcadoiro público do Campus Sur, o que nos comprometemos todos os grupos desta cámara en campaña electoral.

E, en terceiro lugar, un estudo de aparcadoiro nas inmediacións da Casa das Asociacións de Cornes.

E, por último e en décimo lugar, facía a concelleira referencia á participación, eu sinceramente creo que estes orzamentos son a antítese duns orzamentos participativos, se queren na réplica falaremos desa experiencia piloto, do seu custo e da súa utilidade práctica.

En calquera caso, houbo elementos, como pasar este orzamento, simplemente polos consellos de participación sectoriais, empezando polo Consello de Relacións Veciñais, que se puido facer que non tiña custo, e permitiría ter un contraste coas asociacións de veciños, con entidades sociais, culturais e económicas representativas da cidade.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Rubén Cela, señor Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Novamente boa tarde a todos e a todas, compañeiros e compañeiras da Corporación.

Hoxe chegamos a este pleno cunha sensación de decepción, decepción pola maneira en que Compostela Aberta expuxo un proceso que debía ser de negociación, de procura de consenso e de construción dunha alternativa progresista a forma de abordar os problemas desta cidade.

Unha oportunidade de contrastar programas progresistas. De poñer enriba da mesa un proxecto de cidade, e de avaliar conxuntamente programas de gasto.

Todo isto, tínase que iniciar en setembro de 2015, o inicio dunha negociación cos grupos progresistas tiña que estar baseado en avaliar conxuntamente, en buscar espazos de consenso, non só para o orzamento de 2016, senón para o marco plurianual orzamentario, que por certo, reclamamos sistematicamente a Compostela Aberta, e que chegamos a este pleno e aínda non o temos.

E, lémbrolles que mesmo intervención, no seu informe, páxina 4, indica que non se está cumprindo a normativa a non constar o plan cuatrienal de investimentos.

Pois ben, renunciando a esta posibilidade dun acordo máis amplo cos grupos progresistas, Compostela Aberta presenta o seu primeiro anteproxecto de orzamentos a mediados de xaneiro de 2016 aos sete meses da súa toma de posesión como goberno desta cidade, ten que recoñecer Compostela Aberta que o único grupo que comprendeu e respectou que estabamos ante os primeiros orzamentos dun novo goberno, e que en ningún momento lles impuxo celeridade para presentar o seu anteproxecto, foi o grupo municipal Socialista, poden comprobalo cunha rápida revisión da hemeroteca.

Fomos responsables señor alcalde.

E, a partir deste momento, comezou un proceso de posta en escena dunha suposta negociación que non pretendía a procura de espazos de consenso, senón asegurarse a aprobación íntegra, ou no mellor dos casos, con algunha leve matización dos orzamentos de Compostela Aberta.

E digo, que non había menor pretensión de procura de consenso, porque cando o grupo socialista demandou dende o primeiro momento documentación xustificativa da proposta de orzamentos de Compostela Aberta, lonxe de entregar esa documentación que non tivemos ata a convocatoria da Comisión de Facenda da semana pasada, tanto a señora concelleira de facendo como o señor alcalde, acusáronnos publicamente de querer perder tempo, e dilatar artificialmente a aprobación do orzamento de 2016.

Quen tarda sete meses en presentar o seu anteproxecto, acusa aos demais de dilatar o proceso, pois non señor alcalde, non é unha cuestión de máis tempo, é unha cuestión de máis documentos, de máis información, de máis transparencia.

Esa maior transparencia que Compostela Aberta levaba no seu programa electoral e que de momento tanto lles está custando cumprir.

E, francamente, señor alcalde, a súa proposta de orzamentos tamén nos decepcionou, non eran, non son dende logo, nin orzamentos con enfoque de xénero, nin orzamentos participativos, un orzamento no que a participación é o 0,09% do orzamento, iso non é participativo.

E, dende logo, non son os mellores orzamentos para Santiago neste momento.

Certo que incorporan un plan de emprego, que aprobaron unilateralmente, sen pedir opinión a este grupo municipal, non sei aos outros, e sen traelo ao pleno para a súa aprobación, pero é un plan de emprego, e nisto si contrastan co Partido Popular que non queren políticas activas de emprego como dixeron publicamente neste pleno. E si que hai, unha certa mellora en canto ao orzamento do Partido Popular en gasto social, faltaría máis, pero a xuízo do grupo municipal socialista é moi mellorable, por iso presentamos trinta e unha propostas para enriquecer o seu anteproxecto de orzamentos, trinta e unha propostas que afectaban a doce áreas de goberno desta cidade, e de modo particular, propostas que afectaban ao gasto social e ao emprego.

E nun alarde de procura de consenso e de capacidade de querer integrar as achegas do noso grupo, Compostela Aberta, incluíu dúas desas propostas, de trinta e unha incorporou dúas. Grande esforzo por parte de Compostela Aberta, que exemplo de

integración e de interese por enriquecer os seus orzamentos e convertelos nos orzamentos da Corporación, nos orzamentos da cidade, pois se quedaron nos orzamentos de Compostela Aberta, porque o proceso que Compostela Aberta chama de negociación saldouse coa proba de falta de criterio, falta de coherencia e falta de vontade política para un consenso por parte da propia Compostela Aberta.

Un exemplo, o Partido Socialista propuxo un incremento de case un millón de euros en gasto social, e de setecentos cincuenta mil euros en fomento de emprego, aprobaron douscentos dez mil euros, a resposta claramente foi non, pero curiosamente, descualificaron e rexeitaron de maneira particular, dúas propostas de fomento de emprego, baseadas na concesión de micro créditos e avais de micro créditos para fomentar a creación de empresas de ámbito social vinculadas ao auto emprego en dúas partidas de trescentos mil euros cada unha, dicindo que a contía non era suficiente para que o programa fose efectivo, e que a lei de racionalización da administración local impedía ao concello exercer novas competencias, é curioso, porque estas propostas que están no noso programa electoral tamén forman parte do plan de emprego de Compostela Aberta, páxinas 93 e 95, coas mesmas contías, non se preocupe que lle faremos entrega do mesmo.

Sinceiramente ou Compostela Aberta non coñece o seu propio plan de emprego, ou os intereses de Compostela Aberta non eran buscar o consenso, ou nin sequera o apoio aos seus orzamentos, quizás nos intereses de Compostela Aberta lonxe de pensar na cidade, pensaban máis na conveniencia para os seus obxectivos políticos de levar a cabo a moción de confianza tantas veces suxerida como ameaza reiterativa, quen sabe senón era unha ameaza, senón un desexo.

Para rematar, co esperpento, tras presentalas novamente e esta vez como emendas por parte do Partido Socialista cunha contía coincidente co que Compostela Aberta contemplaba no seu plan de emprego como achega propia, Compostela Aberta acepta as emendas que previamente rexeitara, que exemplo de coherencia.

Cando dicimos que o proxecto de orzamentos é moi mellorable, dicímolo coa certeza que da a análise dos mesmos, tanto en ingresos como en gastos, imos ver os ingresos.

Todos os capítulos de ingresos baixan coa excepción do capítulo I de impostos directos, o que desmente a afirmación de Compostela Aberta referida ao estrangulamento de ingresos para financiar o gasto social, como resultado da aprobación das ordenanzas fiscais.

En concreto, o IBI urbano, si que descende seiscentos mil euros, que son o resultado de aplicar a sentenza do Tribunal Supremo, a subseguinte reforma da lei do catastro referida a que os chans urbanizables, deben cotizar como rústicos e non como urbanos.

No referente ao capítulo III, non se aproveitan as posibilidades que dan as taxas para incrementar os ingresos materializados no incremento e mellora da xestión de taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público municipal, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, e polo tanto, para redistribuír de verdade a carga fiscal, como xa indiquei na miña intervención sobre o PEF.

No capítulo III, o único que se incrementa son as multas e sancións, catrocentos mil euros.

No capítulo IV de ingresos, subvencións e achegas doutras administracións, hai unha redución do 51%, case o 52% con respecto ao 2015, a pregunta obvia é se esta diminución non se debe a dificultades nas relacións con outras administracións.

Os ingresos por subvencións externas vanse reducindo e iso que Compostela Aberta as infla neste orzamento co EDUSI, que non está aprobado.

Os orzamentos de Santiago cada vez parécense menos aos dunha capital.

No capítulo V de ingresos patrimoniais, báixanse un 46% con respecto ao ano pasado.

Os gobernos socialistas capitalizaron este concello, pero Compostela Aberta amosa neste orzamento que non sabe rendabilizalo.

No referente aos gastos, destaca como xa indiquei, unha mellora no gasto social con respecto aos orzamentos do Partido Popular, sería o colmo que non fose así, pero hai que dicir que grazas ao gasto da Deputación, presidida por un socialista, en transferencias por asistencia domiciliaria, e tamén, é certo que existe un plan de emprego coa súa consignación orzamentaria.

Non podemos esquecer, que hai unha baixada nos gastos de promoción turística, nunha cidade na que o sector turístico de hostalería supoñen o 20% do seu PIB.

Unha diminución nas partidas de promoción económica, un 43% menos que no orzamento progresista de 2010; unha baixada no orzamento da promoción do comercio de Santiago case o 82% en comparación co citado orzamento progresista de 2010.

Tamén hai que destacar como non, un incremento de máis do 13% das subvencións nominativa, é dicir, das dixitais, é o incumprimento legal como indica o informe de intervención na súa páxina 18, onde establece a necesidade de incluír nas bases de execución a finalidade das asignacións nominativas, é preciso que o Concello de

Santiago aprobe un plan estratéxico de subvencións en cumprimento da normativa vixente, pero o que é evidente, é que para este orzamento con Compostela Aberta non vai ser.

No referente aos gastos de investimento, capítulo VI, diminúen con respecto ao orzamento de 2015, e diminúen un 60% respecto aos orzamentos de progreso de 2010, se comparamos non só os investimentos, senón tamén as transferencias de capital, a diferenza co presupostado o ano pasado é unha diminución de case o 30%, ademais dos 8,8 millóns de investimentos, 3 millóns os do EDUSI, non están garantidos, e o 63% dos investimentos restantes, dependen dun crédito que non se pedirá ata finais de ano, e polo tanto, a día de hoxe, tampouco están garantidos.

Preséntanos un orzamento que a estas datas de aprobación ou de rexeitamento destes orzamentos, só o 2,6% dos investimentos para a cidade están garantidos. Importaríalles explicarnos cal é o significado de pintar os orzamentos para vostedes, importaríalles explicarnos por qué ata cinco aplicacións de crédito, de gastos de investimento consignados para financiar con recursos propios non aparecen reflectidas as consignacións do seu financiamento nos créditos iniciais deste proxecto de orzamentos, ao ter gastos comprometidos pero non incluídos neste orzamento.

A conclusión é obvia, que este proxecto que nos presentan para a súa aprobación está desequilibrado, e isto último, lévanos as consideracións sobre a débeda, coa intención de non reflectir os intereses para pagar polo crédito de 5,5 millóns de euros, din que van pedir o préstamo a finais de ano, xusto o mesmo que fixo o Partido Popular, presentan vostedes a mesma filosofía de artificio contable que o Partido Popular, quen o diría, Compostela Aberta, discípulo avantaxado das prácticas contables orzamentarias do Partido Popular.

A nós non nos preocupa que Compostela Aberta se endebede, coa condición de que respecte os límites legais, o que nos preocupa é que se poida pagar dita débeda, e segundo os datos que vostedes mesmos expresan no seu proxecto de orzamentos, o aforro que é o que ten que facer fronte á amortización dos créditos non é dabondo, non é suficiente.

Compostela Aberta preséntanos un aforro por operacións correntes de 9,5 millóns de euros, e a amortización anual dos créditos para pagar é de 11,5 millóns de euros, simplemente non chega, queren explicarnos cómo pensan pagar?, subindo os impostos?.

No referente aos recursos humanos, e ao cadro de persoal, gustárame dicir, que este cadro de persoal pon de manifesto as prioridades políticas deste goberno, e nos confirma

o que vimos repetindo en numerosas ocasións durante os últimos meses, as súas políticas cada vez se parecen máis aos do Partido Popular.

No ano 2012, o Partido Popular, trouxo a este pleno unha proposta de integración do persoal de EMUVISA en persoal municipal, a todo o persoal agás a unha persoa, que como vostedes saben, se atopaba en servizos especiais por ocupar un cargo público no Concello de Ourense, unha persecución política que o xulgado solucionou cunha sentenza xusta.

Hoxe Compostela Aberta, trae a este pleno un cadro de persoal idéntico ao aprobado en 2010, pero con dúas diferenzas, coartar o dereito de promoción interna a dúas persoas vinculadas a dous partidos políticos, non intenten xustificalo cunha reestruturación, isto é unha decisión política, unha decisión equivocada como foi a no seu momento adoptada polo Partido Popular.

Hoxe lles pedimos que reconsideren esta situación inxusta.

Amosa tamén o cadro de persoal, falta de coherencia, por unha banda falan de remunicipalizar servizos, e por outra, se decide a amortización de prazas que conleva a subcontratación dos mesmos.

Amortización de prazas da Brigada de vías e obras, amortización de prazas de limpadoras, amortización de praza de conserxe en pavillón deportivo.

Seis prazas de administrativos por oposición libre, fronte a soamente dúas prazas de policía local.

Este criterio confirma claramente, o que xa coñeciamos todos, que a seguridade cidadá non é unha prioridade para este goberno. Cantos policía locais se xubilaron nestes últimos cinco anos?, non menos de vinte e cinco xubilacións, con esta decisión hipotecan vostedes o futuro e a seguridade desta cidade.

Saben vostedes que na actualidade os auxiliares administrativos están realizando funcións de administrativos, se vostedes crean seis prazas de administrativo por oposición libre, espero nos confirmen neste pleno o compromiso para este mandato de reconverter todas as prazas de auxiliares en administrativos neste concello.

Efectivamente como quedou demostrado, estes orzamentos son mellorables.

Compostela Aberta pídenos responsabilidade, o certo é que Compostela Aberta leva nove meses de goberno nesta cidade, poñendo escusas e facéndose a vítima porque non lle deixan gobernar.

Esconden a súa falta de xestión, baixo a cortina de fume de que non poden traballar cos seus propios orzamentos, que os seus incumprimentos de programa débense a que non lles deixamos cumprilos, e pídennos que lles permitamos aprobar os seus orzamentos, que son estes, que non se teñen desnaturalizado por ningún grupo da oposición.

Pídenos responsabilidade unha vez máis, baseando a petición como sempre, nun acto de fe.

Lembre señor alcalde que o que nos pide hoxe é responsabilidade, non corresponsabilidade, fomos responsables e respectuosos dende o 13 de xuño de 2015 na súa investidura, non imos ser corresponsables.

Son os seus orzamentos, señor alcalde, o resultado da súa xestión e a responsabilidade da xestión dos orzamentos vai ser exclusivamente súa.

O Partido Socialista leu moi ben os resultados electorais de maio de 2015, nos non somos goberno, somos oposición, e a nosa responsabilidade é fiscalizar, fiscalizar a súa xestión do seu orzamento, e teñan por seguro todos que cumprimos coa nosa responsabilidade.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Paco Reyes, señor Agustín Hernández.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Moitas grazas señor alcalde, boas tardes a todos e todas.

Celebramos este pleno como sinalou o portavoz do grupo socialista cun chamamento do grupo de goberno, que lembro que está en minoría, á responsabilidade, un chamamento do alcalde á responsabilidade, esta ben facer chamamentos, pero para pedir algo, previamente é imprescindible ter unha actitude exemplarizante, hai que predicar co exemplo, e señor alcalde a súa actitude dende o minuto un do mandato foi de todo menos responsable.

Unha actitude responsable e coherente tería significado dedicar tempo e tamén esforzos a artellar unha maioría e un programa dos que carece actualmente a cidade.

Vostede é responsable de que os orzamentos cheguen tarde, e cheguen mal.

En definitiva, alguén que amosou irresponsabilidade, non pode, nin está lexitimado, para pedir ao resto a responsabilidade que non foi quen de acadar.

Se os orzamentos son a expresión contable das previsións e da vontade de acción dun goberno, non cabe dúbida de que estes orzamentos son unha proba francamente elocuente.

Unha proba do que non hai que facer.

Son uns orzamentos, que non se elaboraron, nin se van aprobar en tempo e forma, foi a oposición a que tivo que andar detrás do orzamento, demandando o documento e as reunións para a súa negociación.

Este goberno despreocupouse durante meses e logo tivo que andar ás presas, como en tantas cousas nestes oito meses; estratexia EDUSI, comedores escolares, etc., etc.

Demoraron a información, a entrega de documentación fundamental, para poder valorar o documento no seu conxunto.

Foron achegando a documentación a medida en que ían facendo, de forma improvisada para responder ás demandas dos grupos.

Así os orzamentos chegan tarde a este pleno, e chegan sen o necesario acordo para que poidan ser aprobados, só contan nestes momentos co apoio da maioría gobernante.

O noso grupo, como xa temos adiantado, non vai apoiar uns orzamentos que entendemos que non responden ás prioridades que debe adoptar a acción dun goberno realista e eficaz.

Só presentamos unha emenda, é certo, unha emenda que consideramos ineludible e inaprazable, pero a nosa desconformidade co orzamento, faría máis sinxelo elaborar un novo orzamento, que redactar as emendas que consideramos precisas, porque son moitos os aspectos que non compartimos, por citar algúns:

Ingresos por subvencións, hai un descenso moi significativo dos ingresos por vía das subvencións, procedentes doutras institucións para gastos correntes, capítulo IV, menos 7%, e sobre de todo para investimentos capítulo VI, menos 52%.

O descenso dos ingresos por subvencións do capítulo VII sobre a media do 2011-2015, é do 11%.

No capítulo IV descenden eses ingresos un 6% sobre a media dos anos 2014-2015, un descenso que reflicte o nulo traballo do goberno nestes meses na procura dunha mellora das vías de financiamento con outras administracións.

Estes dous capítulos baixan 5,7 millóns de euros, unha cantidade maior que o crédito que van pedir, que está cifrado en 5,3 millóns de euros, e aínda por riba deste descenso non recollen nos orzamentos os 3,5 millóns de euros para renovar a flota de autobuses que debería adiantar inicialmente a concesionaria.

Neste apartado de subvencións, tamén é significativo que se recollan 1,3 millóns de euros como ingresos para investimentos pola estratexia de desenvolvemento urbano e sostible, cando non hai nada concedido, oxalá teñamos eses cartos, pero só se acordou no pleno pedir a subvención.

A pesares que se dixo que se ían reducir os ingresos, e refírome aos ingresos por impostos, ao rexeitar este pleno a suba proposta por Compostela Aberta, o IBI, o IAE, e o imposto de vehículos sobe un 0,42%, 169 mil euros.

Ademais, segundo o Plan económico financeiro, a previsión dos ingresos correntes incrementábase con respecto aos anos anteriores, e os ingresos financeiros igual.

Nós non estamos con este modelo de cargar o peto do cidadán, o que hai que intensificar é a loita contra a fraude fiscal para evitar estas subas.

Continuar, en definitiva, coa política levada a cabo estes últimos catro anos, que permitiu incrementar a eficacia recadatoria do Concello entre 2009 e o 2014 que pasou do 79% ao 89% durante o mandato do Partido Popular.

Unha política, por certo, tamén combinada con dúas rebaixas fiscais de calado durante o pasado mandato, que fixo posible que Santiago teña unha fiscalidade por debaixo da media.

Voume referir a discrecionalidade das subvencións nominativas, cuestión que nos consideramos importantísima.

O Concello de Santiago segue sen dispoñer de ningún documento que eu saiba que recolla a planificación das subvencións nominativas e a concesión en réxime de concorrència competitiva tal e como marca a lexislación.

Podería facilitar a todos os membros desta corporación os continuos informes da intervención da Deputación da Coruña que acreditan que as subvencións nominativas incumpren a lei de subvencións, e por certo, na Deputación da Coruña todas as subvencións nominativas son aprobadas co levantamento do reparo polo Pleno da Deputación, e polo tanto, creo que ese é un camiño que deberíamos comezar no Concello de Santiago de Compostela.

Este grupo municipal é consciente de que a inclusión de subvencións nominativas nas bases de execución, é froito dun proceder histórico, que nos tamén utilizamos, non obstante cremos que se debería iniciar un proceso cara a transparencia e garantir maior consenso e en definitiva, conseguir maior eficiencia na xestión dos recursos públicos, por iso, fixemos unha proposta que foi rexeitada polo goberno para eliminalas progresivamente e substituílas por sistemas de concorrència competitiva, agás en casos excepcionais, foi rexeitada dende o momento no que sobe o importe das nominativas nun 13,3%, e tamén o seu número en 20 máis.

O goberno non ten vontade de mudar o proceder, no momento en que recolle novas subvencións con criterios cando menos opinables, Colexio de Psicoloxía, Oficina de Igualdade da USC, ou Seminario Galego de Educación pola Paz.

Gasto social, cuestión da que vostedes fan bandeira.

Partindo de que o gasto social non debe concibirse dunha forma meramente asistencialista, estamos de acordo, e que é preciso empregalo con rigor e orientalo a unha plena integración das persoas, non podemos esquecer, que o alcalde, comprometeuse o pasado ano, a duplicar o gasto social no concello no orzamento de 2016, e hai hemeroteca, o propio orzamento indica que o incremento foi do 23,5% non chega nin a cuarta do prometido polo alcalde.

Duplicar o gasto de 2015, 71,5 euros/persoa, segundo os propios datos que ofrece a memoria de orzamentos de 2016, suporía superar os 140 euros/habitante.

No pasado mandato houbo un decidido impulso das políticas sociais, con constantes incrementos anuais.

Dende o ano 2013, houbo un incremento do 74%, o que equivale a un aumento duns 30 euros/habitante ano en tres anos, de 43 euros do ano 2011 orzamento último do goberno de progreso, pasouse a 71,5 euros en 2015.

O orzamento para o 2016 cifra en 88 euros/habitante e ano o gasto social, dicindo que sitúa a Santiago de Compostela por vez primeira por riba da media dos concellos galegos e estatais neste ámbito, iso é falso, as estimacións que se manexan acredita que a media do gasto social nos concellos galegos é de 100 euros/habitante, e como é sabido, existen moitos concellos que superan amplamente esta medida.

Compre lembrar, para finalizar este apartado, que o alcalde, ao igual creo que o candidato naquel momento Paco Reyes, ao parecer asinaron no 2015 un compromiso

coa Rede Galega de loita contra a pobreza, así consta na páxina web desta ONG, no que se recollía:

Primeiro ao final de 2016, reducir polo menos nun 15% o total das persoas que neste concello se atopan en situación ou risco de pobreza ou exclusión, apostando pola inclusión activa, e dedicando a partida de actuacións de protección e promoción social dun mínimo de 110 euros/habitante e ano. Media de concellos e deputacións galegas no ano 2013, lembro que o concello, dedica 88 euros/habitante ano, ese era o primeiro punto do compromiso do Alcalde.

O segundo punto é se ao final de 2016, non se tivesen acadado as dúas metas anteriores presentarei a miña dimisión, sería o segundo incumprimento de dimisión, faltando a un compromiso asinado, o anterior lembro señor alcalde, que foi cando se comprometeu vostede a deixar o cargo de alcalde se abandonaba o BNG.

Refirome ao endebedamento, medra o nivel de endebedamento, en 2016 cun crédito de 5,3 millóns de euros, fronte ao acontecido no ano 2015.

Voume referir a algunhas partidas, para demostrar que este non é o orzamento que a cidade necesita.

Turismo, redución do 38% nas actividades de comercio, turismo e desenvolvemento económicos, en termos globais a achega do Concello a Incolsa baixa algo máis dun 5%, 5,12%.

Atención cidadá, o descenso nesta área, é sorprendente menos 26%.

Orzamentos participativos, a verdade é que a experiencia piloto do ano pasado deste goberno de finais de 2015, que segundo dicían era o primeiro chanzo, a verdade é que é desalentadora por non dicir surrealista, 100 mil euros, o 0,1% do Concello, 16 mil euros, dun contrato a unha empresa externa, e unha participación cifrada polo goberno en 130 participantes.

Con carácter xeral como dixen estamos ante un orzamento pouco ambicioso, pero especialmente sorprenden as carencias que amosan no ámbito cultural, do que tanta bandeira fan vostedes, ou o esquecemento do deporte, tanto no ámbito das instalacións, lixeiramente mellorado pola aceptación da nosa proposta, como no ámbito da práctica cotiá e organizativa dos diferentes eventos.

Qué acontece cos equipamentos?, onde está o compromiso co Auditorio de Galicia?, onde nos deixamos enriba da mesa un proxecto de mínimos para arranxar este

equipamento; ou os centros socioculturais onde tamén baixan as partidas para mantemento e reparación.

O investimento produtivo, é unha das diminucións máis acusadas o 44% de diminución, son 6,6 millóns de euros, dos que o 21%, 1,4 millóns de euros, son previsións ligadas a estratexia de desenvolvemento urbano e sostible onde non sabemos se ao final contaremos con esas partidas, ou non contaremos con elas.

Mobilidade e seguridade, redución do 7%, destaca o 39% de redución en protección civil, que reflicte un escaso recoñecemento cando non un menosprezo para o traballo altruísta que desenvolven estes voluntarios que traballan continuamente para resolver os problemas da cidade.

Voume referir polo miúdo, á publicidade e propaganda, unha das falsidades do goberno, o gasto é moi similar ao do ano anterior, se temos en conta a cantidade dispoñible na bolsa de vinculación, se sumamos o dedicado a publicidade e propaganda con prensa e revistas e con gastos en correo a diferenza é tan só de 39 mil euros, sobre un total de 636.000 euros, estou falando da bolsa de vinculación, mesmo incrementan ás aplicacións de locomoción e dietas para persoal non directivo por riba das previsións do ano anterior.

Vou rematando e falando dunha cuestión que nos sinceramente preferiríamos deixar á marxe do debate orzamentario, estamos a falar das cuestións de persoal, pero tamén temos que denunciar, que neste orzamento se suprimen dezanove prazas vacantes do cadro de persoal, unha medida incongruente cunha política sería que debería apostar polo emprego público e de calidade, ademais, consideramos que esas prazas dificilmente se poderán volver a cubrir.

En definitiva, non son estes os orzamentos que o noso grupo faría, non son, na nosa opinión, os orzamentos que necesita a cidade, non son os orzamentos que necesita Santiago de Compostela, porque para nós, e despois dunha análise a fondo dos mesmos, incrementan a débeda, reducen as achegas para servizos públicos esenciais, incrementan ás subvencións dixitais, ás subvencións a dedo, e desatenden aspectos primordiais, como investimento produtivo ou a actividade económica, pezas claves na xeración do emprego e na integración social e económica da cidadanía.

Por iso nós, consideramos, que non son uns orzamentos que teñan acadado os obxectivos para que nos puideramos apoiar os mesmos.

Moitas grazas e máis nada.

Alcalde: Moitas grazas señor Agustín Hernández, abrimos logo a segunda quenda que é de cinco minutos.

Dona María Rozas Pérez: Vou por partes, porque non sei se me chegaran os cinco minutos.

Non deixa de ser curioso que aqueles que aprobaron unha redución de ingresos nesta Corporación do Concello de Santiago, agora veñan aquí a este pleno a queixarse, pois dos poucos gastos que hai, ... queixarse de que nos vexamos obrigados a pedir un préstamo, señores e señoras sexan coherentes, sexan coherentes, iso é ao que nos levaron vostedes, aprobaron unha redución de ingresos, aprobaron unha redución de ingresos no Concello de Santiago, que por suposto ten que ter un reflexo nos orzamentos, non nos inventamos os ingresos, que xa sei que é algo que neste concello en moitas ocasións foi algo habitual, pero non é o caso de Compostela Aberta, porque en todo momento dixemos que facíamos uns orzamentos realistas, tanto no gasto como no ingreso, de feito no informe de intervención di que son uns ingresos prudentes, non deixa de ser curioso que agora veñan e se preocupen polo aforro, que se preocupen porque non hai ingresos suficientes para os gastos, bueno, o mesmo informe de intervención que di isto no orzamento de 2016, a mesma expresión a mesma recomendación estaba no informe do expediente das ordenanzas fiscais que vostedes viñeron aquí a este pleno e ignoraron o que recomendara, decidiron baixar os ingresos, decidiron baixar os ingresos que teñen un reflexo nos orzamentos, o din os informes técnicos.

É curioso, tamén, que se queixen da baixada de ingresos en transferencias, a baixada de ingresos da participación dos tributos do estado, é algo público, o Estado llos baixou a todos os concellos.

É curioso, tamén, sobre todo tendo en conta o caso particular do Concello de Santiago onde se presupostaban dous millóns e medio dende o ano 2014 inventados, que non existían.

Non sei, quero dicir, estes ingresos son prudentes e son realistas, e sobre de todo son os que hai, son os que vostedes nos deixaron, e fixemos con eles o que mellor puidemos, fixemos con eles unha proposta nas que quedaron claras as nosas liñas prioritarias, que é o gasto social.

Está claro que o que son uns orzamentos de progreso depende do criterio de cada un, eu os orzamentos de progreso, Compostela Aberta uns orzamentos de progreso considera a aqueles que apostan polo gasto social, polo investimento social que sen dubida debería ser maior se tiveramos máis ingresos, pero o que é evidente é que é maior que o que tiña

o Partido Popular o ano pasado e é maior do que tiña o Partido Socialista no seu último mandato, moito maior, 114% máis.

Estes orzamentos non se presentan en tempo, máis recordemos, pois non é secundario que o 20 de decembro houbo unhas eleccións e iso condicionaba calquera tipo de negociación dos orzamentos.

Tamén recordemos e fagamos unha análise de cómo están os orzamentos en diferentes cidades de Galicia, e non só de Galicia, senón do Estado Español, qué gobernos?, qué concellos? Os teñen aprobados hoxe en Galicia das grandes cidades, da igual a cor, da igual que sexa unha marea, da igual que sexa Compostela Aberta, o Partido Socialista ou o Partido Popular.

Bueno, se me vai rematando o tempo.

Simplemente hai cousas que me parecen que realmente hai que destacar, é curioso, que se nos acuse de incapacidade de ceder, cando ao mesmo tempo se está asumindo esa cesión, esa cesión que fixo Compostela Aberta, ese esforzo, é curioso que nos acusen de incapacidade de ceder, de asumir propostas e achegas, cando as asumimos, e cando despois non se veu un reflexo na Comisión de Facenda, se non se asumiron as achegas porque non se presentaron nesa comisión de facenda.

É curioso que se nos acuse de non facer unha promoción interna para todos e todas, cando é a promoción interna das máis ambiciosas que tivo este Concello de Santiago con 112 prazas, con trescentos mil euros, cando ademais non é unha promoción interna con nomes e apelidos, é unha promoción interna na que se ten en conta a situación dos auxiliares administrativos deste concello e se propón 18 prazas das de 37 de auxiliares administrativos para promocionar, 18 prazas, a primeira vez tamén no Concello de Santiago, estamos vendo demasiadas primeiras dúas veces.

Bótase en falta, segundo a oposición un plan cuatrienal para o orzamento de Santiago, debe ser que o Partido Socialista e o Partido Popular o presentaron algunha vez neste concello.

Bótase en falta, ou criticase esa taxa de reposición, que non nos equivoquemos, non é algo de Compostela Aberta, é unha lei que nos obriga a unha reposición que é a que establece esta lei, ... e que fixo noutras ocasións o Bloque Nacionalista Galego no Concello de Pontevedra.

Remato, é curioso que se pida a Compostela Aberta que faga o que non fixeron outros gobernos, pero si que facemos, e sobre todo establecemos un incremento en políticas sociais, importante; establecemos as necesidades ... neste orzamento de 2016, que dende

logo, na miña conclusión, si que é un orzamento de progreso, porque é o orzamento que necesita a nosa cidade.

Máis nada.

Alcalde: Moitas grazas María, señor Rubén Cela a súa segunda quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Eu moi brevemente e comezando xa polo final preguntaba señora Rozas que facía o goberno do Bloque Nacionalista Galego na cidade de Pontevedra, entre outras cousas, aprobar o orzamento fai bastantes meses, polo tanto, o da cor, algo si que debe pesar.

Dicía vostede que non entendía cómo se podía facer críticas as cesións, cando se falaba de incorporacións, e que ademais, non podía entender que a parte despois non tiveron reflexo na fase de alegacións das comisións.

Mire, nos intentamos ser serios, e eu creo que hai que ser serios, rigorosos, honestos, e coas cousas medianamente claras, despois a política evidentemente relate corto, pero creo que hai que ser serios.

Entón, aquí houbo un proceso de diálogo político, antes de ter prefixadas ningunhas partidas, sobre cal eran as prioridades de cada grupo, e ese foi o ámbito onde o Bloque Nacionalista Galego trasladou un documento cunha batería de propostas concretas, e ese é o ámbito onde nos demos cita para debater de política e de prioridades políticas.

Eu o que non vou facer despois diso, despois diso, ir a unha comisión a alegar cuns capítulos xa pechados, proceso para debater houbo, lexitimamente o goberno decidiu aceptar unhas cousas, lexitimamente decidiu rexeitar outras, e nos lexitimamente faremos o que estimemos oportuno.

Eu trasladeille ao alcalde dende o principio, e creo que na Comisión quedou patente, que nos non iamos obstaculizar a aprobación deste orzamento, e non o faremos, e non faremos, e creo que con clareza, e dende logo creo que o proceso para facer propostas, para facer cambios nas prioridades políticas do orzamento houbo un período e nos as fixemos, e creo que ese era o momento.

En calquera caso, eu o que creo que é importante, é que hoxe se aprrobe polo menos inicialmente este orzamento, porque entre outras cousas, iso implica que ata a finais de abril non vai entrar en vigor, o que quere dicir, que xa pasou, pois unha terceira parte deste ano, e digo porque é moi importante executalo, e esa é a cuestión fundamental.

Eu creo que a partir de agora non hai excusas, o goberno ten o seu propio orzamento, e o que hai que facer é executar, porque eu quero dicirlles unha cousa, o Partido Popular os últimos anos, no último ano en concreto melloraran algo, pero dende logo, os tres anteriores foron un auténtico desastre, e o grao de execución, por exemplo, do capítulo de investimentos, pois estamos falando todos os anos entre o 20 e o 25%, é dicir, de cada 100 que tiña este goberno para facer investimentos en obras, equipamentos, que podían crear postos de traballo e dinamizar a economía quedaban 80 sen executar, e por certo, iso non é aforrar, nin é contención de gasto, iso é incapacidade, que son cousas bastante diferentes.

En calquera caso, é grave deixar unha obra sen executar, pero sería moitísimo máis grave, partidas dedicadas a políticas activas de emprego, políticas sociais, que queden sen executar.

Polo tanto, eu o que creo, e que é importante que Santiago teña un orzamento canto antes, que sexa un orzamento mellor, e eu subscribo que este é un orzamento mellor que o que había en 2015, e que haxa un goberno que execute, e a final de ano, pois falaremos. E eu creo que iso é, como se deben rexer as cousas.

Por último e por desdramatizar a estas horas un pouco, comentaba antes o señor portavoz do Partido Socialista que Compostela Aberta xa copiaba moito do Partido Popular, se me permiten a modo de brincadeira, hai un ano a estas alturas aproximadamente, eu dicíalle ao grupo de goberno, que mire que eu non son un virtuoso precisamente da ortografía, pero que nas fases de execución estaba contemplado o premio da novela “Blanco Amor”, novela con “b”, que por favor o corrixiran, mire por onde, este anos volvemos a ter as bases de execución co premio novela “Blanco Amor” con “b”, entón por favor corrixilo.

Alcalde: Moitas grazas señor Cela, señor Paco Reyes segunda quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Moitas grazas señor alcalde.

Mire, cando insisten vostedes no tema da participación, soamente unha pregunta a parte do 0,09% da contía de todo o orzamento, lles preguntaron á xuventude aos xoves sobre os orzamentos de Tussa, o transporte; sobre os orzamentos do Auditorio, cultura; sobre os orzamentos de Incolsa, turismo, non teñen nada que dicir os xoves con respecto a estas cuestións.

Mire, nos non somos responsables de que vostedes teñan practicamente un millón de euros en gastos diversos, e máis dun millón de euros en estudos e traballos técnicos, é dicir, gastos sen concretar, iso é responsabilidade súa.

Por certo, unha puntualización, co Partido Socialista, o POS sempre se dedicou integralmente ao rural, non nos confunda con quen esta enfronte das bancadas, con todo respecto.

Mire, cando fala vostede de ingresos, pois mire, é que teño que preguntarlle, nos somos responsables de que baixarán os ingresos por impostos indirectos, somos os responsables de que baixaran os ingresos por taxas?, cando vostedes non levaron ao pleno de ordenanzas non levaron o tema das taxas; somos os responsables de que teñan menos ingresos por achegas doutras administracións?; somos responsables de que teñan unha baixada tan importante no que é a venda de patrimonio?, cando os gobernos socialistas capitalizaron en patrimonio este concello; somos responsables de que vostedes non o saiban aproveitar?.

Mire, nos non nos queixamos do crédito, o dixen na miña primeira intervención, nos o que lle dicimos é que nos preocupa que co orzamento que vostedes presentan hoxe para a súa aprobación, ou o seu rexeitamento, se poida pagar a débeda, iso é o que nos estamos a dicir.

Falan vostedes de dereitos laborais, home, pero si vostedes amortizan prazas, eu non me atrevo a facer brincadeiras nun tema tan serio como este, pero case, poderíamos dicir, que teñen vostedes feito un ERE sobre as prazas que estaban no orzamento e que estaban presupostadas.

É curioso, que presentamos poucas emendas, pero o alcalde non se cansou de repetir durante dous meses, que non desnaturalizáramos os seus orzamentos.

Mire que queren realmente, iso é o primeiro que teñen que aclarar.

Claro, cando vostedes fan referencia, a toda unha serie de cuestións e sempre din, non, non, e que o que fixeron antes ou o que non fixeron antes, bueno, iso é o máis vello da política vella, e ti máis, home se o mellor argumento que teñen vostedes para defender estes orzamentos “é o ti máis” do pasado, a verdade que sinceiramente é un tanto pobre.

Nos recoñecemos dúas veces ao longo da miña primeira intervención a existencia de melloras en política, en gasto social, e en fomento do emprego.

Mire nos, insisto unha vez máis, fomos responsables dende o día 13 de xuño de 2015, o día da investidura do que hoxe é alcalde, é certo ou non é certo?, e tamén lle digo que imos selo unha vez máis, nos imos permitir como nos solicitan que poidan gobernar, que poidan realizar o gasto social e os investimentos que vostedes teñen presupostados, pero o resultado da súa xestión vai ser responsabilidade exclusivamente súa, nós non

imos ser corresponsables destes orzamentos, pero imos ser responsables cómo vostedes nos piden.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Paco Reyes, señor Agustín Hernández.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Moitas grazas señor alcalde.

A nosa posición, a posición do grupo municipal popular vai ser de rexeitamento, e iso non debería sorprenden a ninguén.

Compostela Aberta, o goberno desprezou dende o minuto un, un posible acordo co PP.

Despois da terceira xuntanza mantida o 26 de xaneiro de 2016, a concelleira dixo “o Partido Popular discrepa no fondo dos nosos orzamentos, é comprensible xa que a visión das políticas públicas e as nosas prioridades orzamentarias son diferentes as do Partido Popular, por outra banda co Partido Socialista de Galicia e co BNG notamos unha sintonía xa que valoran positivamente os nosos orzamentos, van na liña de Compostela Aberta”, 26 de xaneiro de 2016.

Teño que subliñar, que a actitude da concelleira reflicte un sectarismo e unha carga ideolóxica que é diametralmente oposta ao que debería de ser a defensa dos intereses da cidade, e diametralmente oposta a esa suposta vontade de consenso da que levan falando varios meses.

O grupo popular municipal non tiña posicións, a priori, alleas aos intereses da cidade.

O grupo municipal popular non actuou, nin actúa, nin actuará nunha clave diferente á que representan os intereses dos nosos veciños e das nosas veciñas.

Nós deixamos claro dende o minuto un que estes non son os orzamentos que necesita Santiago de Compostela.

O interese da cidade é o único que nos move, e por iso, denunciámos, que os orzamentos son carentes da necesaria ambición, escasos en recursos, discrecionais en exceso, baixan os investimentos, orzamentos carentes dunha estratexia cultural para a cidade, carentes dunha estratexia deportiva para a cidade, ausencia de partidas para actuacións estratéxicas, baixan as transferencias para un sector estratéxico como é o turismo.

Falan vostedes dun proceso negociador longo, é certo, houbo negociacións longas e estériles, negociacións nas que Compostela Aberta amosou dende o minuto un, falla de capacidade negociadora e de acadar consensos.

O Partido Socialista de Galicia vontade de demorar por demorar, amosando unha estratexia na que a cidade é usada para atopar o protagonismo político que as urnas reiteradamente lles quitou aos socialistas, amosando a equidistancia que practican neste mandato co Partido Popular non é non, nada de nada, e con Compostela Aberta marcando as distancias para non perder aínda máis apoio electoral, e o BNG mantendo un difícil equilibrio para non perder o oco que dificilmente deixa Compostela Aberta.

Fronte ás actitudes do resto dos grupos, o Partido Popular, o grupo municipal popular amosou dende o primeiro momento unha postura clara e transparente, mirando unicamente aos intereses da cidade.

O día 11 de febreiro, lembre señor alcalde, que lle informei, que nos non necesitabamos máis prazo para negociar, e recordo, que as bases de execución foron remitidas o día 10, a nosa decisión é coherente e é clara, en relación coa realidade destes orzamentos, porque para nós estes orzamentos non tratan de incrementar e optimizar os recursos, nin de satisfacer as necesidades e servizos indispensables da cidadanía, non fan unha rigorosa previsión das actuacións, en definitiva, non van conseguir que os escasos investimentos produtivos que se poidan realizar, sexan os máis rendibles económica e socialmente.

Uns orzamentos decepcionantes, como decepcionante esta a ser o inicio do seu mandato, señor Noriega, leva vostede na alcaldía dende o 13 de xuño de 2015, 276 días de mandato, 276 días son moitísimos días, o 15%, algo máis do 15% do total do mandato, e que se nota na cidade, nada de nada, de nada, e non é que o digamos nos os membros do grupo municipal popular, e que o din os cidadáns, cidadáns que votaron ao grupo popular, que votaron ao Partido Socialista, ao BNG e tamén cidadáns que votaron a Compostela Aberta.

Aprobará vostedes os orzamentos, señor Noriega, estou seguro que os aprobará, parece que os vai aprobar hoxe mesmo, o que non aprobará vostede é en xestión, non aprobará vostedes no importante, na resolución dos problemas dos veciños, iso si, deixará de contar dun pretexto para botar a culpa ao PP de todo o que pasa.

Deixará de contar cun pretexto para botar a culpa ao PP de todo o que pasa, deixará de ter un pretexto contará cos orzamentos, pero señor Noriega, creo que non estará vostede a altura, agardo que si, porque nese caso a cidade, mellorará.

En todo caso, señor Noriega, governe, decida, e mellore porque a cidade o necesita.

Moitas grazas e máis nada.

Alcalde: Moitas grazas señor Agustín Hernández.

Para pechar o debate vou facer emprego, supoño que non dos cinco minutos da quenda de intervención que me corresponde.

En todo momento, nos tivemos claro no grupo de goberno, que a cidade precisaba duns novos orzamentos, evidentemente, porque había moita distancia cos orzamentos presentados polo Partido Popular, respecto ao noso programa, tamén, porque a prórroga dos orzamentos deixaba unha posibilidade de execución verdadeiramente restritiva debido ao marco legal.

E, entendíamos, que non podíamos seguir nunha situación que dilatará limitacións orzamentarias, para as necesidades políticas que precisaba a cidade, e esa foi a vontade coa cal enfocamos este proceso de diálogo.

Un proceso de diálogo que fixemos nun contexto complicado, a compañeira María Rozas, o comentou, nun contexto político onde a nivel central hai un goberno en funcións, nun contexto político onde houbo unhas eleccións xerais o 20 de decembro, e non estamos exentos de que volvamos a ter unhas novas eleccións, onde o proceso de negociación fixose conscientemente despois do proceso das eleccións xerais, porque entendíamos que non podía ter acontecido antes, polo propio contexto de polarización político, e onde a situación a día de hoxe no conxunto do país, con cinco cidades principais do país sen orzamento, en múltiples cidades do estado ao non existir maiorías absolutas, amosaban que verdadeiramente o contexto era complicado; e fixémoslo coa mellor das vontades e con absoluta transversalidade, sendo conscientes, evidentemente, cal é o noso programa, sendo consciente cales son os principios prioritarios, pero non se nos pode acusar en ningún de momento, de practicar exclusións, nin sectarismo, porque coido, que o traballo que se fixo en todo momento, foi un traballo que tivo un retorno positivo e do que eu estou satisfeito, independentemente, das escenificacións que se fagan no conxunto da corporación.

Entendo que demos pasos adiante no proceso de diálogo, e que fomos capaces de conciliar dúas cuestións que eran moi importantes, por unha parte, a lexitimidade que ten que ter un goberno para ter unha ferramenta para poder aplicar políticas públicas, é necesario entendelo, a veces dísenos e repítesenos Compostela Aberta foi a lista máis votada, foi así, Compostela Aberta non ten maioría absoluta, resulta é unha evidencia, pero tampouco existe unha maioría alternativa, e polo tanto, un goberno ten que ter lexitimidade para ter unha ferramenta de transformación, e de execución de políticas na cidade, iso é así; pero tamén, hai que asumir que Compostela Aberta, non ten maioría

absoluta, a pesar de ter sido a lista máis votada, e que estaba obrigada, máis alá da vontade de diálogo, a facer ese diálogo, e fíxose, fíxose intensamente.

E, eu quero agradecer a vontade de todo o mundo, independentemente do sentido do voto. Cónstame que houbo vontade construtiva, cónstame que foron múltiples as reunións, cónstame que se deron nos parámetros políticos que antes dicía o señor Rubén Cela, e cónstame que nese sentido houbo cesións, entendendo que en todo caso, era unha ferramenta do grupo de goberno, e que cando un falaba de non desnaturalizar, falaba de non restarlle esa lexitimidade para poder aplicar políticas públicas.

E, polo tanto, máis alá do resultado, ese é o convencemento en todo momento, eu non quero entrar no relate corto, nin no debate. Quero agradecer sinceramente ao conxunto dos grupos o diálogo dado tanto nas xuntanzas comigo persoalmente, como no traballo da comisión técnico política, independentemente da emoción dada ata o minuto final, independentemente de que non era un desexo hoxe a cuestión de confianza, eu téñolle un gran respecto ao señor Javier Castiñeira, ten a convocatoria do pleno do venres e un informe para a cuestión de confianza feito por se era necesario, máis que nada porque non quería, para furtarvos o debate, o debate en plena semana santa.

Entón non era unha pose, porque verdadeiramente non se puxeron enriba da mesa as posicións dos diferentes grupos, agás a posición do BNG que hai que recoñecerlle que en ningún momento falou de que ía obstaculizar a aprobación das contas, e o fixo con absoluta sinceridade, para diminución do noso nivel de ansiedade dende o punto de vista do grupo de goberno, non así o señor Paco Reyes, que incrementou o noso nivel de ansiedade, pero todo sexa polo resultado final; e tamén o nivel de ansiedade do Partido Popular.

Iso forma parte dun proceso, que resulta positivo a día de hoxe, que temos uns orzamentos que aumentan o gasto social, que aumentan as políticas de emprego, que diminúen as liñas de publicidade e protocolo, que verdadeiramente apostan polo equilibrio territorial, coa dotación de fondos para ese equilibrio territorial, e que ademais, faise nun contexto de non orzamentos expansivos, polas limitacións que tivemos de definir a política fiscal, e que nos obrigou a uns orzamentos menos expansivos que os do ano pasado, e bueno corresponsabilizámonos dos orzamentos, señor Paco Reyes, dos acertos e dos erros, aínda que a paternidade sexa múltiple e o proceso fora participado, e aquí estean pegadas do conxunto dos grupos da corporación, non nos importa facernos cargo da tutela e da paternidade legal da criatura no caso de ser viabilizada.

E eu creo que máis alá de vitorias e derrotas quen gana é a cidade, que haxa uns orzamentos para poder facer políticas, sexan acertadas ou erradas, é unha necesidade e nos non queremos estar dispostos a cerrarnos ao sillón e a xogar a estratexias de aprobar

os orzamentos en Xunta de goberno o ano que ven, ou de dilatar o debate orzamentario por non contar coa maioría, porque iso é actuar con fraude de lei coa cidadanía e non chegamos aquí para iso.

Así que pasamos á votación señor secretario.

Rematado o debate, vistos os informes que obran no expediente, e de conformidade co ditame favorable da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas do día 11 de marzo de 2016, e as propostas da concelleira delegada de economía e facenda, transcritas, de aprobación do orzamento e cadro de persoal para o exercicio 2016, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor, correspondentes os/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 6 abstencións dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) acorda:

1.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do concello para o ano 2016, que consolidado ofrece os seguintes resúmenes:

ORZAMENTO CONSOLIDADO:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I	40.538.760,81	32.509.503,11
CAPÍTULO II	3.406.419,06	41.168.386,35
CAPÍTULO III	18.358.330,35	1.042.091,67
CAPÍTULO IV	31.301.141,56	9.638.150,72
CAPÍTULO V	470.934,20	140.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	94.075.585,98	84.498.131,85
CAPÍTULO VI	0,00	7.704.273,51
CAPÍTULO VII	3.294.441,02	1.250.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	3.294.441,02	8.954.273,51
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	97.370.027,00	93.452.405,36
CAPÍTULO VIII	90.000,00	160.000,00

CAPÍTULO IX	5.320.000,00	9.138.383,47
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.410.000,00	9.298.383,47
TOTAL ORZAMENTO 2016	102.780.027,00	102.750.788,83

CONCELLO:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I	40.538.956,41	29.967.779,76
CAPÍTULO II	3.406.419,06	38.103.058,53
CAPÍTULO III	16.189.634,54	1.034.481,67
CAPÍTULO IV	30.120.767,21	12.055.201,49
CAPÍTULO V	450.679,20	100.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	90.706.456,42	81.260.521,45
CAPÍTULO VI	0,00	6.676.992,52
CAPÍTULO VII	3.294.441,02	2.175.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	3.294.441,02	8.851.992,52
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	94.000.897,44	90.112.513,97
CAPÍTULO VIII	80.000,00	150.000,00
CAPÍTULO IX	5.320.000,00	9.138.383,47
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.400.000,00	9.288.383,47
TOTAL ORZAMENTO 2016	99.400.897,44	99.400.897,44

ORGANISMO AUTÓNOMO “AUDITORIO DE GALICIA”:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		841.705,78

CAPÍTULO II		1.431.862,00
CAPÍTULO III	548.717,01	1.000,00
CAPÍTULO IV	1.810.050,77	20.000,00
CAPÍTULO V	300,00	40.000,00
TOTAL OPERACIONES CORRENTES	2.359.067,78	2.334.567,78
CAPÍTULO VI		24.500,00
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	0,00	24.500,00
TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS	2.359.067,78	2.359.067,78
CAPÍTULO VIII	10.000,00	10.000,00
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIONES FINANCEIRAS	10.000,00	10.000,00
TOTAL ORZAMENTO 2016	2.369.067,78	2.369.067,78

SOCIEDADE MERCANTIL TUSSA:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		869.621,27
CAPÍTULO II		535.220,30
CAPÍTULO III	1.383.576,08	400,00
CAPÍTULO IV		
CAPÍTULO V	99.446,48	
TOTAL OPERACIONES CORRENTES	1.483.022,56	1.405.241,57
CAPÍTULO VI		77.780,99
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	0,00	77.780,99

TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	1.483.022,56	1.483.022,56
CAPÍTULO VIII		
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2016	1.483.022,56	1.483.022,56

SOCIEDADE MERCANTIL INCOLSA:

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		830.396,30
CAPÍTULO II		2.102.932,60
CAPÍTULO III	236.402,72	6.210,00
CAPÍTULO IV	1.807.374,35	
CAPÍTULO V		
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.043.777,07	2.939.538,90
CAPÍTULO VI		
CAPÍTULO VII	925.000,00	
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	925.000,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.968.777,07	2.939.538,90
CAPÍTULO VIII		
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2016	2.968.777,07	2.939.538,90

2.- Aprobar as bases de execución para o ano 2016, que teñen o seguinte contido:

ÍNDICE

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Réxime xurídico do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2. Ámbitos funcional e temporal de aplicación.

Artigo 3. Contido do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 4. Principios.

Artigo 5. Estrutura dos Orzamentos.

Artigo 6. Aplicación orzamentaria.

Artigo 7. Proxectos de investimento.

Artigo 8. Información ao Pleno do Concello sobre execución orzamentaria e cumprimento dos prazos de pagamento de obrigas.

TÍTULO I. ORZAMENTOS XERAIS PARA 2016.

CAPÍTULO I. Créditos iniciais.

Artigo 9. Orzamentos que integran o Orzamento Xeral.

CAPÍTULO II. Orzamentos consolidados Concello de Santiago de Compostela, Organismos Públicos e Sociedades Mercantís de capital integramente municipal.

Artigo 10. Estados de consolidación do Orzamento Xeral.

TÍTULO II. ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO I. Determinación dos créditos do orzamento de gastos.

Artigo 11. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

Artigo 11 bis. Declaración de non dispoñibilidade de créditos para a EDAR do Souto.

CAPÍTULO II. Modificacións Orzamentarias

Artigo 12. Modificacións orzamentarias.

Artigo 13. Créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

Artigo 14. Transferencias de créditos.

Artigo 15. Xeración de créditos por ingresos.

Artigo 16. A incorporación dos remanentes de crédito.

Artigo 17. Baixas por anulación.

Artigo 18. Ampliacións de crédito.

Artigo 19. Fondo de Continxencia.

Artigo 20. Servizos novos ou ampliación dos existentes.

Artigo 21. Especificacións das modificacións orzamentarias no Auditorio de Galicia.

CAPÍTULO III. Procedemento de execución do orzamento de gastos.

Sección 1ª. Fases de gasto

Artigo 22. Fases na xestión do Estado de gastos.

Artigo 23. Autorización e disposición de gastos.

Artigo 24. Recoñecemento da obriga.

Artigo 25. Ordenación de pagamentos e pagamento material.

Sección 2ª Control e fiscalización

Artigo 26. Fiscalización limitada previa.

CAPÍTULO IV. Procedemento de execución do Orzamento de gastos.

Artigo 27. Gastos plurianuais e expedientes de tramitación anticipada.

Artigo 28. Expedientes de gasto condicionados a unha modificación orzamentaria ou á entrada en vigor dos orzamentos

Artigo 29. Recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións.

CAPÍTULO V. Subvencións.

Artigo 30. Normas xerais.

Artigo 31. Reintegro de subvencións.

Artigo 32. Subvencións nominativas.

CAPÍTULO VI. Pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa.

Artigo 33. Ordes de pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa.

TÍTULO III. ORZAMENTO DE INGRESOS

Artigo 34. Compromiso e recoñecemento de dereitos

Artigo 35. Operacións de Tesourería

Artigo 36. Fiscalización de ingresos.

TÍTULO IV. RÉXIME DE CONTRATACIÓN

Artigo 37. Normas Xerais.

Artigo 38. Procedementos de contratación

Artigo 39. Sociedades Municipais.

TÍTULO V. INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO E RÉXIME DA FORMACIÓN EXTERNA.

SECCIÓN I. Indemnizacións por razón do servizo dos membros da Corporación.

Artigo 40. Indemnizacións por razón do servizo dos membros da Corporación.

SECCIÓN II. Réxime da formación externa e indemnizacións por razón do servizo dos funcionarios e persoal laboral da Corporación.

Artigo 41. Obxecto desta Sección.

Artigo 42. Concepto da formación externa.

Artigo 43. Solicitude e autorización de formación externa.

Artigo 44. Xustificación do permiso, gastos e axudas de custo.

Artigo 45. Comisións de servizo para cometidos especiais fora do Concello de Santiago.

Artigo 46. Colaboración dos empregados municipais na formación e perfeccionamento do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Artigo 47. Compensación pola participación no Plan de Formación Continua municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. Prórroga orzamentaria.

Disposición adicional segunda. Dotación económica para os grupos políticos municipais e xustificación.

Disposición adicional terceira. Bens inventariables.

Disposición adicional cuarta. Peche do exercicio.

Disposición adicional quinta. Saldos de dubidoso cobro.

Disposición adicional sexta. Permutas de bens inmoables.

Disposición adicional sétima. Estados integrados e consolidados.

Disposición adicional oitava. Amortización do Inmobilizado.

Disposición adicional novena. Anotacións contables derivadas de utilización de soportes electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Disposición adicional décima. Contratacións laborais, temporais e interinos.

Disposición adicional undécima. Innovacións tecnolóxicas.

Disposición adicional duodécima. Operacións de endebedamento.

DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira. Lexislación supletoria.

Disposición final segunda. Interpretación, desenvolvemento e aplicación das Bases de Execución.

Disposición final terceira. Obrigas de subministro da información previstas na LO 2/2012 de EOSF.

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Réxime xurídico do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

O Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela elabórase, execútase e liquídase de acordo coa normativa legal e regulamentaria vixente, co disposto nas presentes Bases de Execución, e cos regulamentos ou normas xerais, instrucións e circulares aprobadas polos órganos municipais competentes.

As posibles dúbidas na aplicación destas bases serán resoltas pola Concellería Delegada de Economía e Facenda. Poderá, en caso de que así o considere, solicitar os informes que estime oportunos.

Artigo 2. Ámbitos funcional e temporal de aplicación.

1. As presentes Bases aplicaranse á execución e xestión dos orzamentos do Concello e do seu organismo autónomo Auditorio de Galicia, con independencia das particularidades e singularidades que correspondan a este último.

2. A súa vixencia coincide coa do Orzamento Xeral, polo que en caso de prórroga deste, as presentes Bases serán de aplicación ata a entrada en vigor do novo orzamento.

3. As sociedades mercantís nas que a Corporación teña participación total ou maioritaria estarán sometidas ao réxime de contabilidade pública, sen prexuízo de adaptarse ás disposición do Código de Comercio e ao Plan Xeral de Contabilidade vixente. Para a autorización e disposicións de gastos rexeranse polo previsto a estes efectos nos seu estatutos, e en canto ao réxime de contratación, rexeranse polas normas específicas aprobadas en cada sociedade que, en todo caso, deberán de adaptarse ao establecido para ditos entes na normativa de contratación pública.

Artigo 3. Contido do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

O Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, intégrase por:

- a) O orzamento do Concello de Santiago de Compostela.
- b) O orzamento do organismo autónomo dependente: Auditorio de Galicia.
- c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertence integramente ao Concello de Santiago de Compostela: INCOLSA e TUSSA.

Neste sentido, constan sectorizadas na Base de Datos Xeral das Entidades Locais as empresas dependentes de capital 100 por cento municipal:

- INCOLSA, coa consideración de entidade do sector público administrativo (artigo 4.1 do RD 1463/2007)
- TUSSA, coa consideración de entidade do sector público non administrativo do artigo 4.2 do RD 1463/2007.

Isto supón que INCOLSA consolida có Concello e o Organismo Público Auditorio de Galicia aos efectos do informe de estabilidade e da regra de gasto, e que TUSSA debe determinar de forma independente ditos obxectivos.

Ao mesmo tempo, tamén consta sectorizada como empresa dependente a mercantil de capital social maioritario do Concello de Santiago de Compostela (51%), Mercados Centrales de Abastecimiento de Santiago, MERCAGALICIA S.A., o que esixe que as súas Contas se engadan como anexo ao Orzamento municipal.

Artigo 4. Principios.

A execución do orzamento rexerase polos principios orzamentarios xerais entre os que se atopan o de anualidade, universalidade, orzamento bruto, especialidade cualitativa e cuantitativa dos créditos, unidade de caixa así como polo principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e demais normativa e regulamentos de desenvolvementos aplicable na materia.

Artigo 5. Estrutura dos Orzamentos.

1. O orzamento do Concello e dos seus Organismos Autónomos estrutúranse de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais (en diante Orde EHA/3565/2008) e na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, que modifica a orde anterior, e pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais (en diante Orde HAP/419/2014).

2. O orzamento de Gastos do Concello de Santiago de Compostela estrutúrase conforme ás seguintes clasificacións:

- a) Orgánica, con tres niveis de desagregación, segundo o anexo 3 das presentes Bases.
- b) Por Programas, con cinco niveis de desagregación: área de gasto, política de gasto, grupo de programa, programa e subprograma.

c) Económica, con cinco niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto, subconcepto e partida.

3. O orzamento de Gastos do organismo autónomo Auditorio de Galicia estrutúrase conforme ás seguintes clasificacións:

a) Por Programas, con cinco niveis de desagregación: área de gasto, política de gasto, grupo de programa, programa e subprograma.

b) Económica, con cinco niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto, subconcepto e partida.

4. Os Orzamentos de Ingresos do Concello de Santiago de Compostela e o seu organismo autónomo estrutúranse conforme ás seguintes clasificacións:

a) Económica, con cinco niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto, subconcepto e partida.

Artigo 6. Aplicación orzamentaria.

1. De acordo co disposto no artigo 6 da Orde EHA/3565/2008 modificado pola Orde HAP/419/2014, a aplicación orzamentaria do Orzamento de Gastos do Concello virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programas e económica, a trece díxitos, segundo o establecido no artigo 5.2 destas Bases co seguinte detalle:

ORGÁNICA

--	--	--

POR PROGRAMAS

--	--	--	--	--

ECONÓMICA

--	--	--	--	--

2. A aplicación orzamentaria do Orzamento de Gastos do organismo autónomo Auditorio de Galicia virá definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a dez díxitos, segundo o establecido no artigo 5.3 destas Bases co seguinte detalle:

POR PROGRAMAS

--	--	--	--	--

ECONÓMICA

--	--	--	--	--

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 11 das presentes Bases, respecto da definición de crédito a nivel de vinculación xurídica, a aplicación orzamentaria constitúe a consignación de crédito orzamentario sobre a que se efectuará o rexistro contable das operacións de execución do gasto.

O control fiscal realizarase ao nivel de vinculación que se establece no citado artigo 11.

4. Decláranse expresamente abertos todos os subconceptos que se contemplan na Orde EHA/3565/2008.

Artigo 7. Proxectos de investimento.

1. O capítulo 6 "Investimentos Reais" componse de proxectos de investimento cuxa codificación e denominación inclúese no Anexo de Investimentos do Orzamento Xeral para o exercicio 2016.
2. Calquera modificación, alta ou supresión dos mesmos deberá ser solicitada polos responsables do proxecto de investimento á Concellería de Economía e Facenda para a súa aprobación.
3. Unha vez rematado o investimento, os responsables deberán comunicar o peche do proxecto de investimento á Concellería de Economía e Facenda e á Intervención Xeral.

Artigo 8. Información ao Pleno do Concello sobre execución orzamentaria e cumprimento dos prazos de pagamento de obrigas.

1. A Intervención Xeral, con periodicidade trimestral, remitirá á Secretaría Xeral do Pleno, para que esta poña a disposición dos Concelleiros, a información sobre a execución dos orzamentos. Esta información facilitarase preferentemente utilizando medios electrónicos, telemáticos ou informáticos.

A información presentarase estruturada a nivel de Orgánica – Programa – Subconcepto no que respecta á execución do orzamento do Concello e a nivel de Programa-Subconcepto no que respecto á execución do orzamento do organismo autónomo Auditorio de Galicia.

2. A Intervención Xeral remitirá á Secretaría Xeral do Pleno, con periodicidade trimestral, información das modificacións orzamentarias que fosen aprobadas pola Concelleira de Economía e Facenda e que estean rexistradas na Contabilidade municipal. A información a remitir para cada modificación orzamentaria consistirá nunha copia do Decreto e o resumo da Memoria.

3. De conformidade co establecido na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais, o Tesoureiro do Concello elaborará trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei, que incluírá o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

A Intervención incorporará no informe trimestral ao Pleno anteriormente mencionado, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se

teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teñan xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos, aos efectos que establece a normativa sobre o Pleno da Corporación.

TÍTULO I ORZAMENTOS XERAIS PARA 2016

CAPÍTULO I Créditos iniciais

Artigo 9. Orzamentos que integran o Orzamento Xeral.

1. O orzamento do Concello de Santiago de Compostela apróbase equilibrado polo importe de **99.400.897,44** euros
2. O orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia apróbase equilibrado polo importe de **2.369.067,78** euros.
3. Apróbanse os estados de previsión de gastos e ingresos da Sociedade Mercantil INCOLSA, cuxo capital pertence integramente ao Concello de Santiago de Compostela, por importe, en termos homoxéneos da contabilidade orzamentaria municipal, de **2.968.777,07** euros en ingresos e **2.939.538,90** euros en gastos.
4. Apróbanse os estados de previsión de gastos e ingresos da Sociedade Mercantil TUSSA, cuxo capital pertence integramente ao Concello de Santiago de Compostela, por importe, en termos homoxéneos da contabilidade orzamentaria municipal, de **1.483.022,56** euros en gastos e **1.483.022,56** euros en ingresos.

Engádese como Anexo, o estado de previsión de gastos e ingresos da Sociedade Mercantil MERCAGALICIA S.A., cuxo capital social é maioritario do Concello de Santiago de Compostela nunha porcentaxe do 51 por cento, por importe, en termos da súa conta de explotación empresarial, de **569.257,37** euros en gastos e **613.019,77** euros en ingresos.

CAPÍTULO II

Orzamento Consolidado do Concello de Santiago de Compostela, Organismos Públicos e Sociedades Mercantís de capital integramente municipal.

Artigo 10. Estados de consolidación do Orzamento Xeral.

En aplicación do disposto no artigo 166.1.c) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (en diante Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), unha vez eliminadas as operacións internas, segundo o previsto no artigo 117 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos, o estado de consolidación do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela, cos orzamentos e estados de previsión dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís ascende **102.780.027,00** euros en ingresos, e **102.750.788,83** euros en gastos, resultando un superávit de **29.238,17** euros.

O Orzamento consolidado do Concello de Santiago de Compostela, do Organismo Autónomo e das Sociedades Mercantís de capital integramente municipal é o seguinte:

PREVISIONS DE INGRESOS

CAPÍTULO	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	TUSSA	AXUSTES	TOTAL AXUSTADO
1. IMPOSTOS DIRECTOS	40.538.956,41				-195,60	40.538.760,81
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	3.406.419,06					3.406.419,06
3. TAXAS, PR PCOS E OUTROS INGRESOS	16.189.634,54	548.717,01	236.402,72	1.383.576,08		18.358.330,35
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	30.120.767,21	1.810.050,77	1.807.374,35		-2.437.050,77	31.301.141,56
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	450.679,20	300,00		99.446,48	-79.491,48	470.934,20
TOTAL INGRESOS CORRENTES (1+2+3+4+5)	90.706.456,42	2.359.067,78	2.043.777,07	1.483.022,56	-2.516.737,85	94.075.585,98
6. ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00					0,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	3.294.441,02		925.000,00		-925.000,00	3.294.441,02
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL (6+7)	3.294.441,02	0,00	925.000,00	0,00	-925.000,00	3.294.441,02
TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (1+...+7)	94.000.897,44	2.359.067,78	2.968.777,07	1.483.022,56	-3.441.737,85	97.370.027,00
8. ACTIVOS FINANCIEROS	80.000,00	10.000,00				90.000,00
9. PASIVOS FINANCIEROS	5.320.000,00					5.320.000,00
TOTAL INGRESOS FINANCIEROS (8+9)	5.400.000,00	10.000,00	0,00	0,00	0,00	5.410.000,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2016	99.400.897,44	2.369.067,78	2.968.777,07	1.483.022,56	-3.441.737,85	102.780.027,00

CREDITOS INICIAIS DE GASTOS

CAPÍTULO	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	TUSSA	AXUSTES	TOTAL AXUSTADO
1. GASTOS PERSOAL	29.967.779,76	841.705,78	830.396,30	869.621,27		32.509.503,11
2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	38.103.058,53	1.431.862,00	2.102.932,60	535.220,30	-1.004.687,08 *	41.168.386,35
3. GASTOS FINANCIEROS	1.034.481,67	1.000,00	6.210,00	400,00		1.042.091,67
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	12.055.201,49	20.000,00			-2.437.050,77	9.638.150,72
5. FONDO DE CONTINXENCIA E O. IMPREVISTOS	100.000,00	40.000,00				140.000,00
TOTAL GASTO CORRENTE (1+2+3+4+5)	81.260.521,45	2.334.567,78	2.939.538,90	1.405.241,57	-3.441.737,85	84.498.131,85
6. INVESTIMENTOS REAIS	6.676.992,52	24.500,00		77.780,99	925.000,00 *	7.704.273,51
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.175.000,00				-925.000,00	1.250.000,00
TOTAL GASTO DE CAPITAL (6+7)	8.851.992,52	24.500,00	0,00	77.780,99	0,00	8.954.273,51
TOTAL GASTO NON FINANCIERO (1+...+7)	90.112.513,97	2.359.067,78	2.939.538,90	1.483.022,56	-3.441.737,85	93.452.405,36
8. ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00	10.000,00			0,00	160.000,00
9. PASIVOS FINANCIEROS	9.138.383,47				0,00	9.138.383,47
TOTAL GASTO FINANCIERO (8+9)	9.288.383,47	10.000,00	0,00	0,00	0,00	9.298.383,47
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS 2016	99.400.897,44	2.369.067,78	2.939.538,90	1.483.022,56	-3.441.737,85	102.750.788,83

* Inclúese axuste no gasto da sociedade municipal INCOLSA que reviste en investimento do orzamento consolidado do Concello

TÍTULO II ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO I

Determinación dos créditos do Orzamento de Gastos.

Artigo 11. Nivel de vinculación xurídica dos créditos.

1. Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foran autorizados no orzamento xeral o nas súas modificacións debidamente aprobadas, tendo carácter limitativo e vinculante con carácter xeral segundo os niveis que se establecen a continuación:

- a) Clasificación orgánica: vinculante, tres díxitos.
- b) Clasificación por programas: vinculante a nivel área de gasto (1 dígito).
- c) Clasificación económica: vinculante a nivel de capítulo (1 dígito)

2. Terán carácter vinculante ao nivel de desagregación de aplicación orzamentaria os seguintes créditos:

- ✓ Os créditos declarados ampliables.
- ✓ Os créditos extraordinarios, excepto os que afecten o capítulo 1 "Gastos de persoal".
- ✓ Os créditos dos capítulos 4 e 7 do Orzamento do Concello para gastos por transferencias nominativas.

- ✓ Os créditos correspondentes a aqueles proxectos de gasto que contén con financiamento afectado.
- ✓ Os gastos de actuacións subsidiarias, cotas urbanísticas e outros ingresos urbanísticos.

4. O rexistro contable das operacións de execución do orzamento de gastos realizaranse sobre a aplicación orzamentaria correspondente. A vinculación xurídica supón o límite máximo de gasto que non pode ser superado nos seus respectivos niveis.

5. Cando haxa que realizar un gasto que non teña suficiente crédito no nivel de vinculación xurídica, deberá tramitarse previamente o oportuno expediente de modificación orzamentaria.

6. En canto aos proxectos de gasto, estarase ao disposto no artigo 7. Neste sentido, e tendo en conta que o anexo de investimentos relaciona tódolos proxectos de gasto, establecendo os niveis de vinculación xurídica de todos eles e considerando que pode xurdir ao longo do exercicio a necesidade de realizar modificacións nos mesmos consistentes en:

a) modificacións non substanciais do gasto a realizar, de xeito que a natureza económica e finalidade do gasto é similar pero non se adecúa estritamente á descrición que do proxecto inicial se reflicte no anexo de investimentos. Enténdese que a natureza económica e finalidade do gasto é similar cando a aplicación orzamentaria do gasto que se propón realizar está na mesma bolsa de vinculación que a aplicación orzamentaria de gasto prevista inicialmente.

b) proxectos que requiren unha maior especificidade que a establecida no anexo de investimentos, existindo causa para o seu seguimento por separado.

Deste xeito, as modificacións sinaladas levaranse a cabo, previa proposta motivada do departamento xestor, do seguinte xeito:

1) Creación de novo proxecto de gasto coa aplicación orzamentaria correspondente e, no seu caso, o concepto de ingresos que o financie. A vinculación xurídica do novo proxecto será a mesma que a do proxecto de orixe.

2) Reasignación de crédito polo importe indicado na proposta.

3) Cesión de financiamento, de tratarse o proxecto de orixe dun gasto con financiamento afectado, dende o proxecto de orixe ao de nova creación sempre e cando as características do financiamento sexan compatibles co novo destino.

Para a tramitación e aprobación desta operativa de modificación dos proxectos de investimento seguirase o establecido no artigo 7 destas Bases relativo aos Proxectos de investimento.

7. Poderanse crear novas aplicacións orzamentarias sempre que exista o financiamento necesario, xa sexa porque haxa saldo suficiente na correspondente bolsa de vinculación, ou ben porque se estea tramitando unha modificación orzamentaria.

8. Serán nulos en todo caso, os acordos dos órganos municipais que:

- Dispoñan gastos con crédito inadecuado ou sen crédito suficiente para satisfacelos, dentro dos niveis de vinculación establecidos.
- Creen novos servizos sen previa dotación, ou dean maior extensión aos xa establecidos superando o crédito correspondente.

Artigo 11 bis. Declaración de non dispoñibilidade de créditos para a EDAR do Souto.

Declárase como non dispoñible, dentro da aplicación orzamentaria 050 15103 60000 (Expropiacións. Expropiación de Terreos) que conta con 539.000,00 €, a contía de 70.000,00 €.

Este crédito permanecerá en situación de non dispoñible para que, no caso de ser preciso, e previa declaración de dispoñibilidade mediante Decreto da Concellería de Facenda, se poida empregar na achega municipal ao proxecto da EDAR do Souto. A situación de non dispoñibilidade manterase ata o 15 de novembro de 2016.

CAPÍTULO II

Modificacións Orzamentarias

Artigo 12. Modificacións orzamentarias.

1. As modificacións de crédito que poderán ser realizadas nos orzamentos de gastos do Concello e o seu organismo autónomo son as seguintes:

- a) Créditos extraordinarios.
- b) Suplementos de crédito.
- c) Transferencias de crédito.
- d) Xeración de créditos por ingresos.
- e) Incorporación de remanentes de crédito.

- f) Baixas por anulación.
- g) Créditos ampliáveis.

2. O inicio do expediente de calquera proposta de modificación orzamentaria realizarase mediante o correspondente informe-proposta do responsable administrativo do centro xestor que terá unha memoria xustificativa da modificación que se pretende realizar, e proposta asinada polo Concelleiro/a responsable ao que pertence o dito centro xestor, dirixido á Oficina de Orzamentos dependente da Concellería de Economía e Facenda que verificará os extremos sinalados na proposta do centro xestor participando na xestión e tramitación do expediente, para que, despois dos trámites oportunos previos, sexa aprobada polo órgano competente.

Artigo 13. Créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

1. A aprobación dos expedientes de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito corresponde, previo informe da Intervención Xeral, ao Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en aplicación do artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, de bases do réxime local, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que a aprobación do Orzamento sendo aplicables as normas de información pública e publicidade que afectan a devandita aprobación.

2. A tramitación de expedientes de concesión de créditos extraordinarios ou de suplementos de créditos aterase ao establecido no artigo 177 do TRLRFL e aos artigos 35 a 38 do RD 500/90, do 20 de abril.

3. A memoria xustificativa que deberá achegar o informe-proposta do responsable administrativo do centro xestor na fase de inicio do expediente de modificación orzamentaria deberá acreditar o establecido no artigo 177 do TRLRFL e no artigo 37.2 do RD 500/90, do 20 de abril.

Artigo 14. Transferencia de créditos.

1. Correspóndelle ao Pleno da Corporación, previo informe da Intervención Xeral, a aprobación das transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto do orzamento xeral, agás aquelas que afecten a créditos de persoal.

2. Correspóndelle á Concelleira de Economía e Facenda, previo informe da Intervención Xeral, a aprobación das demais transferencias de crédito, inclusive todas aquelas que afecten a créditos de persoal aínda que teñan a súa correspondencia con distintas áreas de gasto do orzamento xeral.

3. Nos expedientes de transferencias de créditos, dos que a súa aprobación sexa competencia do Pleno, seguirán as normas sobre información, reclamación, recursos e publicidade a que se refiren os artigos 169, 170 e 171 do TRLRFL e os artigos 20, 22 e 23 do RD 500/90, do 20 de abril.

4. As resolucións adoptadas polo Concelleiro de Economía e Facenda que aproben transferencias de créditos que non sexan competencia de Pleno serán executivas de inmediato.

5. As transferencias de créditos de calquera clase estarán suxeitas as limitacións que se establecen no artigo 180 do TRLRFL e no artigo 41 do RD 500/90, do 20 de abril. As limitacións as que se refiren os artigos mencionados neste apartado enténdense que deben ser aplicadas separadamente a nivel de aplicación orzamentaria e a nivel dos créditos incluídos en aqueles proxectos de gasto con financiamento afectado.

6. O centro xestor que propoña a transferencia de crédito, deberá detallar na súa proposta a/as aplicacións que propón diminuír, debendo especificar na mesma que actividade ou servizos deixan de realizarse se fose o caso, e ademais, deberá acreditar que a baixa nas aplicacións que se propoñen non perturba o funcionamento normal do resto dos servizos do programa orzamentario en cuestión, e que o seu funcionamento está garantido en termos anuais. Será condición necesaria para propoñer a diminución de créditos nunha aplicación, que a mesma teña crédito un crédito dispoñible polo menos pola contía que se pretende minorar.

Se a minoración de crédito provén de aplicacións doutro centro xestor diferente ao que propón a transferencia de crédito, o expediente de transferencia de crédito deberá conter un informe-proposta asinado polo responsable administrativo do centro xestor que cede crédito e proposta do Concelleiro/a responsable dese centro xestor que acredite os termos sinalados no parágrafo anterior.

Deberá igualmente conter a proposta de transferencia de crédito o detalle das aplicacións que serán obxecto de incremento co seu respectivo proxecto de gasto se fose o caso.

Artigo 15. Xeracións de créditos por ingresos.

1. Correspóndelle á Concelleira delegada de Economía e Facenda, previo informe da Intervención Xeral, a aprobación dos expedientes de xeración de créditos nos termos sinalados neste artigo.

2. Poderán dar lugar a xeracións de crédito os ingresos de natureza non tributaria, non previstos ou superiores aos contemplados no Orzamento, derivados das seguintes operacións:

- a) Achegas do Concello aos seus Organismos Autónomos, ou entre os Organismos entre si, para financiar conxuntamente gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos asignados aos mesmos.
- b) Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas, ao Concello ou aos seus Organismos Autónomos para financiar xuntamente gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos asignados aos mesmos.
- c) Alleamento de bens municipais.
- d) Prestación de servizos.
- e) Ingresos legalmente afectados á realización de actuacións determinadas.
- f) Ingresos por reintegros de pagos indebidos realizados con cargo a créditos do orzamento corrente, en canto á reposición de crédito na correlativa aplicación orzamentaria.
- g) Reembolso de préstamos.

3. Cando os ingresos proveñan da venda de bens ou prestacións de servizos, as xeracións efectuaranse unicamente naqueles créditos destinados a cubrir gastos da mesma natureza que os que se orixinaron pola adquisición ou produción dos bens alleados ou pola prestación do servizo.

Cando o alleamento se refira ao inmovilizado, a xeración unicamente poderá realizarse nos créditos correspondentes a operacións da mesma natureza económica.

Os ingresos procedentes de reembolso de préstamos unicamente poderán dar lugar a xeracións naqueles créditos destinados á concesión de novos préstamos.

4. Cando os ingresos que orixinan as xeracións de crédito consistan en achegas realizadas por persoas físicas ou xurídicas ou alleamentos de bens, acompañarase o documento no que conste o compromiso firme da persoa física ou xurídica e figure a achega que haxa de efectuar ou, no seu caso, copia do mandamento de ingreso na Tesouraría.

Cando o ingreso derive de prestacións de servizos ou de reembolso de préstamos, para proceder á xeración será requisito indispensable o recoñecemento do dereito; aínda que a dispoñibilidade dos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos.

No suposto de reintegros de orzamento corrente será indispensable o cobro efectivo do reintegro.

Artigo 16. A incorporación dos remanentes de crédito.

1. Correspóndelle á Concelleira delegada de Economía e Facenda, previo informe da Intervención Xeral, a aprobación dos expedientes de incorporación dos remanentes de crédito nos termos sinalados neste artigo.

2- A incorporación dos remanentes de crédito rexeranse polo disposto no artigo 182 do TRLRFL e os artigos 47, 48 e 99 do RD 500/90, do 20 de abril.

3. De conformidade co establecido na Regra 40 da Instrución do modelo Normal de Contabilidade Local (Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro), cando se tramiten expedientes de incorporación de remanentes de crédito será imprescindible que a Intervención Xeral certifique a existencia de remanente de crédito do exercicio anterior.

A incorporación de crédito ao orzamento efectuarase na mesma aplicación orzamentaria na que se atopase o remanente, ou en calquera das da súa mesma vinculación xurídica, sempre que non sexa contrario a natureza das operacións que se están a incorporar.

4. Nos expedientes de modificacións de crédito financiadas mediante Remanente Líquido de Tesouraría deberá certificarse pola Intervención Xeral ou órgano contable do Organismo Autónomo a existencia de saldo de Remanente de Tesouraría suficiente para a modificación que se tramita, segundo a liquidación aprobada. Deberá quedar acreditado no expediente, con carácter previo a súa aprobación polo órgano competente, que se cumpren os extremos establecidos na normativa de estabilidade en canto o destino do Remanente Líquido.

Artigo 17. Baixas por anulación.

1. Correspóndelle ao Pleno da Corporación, previo informe da Intervención Xeral, a aprobación dos expedientes de baixas por anulación nos termos sinalados neste artigo.

2. A tramitación e aprobación dos expedientes de baixas por anulación rexeranse polo disposto no artigo 175 do TRLRFL e os artigos 49, 50 e 51 do RD 500/90, do 20 de abril.

Artigo 18. Ampliacións de crédito.

1. Correspóndelle á Concelleira delegada de Economía e Facenda, previo informe da Intervención Xeral, a aprobación dos expedientes de ampliacións de crédito nos termos sinalados neste artigo.

2. A aprobación dos expedientes de ampliacións de crédito rexerase polo disposto no artigo 178 do TRLRFL e o artigo 39 do RD 500/90, do 20 de abril.

3. Terán natureza de créditos ampliáveis os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito, consonte o disposto no artigo 39 do Real Decreto 500/1990.

4. Terán a consideración de ampliáveis os seguintes créditos recollidos no Orzamento Xeral do Concello e do organismo autónomo Auditorio de Galicia:

➤ **CRÉDITOS AMPLIABLES DO CONCELLO:**

As aplicacións do Orzamento do Concello que a continuación se relacionan teñen a consideración de ampliáveis con cargo aos conceptos de ingresos que se sinalan; no caso do concepto de ingresos 391.20 e 391.90 vincúlase a aqueles gastos derivados da externalización do servizo coa partida de gastos sinalada.

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepto de ingresos	Descrición
020-23100-22703	Asistencia Social Primaria. Dependencia	450.20	Transferencia da CCAA para financiamento do servizo de dependencia de Servizos Sociais
060-93200-22706	Xestión do sistema tributario. Estudos e traballos técnicos	391.20	Sancións de tráfico
050-15100-22708	Urbanismo, Servizo recadación a favor da entidade. Sancións urbanísticas e de medio ambiente	391.90	Multas urbanísticas e de medio ambiente
050-15102-22699	Xestión de licencias e disciplina. Outros gastos diversos	399.02	Actuacións urbanísticas a cargo de particulares. Execución subsidiaria.
060-13600-20400 060-13600-62300 060-13600-62500 060-13600-62600 060-13600-63200 060-13600-63300 060-13600-64100	Servizo extinción de incendios. Arrendamento material de transporte. Maquinaria, instalacións e utillaxe. Mobiliario Equipos procesos de información Investimento de reposición en edificacións Investimento de reposición de maquinaria Gastos en aplicacións informáticas	351.00	Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación dos servizos.
030-92000-83000	Anticipos ao persoal	830.00	Reintegro de anticipos ao persoal

A aplicación 030 92000 83000 de Préstamos a curto prazo do orzamento xeral ten a consideración de ampliable, financiada cos recursos do subconcepto de ingreso 830.00 “Reintegro por anticipos ao persoal”. Con este fin, efectuaranse convocatorias trimestrais para a concesión de anticipos ó persoal por importes trimestrais de 20.000,00

euros. Na convocatoria do último trimestre poderase ampliar a dita contía en función dos dereitos que poidan recoñecerse durante o exercicio corrente, ampliando o crédito ata o importe dos dereitos recoñecidos como máximo.

➤ **CRÉDITOS AMPLIABLES DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUDITORIO DE GALICIA:**

Ten a consideración de ampliables a seguinte aplicación do orzamento de gastos do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia:

Aplicación 33500 22609 “Actividades culturais”, con cargo ao concepto de ingresos 34411 “Prezos públicos recadación taquillas”.

Artigo 19. Fondo de continxencia.

1. En cumprimento do disposto no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, créase o Fondo de Continxencia. O crédito deste fondo consígnase na aplicación 030/92900/50000 segundo a Orde EHA/3565/2008, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, “IMPREVISTOS, SITUACIÓNS TRANSITORIAS E CONTINXENCIAS DE EXECUCIÓN. DOTACIÓN AO FONDO DE CONTINXENCIA DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA”.

2. Este Fondo destinarase, exclusivamente, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.

3. Para os citados efectos establécense respecto ao Fondo de Continxencia as seguintes determinacións:

- a) A aplicación 030/92900/50000 non vincula con ningunha outra do Orzamento.
- b) A esta aplicación non pode imputarse directamente ningún gasto.
- c) O Fondo poderá ser destinado, sempre que non existisen outros recursos financeiros, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado. Para iso, poderá financiar as seguintes modificacións orzamentarias: transferencias de crédito, suplementos de crédito e créditos extraordinarios. A súa tramitación seguirá os procedementos establecidos na lexislación vixente e nas presentes Bases de Execución para as distintas modalidades de modificacións de crédito que se tramiten.
- d) O remanente de crédito a final de exercicio do Fondo de Continxencia non poderá ser obxecto de incorporación a posteriores exercicios.

Artigo 20. Servizos novos ou ampliación dos existentes.

Todo novo servizo que se propoña crear, así como a ampliación dun xa existente, requirirá a previa autorización da Xunta de Goberno Local.

Para a súa aprobación será necesaria a seguinte xustificación, e a que a normativa desenvolva no futuro en aplicación dos artigos 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e 85 e 86 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

a) Memoria, que cando menos deberá conter:

- Especificación clara do obxecto do novo servizo.
- Estudio da demanda do novo servizo na que se incluírá que actuacións se están prestando por outras administracións e/ou institucións coa mesma demanda.

b) Un estudio económico - financeiro de custes e ingresos a curto, medio e longo prazo, con expresión detallada dos novos compoñentes de custe que dispoñen de crédito orzamentario.

c) O preceptivo informe da Intervención.

Todo elo sen prexuízo do correspondente expediente de modificación orzamentaria e a súa oportuna aprobación polo Pleno do Concello.

Artigo 21. Especificacións das modificacións orzamentarias no Auditorio de Galicia.

En caso de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e baixas por anulación, o Consello Reitor realizará a proposta de modificación e a remitirá á Entidade local para a súa tramitación consonte o procedemento xeral e no disposto nestas Bases.

Si o expediente a tramitar se financia con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, este deberase determinar conforme ao establecido na Regra 81 e ss da instrución de contabilidade. O expediente remitirase á entidade local e á Intervención Xeral para o preceptivo informe.

O órgano competente para a aprobación das ampliacións, xeracións, incorporacións de remanentes de crédito e transferencias de créditos é o Presidente do organismo autónomo.

CAPÍTULO III

Procedemento de execución do Orzamento de gastos

Sección 1ª. Fases de Gasto

Artigo 22. Fases na xestión do Estado de gastos

1. A xestión dos créditos incluídos no estado de gastos do orzamento realizarase nas seguintes fases:

- a. Retención de crédito
- b. Autorización do gasto.
- c. Disposición ou compromiso do gasto.
- d. Recoñecemento e liquidación da obriga.
- e. Ordenamento do pago.

A retención de crédito é unha anotación contable pola que se certifica a existencia de crédito, non tendo natureza de informe de fiscalización.

Dentro do importe dos créditos autorizados no Orzamento Xeral, corresponderá á Intervención Xeral a retención de créditos con base nas propostas de gasto ou modificacións de crédito.

A retención de crédito na partida orzamentaria correspondente non supón a aprobación de fases posteriores para as que deban cumprirse outras normas legais de obrigado cumprimento.

As ditas fases terán o carácter e o contido definidos nos artigos 54 e 61 do Real decreto 500/1990.

Para as fases de retención de crédito previa e para a autorización de disposición de gasto previa, os documentos expedidos polos centros xestores PRE-RC e PRE-AD tramitaranse consonte a Circular da Intervención Xeral de 3 de marzo de 2014, que se incorpora ao corpo destas bases como Anexo I.

1. Consonte o disposto nos artigos 67 e 68 do Real decreto 500/1990, poderanse acumular as seguintes fases da xestión do gasto nun só acto administrativo:

- Autorización - Disposición (AD)
- Autorización - Disposición - Recoñecemento da obriga (ADO).

O acto administrativo que acumule dous ou máis fases producirá os mesmos efectos que se acordasen en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou

autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada para acordar todas e cada unha das fases que nel se inclúan.

3. Cando para a realización dun gasto se coñeza a súa contía exacta e o nome do perceptor, poderanse acumular as fases de autorización e disposición (AD). Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gasto:

- Contratos de vixencia plurianual respecto da anualidade orzamentaria.
- Gastos de tracto sucesivo por un importe previamente coñecido: arrendamentos, contratos de prestación de servizos, etc.
- Gastos financeiros, xuros e cotas de amortización de préstamos, cuxo importe sexa coñecido previamente ao recoñecemento da obriga.
- Subvencións correntes e de capital non nominativas, obxecto de convocatoria específica, e as nominativas expresamente recollidas no orzamento.

4. Os gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles en que a obriga poida ser esixible de xeito inmediato e non estean suxeitos ao proceso de contratación, poderán acumular as fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acordo polo que se aproben as facturas e se recoñezan ao obrigas, do que se tomará razón contable, expedíndose o documento contable "ADO". Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gasto:

- Gastos de contía inferior ou igual a 3.000 euros.
- Anticipos de pagas ao persoal funcionario e laboral.
- Asistencia a tribunais de oposicións e órganos colexiados e axudas de custo para comisións de servizo.
- Gastos de tracto sucesivo tales como a subministración de auga, teléfono, enerxía eléctrica.
- Todos aqueles gastos do Capítulo II da clasificación económica do Orzamento, que teñan o carácter de subministro de contía inferior ou igual a 3.000,00 euros.
- Todos aqueles gastos financeiros que debido ás súas características non poida coñecerse o seu importe previamente ao recoñecemento da obriga.
- Liquidacións de contrato e indemnizacións ao contratista.
- Resolucións xudiciais.
- Dotación económica aos Grupos Políticos Municipais.
- Gastos tramitados como Anticipos de Caixa Fixa.
- Pago de xusto prezo, intereses e demais gastos relativos a expedientes de expropiación.
- Recoñecementos extraxudiciais de crédito e convalidacións.
- Nómina do persoal.

Artigo 23. Autorización e disposición de gastos.

1. A Intervención non tramitará ningún expediente que teña consecuencias económicas que non veña acompañada do preceptivo informe-proposta asinado polo máximo responsable administrativo do Centro Xestor (Director de Área, se o houbese, ou Xefe do Servizo ou quen o substitúa como responsable administrativo do Centro Xestor), nos termos do artigo 175 do ROF e do Regulamento Orgánico deste Concello.

O procedemento para a tramitación das propostas de gasto será o establecido na circular do Interventor Xeral de 3 de marzo de 2014 que se incorpora ao corpo destas bases como Anexo I.

Como procedemento xeral de tramitación, as propostas de gasto formuladas polos distintos departamentos deberán ser remitidas á contabilidade, indicando o departamento xestor o número do RC previo ou AD previo, procedendo a Intervención municipal a practicar a correspondente retención de crédito na partida de imputación, xunto coa fiscalización do gasto correspondente, co alcance que sexa procedente en función da natureza do mesmo.

2. No caso de tratarse de propostas de gasto de contía inferior ou igual a 3.000,00 euros, as mesmas poderán revestir carácter xenérico, cando non sexa posible concretar os distintos gastos a realizar no momento de presentación das mesmas. Neste caso o departamento xestor deberá indicar o número de RC previo na proposta de gasto formulada, procedendo a Intervención municipal a practicar a correspondente retención de crédito sobre unha ou varias aplicacións de gasto, remitindo documento contable RC ao departamento xestor.

Aínda o anterior, para a xestión dos gastos inferiores ou iguais a 3.000,00 euros, poderán tramitarse as facturas sen a retención de crédito previa, sendo de aplicación o artigo 22.4.

Trala realización do gasto, as factura/s correspondentes farán constar, no seu caso, o número de documento contable RC ou AD que corresponda, que lle terá sido comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto ao seu adxudicatario. Unha vez conformada a factura/s polo departamento xestor, nos termos indicados na base 24^a, procederase pola Concellería delegada de Economía e Facenda a autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga correspondente, nos termos indicados na presente base de execución do orzamento.

3. No caso de tratarse de propostas de gasto superiores a 3.000,00 euros e menores de 18.000,00 euros, ou menores de 50.000,00 euros, tratándose de obras (IVE non

engadido), os departamentos xestores presentarán propostas de gasto específicas, indicando o número do AD previo, con inclusión do expediente de contratación cos requisitos que a normativa determine para cada caso, xunto cos datos do adxudicatario proposto. De tratarse de contratos menores suxeitos a Lei de contratos, aplicarase o procedemento e requisitos regulamentados no artigo 36 destas Bases.

Trala presentación de ditas propostas, a autorización e disposición de gasto será aprobada pola Concellería delegada de Economía e Facenda coa finalidade de axilizar o procedemento. Pola Intervención municipal procederase á súa contabilización mediante documento contable AD o cal será remitido ao departamento xestor.

Trala realización do gasto, as factura/s correspondentes farán constar o número de documento contable AD que corresponda, que lle terá sido comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto ao seu adxudicatario. Unha vez conformada a factura/s polo departamento xestor, nos termos indicados no artigo 24, procederase pola Concellería delegada de Economía e Facenda a recoñecer a obriga correspondente.

Procurarase, ao longo do ano 2016, implantar o expediente electrónico coa firma electrónica para a tramitación dos contratos menores, delegando na Concellería de Economía e Facenda a competencia para ditar as oportunas instrucións e aprobar os documentos tipo e procedementos ao efecto.

4. No caso de tratarse de propostas de gasto de contía igual ou superior a 18.000,00 euros (IVE non engadido), ou, tratándose de obras, igual ou superior a 50.000,00 euros (IVE non engadido), os departamentos xestores presentarán propostas de gasto específicas, indicando o número do RC previo, con inclusión de expediente de contratación cos requisitos que a normativa determine para cada caso, e informe do departamento de contratación.

Trala presentación de ditas propostas, a autorización e disposición de gasto será competencia da Xunta de Goberno Local, procedéndose pola Intervención municipal á súa contabilización e a expedición do documento contable AD.

De acordo co establecido na normativa contractual e con efectos cautelares, se autoriza á Intervención Xeral a reter ata un máximo do 10% do importe de adxudicación dos contratos de obras a efecto de prever incidencias orzamentarias derivadas da execución das mesmas.

Trala realización do gasto, as factura/s correspondentes farán constar o número de documento contable AD que corresponda, que lle terá sido comunicado polo departamento xestor no momento do encargo do gasto ao seu adxudicatario. Unha vez

conformada a factura/s polo departamento xestor, nos termos indicados artigo 24, procederase pola Concellería delegada de Economía e Facenda a recoñecer a obriga correspondente.

5. A intervención de fondos non procederá a contabilizar ningún recoñecemento de obriga que non veña referido de forma expresa a unha operación contable previa, salvo que se trate de gastos de contía inferior ou igual a 3.000,00 euros dos regulados no artigo 22.4 desta bases.

6. Será responsabilidade de cada servizo xestor a realización da proposta de aprobación de convalidación ou recoñecemento de obrigas de carácter extraxudicial, no caso de non terse efectuado a tramitación previa do gasto de acordo ao previsto nestas bases, para a súa posterior aprobación, se procede, pola Xunta de Goberno Local.

7. En todo caso, a competencia para autorización e disposición de gastos correspondentes a concesión de subvencións corresponderá á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, nos termos e co alcance regulados nas presentes bases de execución.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 27 da Ordenanza Reguladora do Programa “SUMA” de inclusión social do Concello de Santiago, corresponderá ordinariamente á/o Concelleira/o delegada/o de Servizos Sociais, a resolución do procedemento de concesión deste tipo de prestacións. Non en tanto, nos supostos de extrema urxencia a competencia, unha vez recibida a proposta de resolución definitiva xunto co resto do expediente, para resolver corresponderá ao Alcalde/sa Presidente ou ben á/o Concelleira/o que actúa por delegación expresa non ámbito da Concellería da Área de Servizos Sociais, no que se expresará a prestación concedida, así como a solicitude declarada desistida, e a desestimada e a súa motivación.

Así mesmo, a Xunta de Goberno será competente para a autorización e disposición de gastos correspondentes á concesión de premios. Neste suposto, para a determinación do importe máximo dos pagos por gratificacións por asistencia, aos membros de xurados de concursos, deberá de estarse ao establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

8. A aprobación da programación de actividades de tódalas áreas é competencia da Xunta de Goberno Local se supera ou iguala o límite de 18.000 euros, previa proposta da Concellería delegada e informe do técnico da área respectiva, no que se indique:

a) Importe de cada un dos apartados do gasto (cachet, publicidade, asistencia técnicas, monitores, material, seguros, sociedade de autores, premios) e aplicación (-s) orzamentaria (-s) proposta.

b) Importe dos ingresos estimados derivados da actividade, no seu caso e importe do prezo unitario da entrada que debe aboar o/a usuario/a.

As actividades de inferior contía requirirán para á súa previa autorización, constancia no expediente de que esta constitúe a integridade da mesma.

En todo caso, serán competencia da Xunta de Goberno Local, a autorización das actividades que xeren ingresos ou que estean financiadas con subvencións aínda que non superen a contía de 18.000,00 euros antes citada.

Esta aprobación e a consecuente anotación contable non supón a aprobación de fases posteriores do gasto para as que se esixa o cumprimento doutras normas legais obrigatorias.

9. Será competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación da liquidación das actividades que xeren ingresos ou que estean financiadas con subvencións, que deberá presentarse asinada pola/o Concelleira/o delegada/o e o responsable técnico da área respectiva nun prazo máximo de 20 días dende o remate do período de realización da actividade. No caso das festas de Reis, Antroido, Ascensión, Apóstolo e Nadal o prazo será de 40 días.

A liquidación comprenderá os estados de gastos e ingresos da actividade. A estes efectos, deberá presentarse un cadro comparativo entre os conceptos e importes do orzamento da programación aprobado e a súa liquidación; tanto en gastos como en ingresos e segundo modelo visado polo servizo de Intervención.

No caso de non presentarse equilibrado o importe da liquidación, o informe e a proposta sinalada no parágrafo anterior deben conter o reaxuste das actividades da área respectiva.

10. Previamente á autorización de gastos que se financien con ingresos afectados deberá acreditarse o compromiso ou o recoñecemento do dereito do Concello ou do Auditorio mediante documento orixinal ou certificación incorporada ao expediente.

11. O órgano competente para a autorización e disposición de gastos do **Auditorio de Galicia** será o establecido nos seus estatutos. Neste sentido:

- O órgano competente para a aprobación das liñas xerais da programación de actividades é o Consello Reitor.
- As autorizacións e disposicións de gastos das actividades inferiores a 12.000,00 euros serán competencia da/o Xerente de acordo co establecido no artigo 12 letra h) dos estatutos vixentes.
- As autorizacións e disposicións de gastos superiores de 12.000 euros e ata 30.000 euros serán competencia do Presidente do Auditorio de Galicia de acordo co establecido no artigo 7 letra c) punto 6 dos estatutos vixentes.
- Os gastos superiores a 30.000 euros e ata o máximo de 300.000 euros son competencia da Comisión Executiva, segundo o establecido no artigo 11 dos estatutos vixentes.
- O resto dos gastos serán competencia do Consello Reitor.
- A acreditación das autorizacións e disposicións correspondentes realizarase mediante a constancia das correspondentes resolucións dos órganos unipersonais e/ou acordos dos órganos colexiados no seu caso.

Artigo 24. Recoñecemento da obriga.

1. O recoñecemento das obrigas derivadas do orzamento do Concello, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá á Concellería delegada de Economía e Facenda. Non obstante, será competencia da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela a xustificación das subvencións municipais, así como o recoñecemento das obrigas que se deriven desta xustificación.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, e tendo en conta o procedemento establecido no artigo 27 da Ordenanza Reguladora do Programa “SUMA” de inclusión social do Concello de Santiago que atribúe a competencia para adoptar os acordos de resolución do procedemento de concesión deste tipo de prestacións á/o Concelleira/o delegada/o de Servizos Sociais, tamén recaerá na/no Concelleira/o delegada/o de Servizos Sociais a xustificación e o recoñecemento das obrigas que se deriven desta xustificación.

2. No caso de que a factura ou documento equivalente, na fase de fiscalización previa do recoñecemento da obriga, non teñan informe favorable da intervención municipal, ou teña sido informado con observacións, darase traslado do expediente á Xunta de Goberno Local co obxecto que a mesma decida, no seu caso, sobre o recoñecemento da obriga, á vista do informe da Intervención municipal.

3. O procedemento para a tramitación da aprobación das facturas incorpórase ao corpo destas bases como Anexo II segundo as instrucións da Intervención Xeral aprobadas o 3 de marzo de 2014.

Trala implantación da factura electrónica e a adhesión automática do Concello ao Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado, cada centro xestor responsable da tramitación e aprobación de facturas que teñan que tramitarse como factura electrónica, deberán comunicar a cada provedor os datos necesarios para poder cumprimentar o proceso de rexistro das facturas electrónicas, sinalándolle obrigatoriamente a “Oficina Contable”, “Área Xestora” e “Unidade Tramitadora” do seu centro xestor comunicada no seu día a tódolos centros xestores na Circular 2/2015 da Concellería de Facenda.

5. As facturas expedidas polos provedores que puideran tramitarse legalmente en formato papel presentaranse no Rexistro Xeral do Concello e deberán cumprir as prescricións previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación. Conterán, como mínimo, os seguintes datos:

- Identificación do Concello ou do Auditorio e o seu número de identificación fiscal.
- Identificación do provedor e o seu número de identificación fiscal.
- Número de factura e, no seu caso serie.
- Data de expedición.
- Descrición suficiente da subministración, obra ou servizo.
- Prezo unitario da/s prestación/s.
- Centro xestor que efectuou o encargo.
- Importe total, co IVE desagregado ou coa mención expresa do IVE incluído.

As facturas se rexistrarán polo departamento de contabilidade, e se remitirán a conforme do servizo.

Nas copias ou duplicados de facturas expedidas deberá facerse constar a expresión "duplicado", en cumprimento do art. 14 del Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro.

O recoñecemento e liquidación de obrigas requirirá, como trámite previo, que o responsable administrativo de cada centro xestor e a Concellería delegada ou o Alcalde, indique en cada factura a súa conformidade, o que implicará que a obra, servizo ou subministración se realizou de acordo coas condicións legais ou contractuais establecidas. É responsabilidade do servizo correspondente a comprobación de que,

cando sexa necesario, existe contrato en vigor para a realización da obra, servizo ou subministración.

Unha vez emitida a conformidade coas facturas, enviaranse ao departamento de contabilidade para a súa aprobación polo órgano competente. A aprobación farase constar mediante dilixencia na relación de obrigas.

6. Cando da documentación contractual se derive a obriga do adxudicatario da execución de **melloras**:

- a. Deberá acreditarse o estado de execución das melloras en cada factura, certificación de obras ou relación valorada, segundo os casos.
- b. No suposto de contratos de execución periódica, o seguimento das melloras farase dende o inicio do contrato, certificando as melloras de forma acumulada.
- c. No suposto de certificacións de obras, deberanse incluír nas relacións valoradas, as melloras como unidades de obra independentes; se estas teñen valor económico, haberá que certificar o seu importe segundo se execute e descontar na mesma relación o mesmo importe executado da mellora, pois van a custe cero.

7. Para a devolución das garantías constituídas nos procedementos de licitación de contratos, o centro xestor deberá formar un expediente coa seguinte documentación:

- d. Informe proposta de devolución, acreditando que as prestacións cumpren as condicións pactadas, e que transcorreu o prazo de garantía.
- e. Copia compulsada da Acta de recepción, no seu caso.
- f. Copia do mandamento de ingreso da garantía.

O expediente deberá presentarse ao Servizo de contratación para o seu informe e a intervención para a súa fiscalización, remitíndose posteriormente ao órgano de contratación para a súa resolución.

8. Nos expedientes para o pago das liquidacións aos concesionarios do transporte, o xerente da empresa municipal TUSSA deberá emitir informe acreditativo dos elementos determinantes da liquidación que poida certificar, como o prezo Km, os Km percorridos, os ingresos das tarifas cobradas aos usuarios, os ingresos por publicidade, a amortización dos bens, etc. Deberá, así mesmo, incorporarse o informe de auditoría da empresa concesionaria.

9. Tendo en conta o establecido na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais, será obriga dos correspondentes responsables dos servizos a remisión ao departamento de Intervención das facturas conformadas ou rexeitadas,

facendo constar os motivos da súa improcedencia dentro do prazo improrrogable de cinco días naturais dende a súa remisión polo departamento de Intervención.

O órgano interventor, como órgano que na práctica leva a cabo as funcións de contabilidade neste Concello, requirirá ao órgano xestor, por obriga legal, para que xustifique por escrito a falta de tramitación do expediente nos termos anteriormente establecidos.

10. Tendo en conta os efectos establecidos na normativa vixente de carácter pecuniario, en contra da Administración, no caso de incumprimento de ditos pagos, que inclúe a adopción de medidas cautelares inmediatas por parte dos órganos xudiciais con condena explícita de costas á Administración demandada, o órgano competente poderá iniciar as actuacións que leven a determinar a responsabilidade dos funcionarios nos casos de incumprimento doloso da obriga establecida no punto anterior.

11. O órgano competente para o recoñecemento das obrigas no **Auditorio de Galicia** será o Presidente, previa proposta do Xerente do mesmo. No caso de constar observacións da Intervención a dito recoñecemento, o órgano competente será a Comisión Executiva.

Artigo 25. Ordenación de pagamentos e pagamento material.

1. As ordes de pagamento deberán acomodarse ao plan de disposición de fondos que elabore a Tesourería e aprobe Concellería delegada de Economía e Facenda.

A aprobación da ordenación de pagamentos do Concello de Santiago a respecto de obrigas previamente recoñecidas corresponderá a Concellería de Economía e Facenda.

As ordes de pagamento materializaranse preferentemente mediante relacións nas que se faga constar a identificación do acredor, a aplicación orzamentaria, o importe bruto, os descontos (se proceden) e o importe líquido.

Cando a orde de pagamento se impute á mesma partida orzamentaria e obedeza ao cumprimento de compromisos de igual natureza, a identificación dos acredores e dos importes poderanse recoller en relacións adicionais e, con base nelas, poderase efectuar o pagamento individual mediante transferencias bancarias ás contas correntes indicadas polos interesados, figurando como perceptor o banco ou entidade financeira encargada de executar as ordes de transferencia.

A Tesourería xustificará o pagamento material mediante o recibo do perceptor e as ordes de transferencia bancaria dilixenciadas pola entidade bancaria.

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente se acredite documentalmente perante o órgano competente para recoñecer obrigas, a realización da prestación ou o dereito do acredor e todo iso consonte as resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

2. No **Auditorio de Galicia** o órgano competente será a/o Xerente de conformidade co establecido no artigo 12 letra c) dos actuais estatutos. A orde de pago levará en todo caso a firma dos tres claveiros, Presidente, Interventor e Tesoureiro, a que coincide ca figura da/o Xerente.

Sección 2ª. Control e fiscalización

Artigo 26. Fiscalización limitada previa.

De conformidade coa posibilidade legalmente establecida no artigo 219.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, (RDL 2/2004, de 5 de marzo), establécese a fiscalización limitada previa nos seguintes expedientes de gasto:

1.- EXPEDIENTES EN MATERIA DE PERSOAL

- a) Contratacións de persoal en tódalas súas fases.
- b) Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da nóminas mensual do persoal.

Nos casos anteriores a fiscalización previa limitarase aos seguintes extremos:

- 1) Existencia de crédito orzamentario e si o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer. No seu caso, si se trata de compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, si se cumpre o preceptuado no artigo 174 desta Lei.
- 2) Que as obrigas se xeran por órgano competente.
- 3) A fiscalización da nómina mensual farase sobre as diferenzas dos importes das nóminas dun mes para outro.

O órgano interventor poderá formular as observacións complementarias que considere conveniente, sen que estas en ningún caso teñan efecto suspensivo na tramitación dos expediente. De conformidade co establecido no artigo 219.3, as obrigas ou gastos sometidos a fiscalización limitada serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á mesma a través de técnicas de mostraxe ou auditoría, aos efectos de

determinar o grao de cumprimento da legalidade da xestión dos créditos. O órgano interventor deberá emitir informe escrito con posterioridade das observacións e conclusións que se deduzan, que será remitido ao Pleno do Concello, coas observacións que tiveran efectuado os órganos xestores.

2.- EXPEDIENTES EN MATERIA DE SUBVENCIONES

Quedan sometidos a fiscalización limitada previa, nos termos establecidos no artigo 219.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais os expedientes relativos á concesión e xustificación da seguinte tipoloxía de subvencións:

- a) Trámites conducentes á concesión e xustificación de subvencións tramitadas polo procedemento ordinario de concorrencia.
- b) Concesión e xustificación de subvencións directas previstas como nominativas nas presentes bases de execución nos termos establecidos no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A fiscalización previa efectuarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

Con carácter xeral:

1) Existencia de crédito orzamentario e si o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer. No seu caso, si se trata de compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, si se cumpre o preceptuado no artigo 174 desta Lei.

2) Que as obrigas se xeran por órgano competente.

Nos expedientes de aprobación de gasto relativos á concesión de subvencións tramitadas polo procedemento ordinario de concorrencia:

1) Proposta de bases reguladoras da convocatoria.

2) Proposta de aprobación e publicidade das bases.

3) Que as bases reguladoras da convocatoria conteñen mención expresa á aplicación orzamentaria de imputación e importe máximo de convocatoria ou, no seu caso, establecemento dunha contía adicional máxima, en aplicación do artigo 58 do regulamento da Lei Xeral de subvencións. Neste último caso, no expediente de aprobación de gasto pola contía adicional, unha vez obtido dito financiamento, verificarase que non se supera o importe establecido na convocatoria.

4) Que as bases conteñen os criterios en base aos que se valorarán as solicitudes presentadas.

5) Informe do departamento motivando o gasto e con mención expresa de que as bases e o expediente tramitado cumpren tódolos requisitos establecidos na normativa de aplicación e nas presentes bases de execución.

Nos expedientes de concesión de subvencións tramitadas polo procedemento ordinario de concorrencia:

1) Acordo de aprobación e publicidade das bases previamente fiscalizadas de conformidade co sinalado no apartado anterior.

2) Existencia de acta do órgano Colexiado correspondente sobre a avaliación das solicitudes.

3) Existencia de informe do departamento, no que se indique expresamente que a tramitación do procedemento se axusta ás bases aprobadas, que os beneficiarios propostos reúnen os requisitos requiridos, así como motivación do importe concedido a cada beneficiario en función dos criterios aprobados nas bases da convocatoria e de conformidade coa proposta do órgano Colexiado. Mención expresa das solicitudes rexeitadas e motivos do rexeitamento.

4) Proposta de resolución do procedemento pola Concellería delegada, no que se indique a relación de solicitantes, a súa contía, o coeficiente de financiamento, a actividade e o orzamento subvencionado. Indicarase asemade as solicitudes rexeitadas e motivos do rexeitamento, en base aos informes incorporados ao expediente.

Nos expedientes de concesión de subvencións nominativas:

a) Que as subvencións propostas estean previstas como nominativas nas bases de execución do orzamento, e que o beneficiario se axusta ao aprobado nas mesmas.

b) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que os beneficiarios se atopan ao corrente de obrigas tributarias, fronte á seguridade social e que non está incurso nas prohibicións para obter dita condición.

c) Borrador de convenio a asinar trala aprobación polo órgano competente.

d) Informe do departamento motivando o gasto, con mención expresa de que o texto do convenio e a tramitación do expediente cumpre tódolos requisitos establecidos na normativa de aplicación e nas presentes bases de execución.

Aspectos comúns a verificar no trámite de xustificación das subvención:

1) Informe do departamento que tramita o procedemento, no que se indique detallada e dun xeito motivado que existen os xustificantes esixidos nas bases da convocatoria que acrediten a correcta aplicación da subvención á súa finalidade. O ámbito da fiscalización limitada na comprobación deste extremo poderase ampliar mediante o exame detallado da documentación xustificativa da mesma cando, a xuízo da Intervención municipal, a contía da subvención ou outras circunstancias concorrentes así o xustifiquen.

2) Que a xustificación se produza dentro de prazo.

3) En caso de realizarse pagos a conta ou pagos anticipados, que os mesmos están previstos na normativa reguladora da subvención.

4) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que os beneficiarios se atopan ao corrente de obrigas tributarias, fronte á seguridade social e que non é unha debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Observacións e fiscalización plena posterior.

O órgano interventor poderá formular as observacións complementarias que considere conveniente, sen que estas en ningún caso teñan efecto suspensivo na tramitación dos expedientes. De conformidade co establecido no artigo 219.3, as obrigas ou gastos sometidos a fiscalización limitada serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á mesma a través de técnicas de mostraxe ou auditoría, aos efectos de determinar o grado de cumprimento da legalidade da xestión dos créditos. O órgano interventor deberá emitir informe escrito con posterioridade das observacións e conclusións que se deduzan, que será remitido ao Pleno do Concello, coas observacións que tiveran efectuado os órganos xestores.

A intervención municipal poderá auxiliarse de empresas de auditoría de acordo co seu Plan de auditorías anual.

3.- FISCALIZACIÓN MATERIAL DOS INVESTIMENTOS.

Estarán suxeitas a fiscalización material os investimentos cuxo importe de adxudicación supere os 50.000,00 euros, IVE incluído. Os servizos correspondentes estarán obrigados a notificar coa antelación suficiente á Intervención, o día, a hora e o lugar onde se vai celebrar a acta de recepción das obras. O acta de recepción favorable, coa firma da Intervención, deberá acompañarse á derradeira certificación de obra para a súa tramitación e pago.

A intervención municipal poderá auxiliarse de técnicos cualificados que, en todo caso, non interviñesen nos expedientes concretos dos investimentos que se vaian a fiscalizar antes de ser obxecto de recepción polo Concello.

CAPÍTULO IV

Procedemento de execución do Orzamento de gastos

Artigo 27. Gastos plurianuais e expedientes de tramitación anticipada.

1. A competencia para autorizar e comprometer gastos que haxan de estender os seus efectos económicos a exercicios futuros corresponde á Xunta de Goberno Local, nos termos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo das delegacións realizadas. Unha vez recaído acordo de adxudicación comunicarase de inmediato polo departamento de Contratación á Intervención municipal, así como calquera circunstancia que modifique o importe ou anualidades dos créditos reservados tales como, entre outras, baixas, licitacións desertas, desestimento ou renuncia.

2. Corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para, en casos excepcionais, ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes a que se refire o artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cos mesmos informes e requisitos do apartado 1.

A estes efectos, a magnitude sobre a que deben aplicarse as porcentaxes sinaladas para determinar os límites cuantitativos dos gastos plurianuais será o importe resultante dos créditos iniciais a nivel da aplicación orzamentaria, deducindo os créditos dos proxectos vinculantes cuantitativa e cualitativamente correspondentes ás aplicacións orzamentarias incluídas nas mencionadas bolsas, incluídos os que teñan a consideración de “taxativos” nestas Bases de Execución.

Non obstante, cando exista una aplicación orzamentaria dotada de crédito con financiamento afectado no exercicio corrente (n), suficiente e adecuado para dar cobertura ao compromiso plurianual da anualidade seguinte, -dado que esta se incorporará ao exercicio seguinte (n +1) ao ter carácter afectado-, no seu caso, non será

preciso elevar os límites porcentuais previstos no artigo referido, xa que en realidade non se está comprometendo crédito de exercicios futuros.

3. O cumprimento dos límites aos compromisos de gastos de exercicios futuros que se poden adquirir, tanto referidos á contía como ao número de anualidades, será informado de forma expresa e específica pola Intervención Xeral. A proposta que para ese efecto se realice conterà como mínimo a debida xustificación do motivo da mesma e das súas circunstancias excepcionais.

4. As autorizacións e compromisos de gastos plurianuais deberán contabilizarse na agrupación de exercicios posteriores, expedíndose o documento contable específico denominado "de -gasto plurianual" (RCp, Ap, Dp ou ADp) no que deberá consignarse o crédito imputable ao exercicio orzamentario dos exercicios futuros aos que estende os seus efectos económicos o acordo.

5. Cando unha vez formalizado un contrato, se por calquera circunstancia se producise un desaxuste entre as anualidades establecidas e as necesidades reais na orde económica que o normal desenvolvemento dos traballos esixa, o órgano de contratación tramitará o oportuno expediente de reaxuste de anualidades cos requisitos que establece o artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Se o desaxuste de anualidades se produce antes da adxudicación do contrato, procederase polo órgano de contratación a adecuar as anualidades no propio acordo de adxudicación, atendendo á nova data prevista para o inicio da execución. No mesmo prazo de dez días hábiles que sinala o artigo 151.2 do Texto Refundido Lei de Contratos Sector Público para requirir do licitador a constitución da garantía definitiva e a documentación xustificativa do cumprimento de obrigacións tributarias e de seguridade social, solicitarase a súa conformidade á adecuación das anualidades á nova data prevista de inicio de execución do contrato.

En ningún caso, no documento de formalización do contrato poderase alterar o prezo de adxudicación, de conformidade ao establecido no artigo 156 do Texto Refundido da Lei de Contratos Sector Público.

6. Os expedientes de contratación poderán ultimarse mesmo coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares establecerá que o acordo de adxudicación quedará sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio

correspondente. Os acordos de compromiso do gasto, a adxudicación e no seu caso a formalización do contrato anticipado adoptados no exercicio anterior ao da iniciación da execución, deberán someterse á devandita condición suspensiva.

7. Conforme ao disposto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, en diante Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, a convocatoria para a concesión de subvencións poderá aprobarse nun exercicio anterior a aquel en que vaia a ter lugar a resolución da mesma, sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade en que se produce a concesión. Na convocatoria deberá facerse constar que a concesión queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Igualmente, conforme ao artigo 57 do citado Regulamento poderá autorizarse a convocatoria de subvencións cuxo gasto sexa imputable a exercicios posteriores a aquel en que teña lugar o acordo de resolución sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio en que se produciu a concesión. Os beneficiarios poderán ser calquera das persoas a que se refire o artigo 11 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 28. Expedientes de gasto condicionados a unha modificación orzamentaria ou á entrada en vigor dos orzamentos.

Non entanto o disposto no artigo anterior poderanse tramitar anticipadamente expedientes de gasto mesmo aínda que a súa imputación se efectúe nun único exercicio orzamentario, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Poderanse tramitar expedientes de gasto condicionados a modificacións orzamentarias, ou á entrada en vigor dos orzamentos - cando estes se aproben en data posterior ao 1 de xaneiro do exercicio correspondente e sempre e cando a súa fonte de financiamento proveña de recursos ordinarios ou endebedamento -. Para a súa efectividade, será necesaria a aprobación inicial destas modificacións orzamentarias ou do orzamento polo seu órgano competente.

Para ese efecto, no expediente de Adxudicación do gasto e previamente á proposta de Autorización do mesmo deberase incluír a seguinte documentación:

a) Copia do expediente de modificación de crédito debidamente cumprimentado. Se o financiamento da modificación de crédito fôra con baixa doutra aplicación orzamentaria, deberá estar dada de alta unha retención de crédito nesta aplicación. Se o seu financiamento proveña doutro xeito, será necesaria a confirmación da Concellería delegada de Facenda de que é viable a modificación proposta.

b) A proposta de resolución deberá expresar que a aprobación do expediente queda condicionada á existencia do crédito suficiente e adecuado, unha vez entre en vigor a modificación orzamentaria solicitada ou do orzamento no seu caso.

2. En ningún caso poderase adxudicar o gasto nin formalizar o contrato en tanto non entrase en vigor a modificación orzamentaria ou o novo orzamento.

A competencia para autorizar e comprometer anticipadamente gastos condicionados a unha modificación orzamentaria ou á entrada en vigor dos orzamentos corresponde á Xunta de Goberno Local, nos termos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo das delegacións realizadas.

Artigo 29. Recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións.

1. Recoñecemento extraxudicial de créditos:

1.1 Tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de:

a) Obrigacións derivadas de gastos efectuados en exercicios anteriores.

b) O recoñecemento das obrigas sen contrato vixente, cando este fora necesario, como é o caso dos contratos que excedan os límites dos contratos menores, e deba atenderse ao pago polo principio do enriquecemento inxusto e previo á correspondente cuantificación indemnizatoria, independentemente do cumprimento ou non do principio anual do devengo.

c) En xeral, as obrigas que foran obxecto de informe de reparo, aínda que a prestación fora realizado no ano corrente.

Non entanto, poderán imputarse ao orzamento corrente sen necesidade de tramitar expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, as seguintes obrigacións procedentes de exercicios anteriores:

a.a) Atrasos a favor do persoal da Entidade.

a.b) Gastos debidamente comprometidos en exercicios anteriores.

a.c) Gastos derivados de contratos validamente celebrados, de tracto sucesivo e xornais.

a.d) Gastos derivados de resolucións do Xurado Territorial de Expropiación, de órganos xudiciais, sancións ou tributos.

Con carácter previo ao recoñecemento das obrigas, deberá acreditarse a existencia de crédito abondo nas consignacións orzamentarias incluídas nos Orzamentos.

1.2. O recoñecemento extraxudicial de créditos esixe:

- a) Recoñecemento da obrigación, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular.
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.

A dotación orzamentaria, de existir no Orzamento inicial, requirirá informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin limitación algunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na consecución da aplicación orzamentaria.

De non existir dotación orzamentaria no Orzamento inicial requirirase a súa habilitación mediante o oportuno expediente de modificación de créditos, que será previo ao acordo sobre recoñecemento da obrigación.

As modificacións de créditos orzamentarios para habilitar a aplicación adecuada e suficiente para a imputación do gasto deberán concretar de modo singular, específico e con todo detalle, o motivo, a natureza e o montante do referido gasto.

1.3. A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde á Xunta de Goberno Local sempre que exista crédito, de cuxos acordos darase conta á Comisión Informativa de Facenda.

A competencia para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos será do Pleno no caso de que non existira crédito o tratárase dun gasto da súa competencia.

1.4. O expediente para o recoñecemento da obrigación nos casos 1.1.b) e c) anteriores deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa subscrita polo Técnico responsable do Servizo e/ou Coordinador ou Director de área e conformada polo concelleiro responsable do programa orzamentario correspondente (de non constar a conformidade decidirá a Xunta de Goberno Local), sobre os seguintes extremos:

✓ Recoñecemento da obriga, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que deron orixe á actuación irregular, motivando a necesidade de propoñer unha indemnización substitutiva a favor de terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

- ✓ Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto.
 - ✓ Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente, indicando os fundamentos xurídicos polos cales procede a tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.
 - ✓ Data ou período de realización.
 - ✓ Importe da indemnización correspondente pola prestación realizada.
 - ✓ Garantías que procedan ou dispensa motivada das mesmas. Xustificación de que as unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e que os prezos aplicados son correctos e adecuados ao mercado ou se conteñen en cadros de prezos aprobados. Xustificación de que non existe impedimento ou limitación algunha á imputación do gasto ao Orzamento do exercicio corrente, en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación durante todo o ano en curso. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente no devandito Orzamento, deberá tramitarse a modificación de crédito necesaria.
- b) Factura detallada ou documento acreditativo do dereito do acredor ou da realización da prestación debidamente conformada polos responsables do Servizo e, no seu caso, certificación de obra.
- c) Documento contable de RC.
- d) Informe da Intervención Xeral que non terá o carácter de fiscalización previa.

2. Validacións:

Nos supostos nos que, con arranxo ao establecido nas disposicións aplicables, a función interventora fose preceptiva e houbécese omitido, a Intervención, do mesmo xeito que no apartado anterior, emitirá un informe, que non terá a natureza de fiscalización, no que, por unha banda, porá de manifesto a citada omisión e, por outra, formulará a súa opinión respecto da proposta.

3. O órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de créditos e validacións no **Auditorio de Galicia** será o Consello Reitor.

CAPÍTULO V

Subvencións

Artigo 30. Normas xerais.

1. As subvencións concedidas polo Concello axustaranse ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, "Xeral de Subvencións" e RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu Regulamento, Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e demais normativa aplicable na materia.

2. Os obxectivos previstos coa aplicación das subvencións concedidas polo Concello e os seus Organismos Autónomos son o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social, ou a promoción dunha finalidade pública, no marco da xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias e de acordo coa lexislación vixente.

3. Entenderase por axuda ou subvención toda disposición dineraria, con cargo ao orzamento do Concello ou dos seus Organismos Autónomos, a favor de persoas públicas ou privadas, que cumpra os seguintes requisitos:

a.- que se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b.- que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, ou a concorrencia dunha situación.

c.- que sexa destinada á realización dun proxecto ou actividade que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública municipal.

4. Non están comprendidas no ámbito da aplicación destas normas:

a.- as achegas a outras Administracións Públicas.

b.- as achegas entre o Concello, os seus Organismos Autónomos e calquera outros entes públicos dependentes de estes.

c.- as cotas que corresponde aboar pola pertenza a asociacións segundo a disposición adicional quinta da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

d.- os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.

e.- as subvencións aos grupos políticos da Corporación.

5. As subvencións que se concedan anualmente axustaranse á natureza e características dos correspondentes programas incluídos no orzamento xeral e aos créditos consignados neles.

6. Conforme ao disposto no apartado 4 do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, será o encargado de designar o órgano/s responsable/s de subministrar á “Base de Datos Nacional de Subvencións” a información exacta, completa, en prazo e respectando o modo de envío establecido, en relación coas subvencións municipais outorgadas.

7. As subvencións cuxo destino non estea especificamente determinado nestas bases como subvencións nominativas, outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, nos termos previstos na LXS e na Lei 9/2007, de 19 de xuño, de subvencións de Galicia. A aprobación das convocatorias das subvencións non nominativas esixirá a aprobación das bases que deben rexer a concesión das subvencións pola Xunta de Goberno Local, a proposta da Concellería delegada correspondente, previa acreditación da existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e informe favorable de fiscalización, e realizarse preferentemente dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico. As convocatorias, unha vez aprobadas, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia.

O obxecto das axudas determinarase expresando as actividades ás que poidan destinarse os fondos públicos concedidos. As subvencións que se concedan non poderán aplicarse a finalidades distintas daquelas para as que foron outorgadas. As convocatorias de subvencións especificarán a finalidade e obxecto das mesmas.

A finalidade das axudas determinarase expresando os propósitos xerais que se pretendan conseguir con aquelas.

Cando o destino da subvención sexa ao financiamento de obras será preceptivo en todo caso o informe do servizo técnico responsable tanto do proxecto como das certificacións de obra e/ou facturas, no seu caso. O pago farase contra certificacións de obra e de acordo coa porcentaxe de financiamento que conste no convenio de colaboración.

As bases da convocatoria poderán establecer a esixencia dun importe de financiamento propia polo beneficiario da actividade ou programa subvencionado, as contías mínimas e máximas das subvencións que poidan concederse, así como a posibilidade do prorrateo do importe global máximo entre os beneficiarios da subvención.

En ningún caso o importe da achega municipal concedida poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

O crédito orzamentario é o límite do importe das axudas ou subvencións que se poidan conceder con cargo a cada unha das partidas orzamentarias, e deberán figurar expresamente nas bases da convocatoria.

Con carácter xeral, as subvencións xustificaranse polos interesados con data límite de 30 de novembro, salvo que nas súas bases ou nos respectivos convenios se estableza outra data dentro do mesmo ano por razóns convenientemente xustificadas.

8. Son obrigas dos beneficiarios, as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro “Xeral de Subvencións” e nas explicitadas no R.D 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto ao efecto nos respectivos convenios.

De acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro “Xeral de Subvencións”, considerarase gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención. A estes efectos, a acreditación do pago dos gastos subvencionados, realizarase por algunha das seguintes formas:

1º. Preferentemente mediante transferencia bancaria: xustificarse mediante copia do resgardo do cargo da mesma, debendo figurar no concepto da transferencia o número da factura ou, en defecto desta, o concepto abonado.

2º. Cheque: ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia do extracto bancario do cargo en conta correspondente ao cheque.

3º. Efectivo: So se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como restaurantes, gasolineiras, supermercados, etc.) , non podendo superar en ningún caso a contía de 600,00 euros. Xustificarse mediante factura ou recibí asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo de figurar a expresión recibí ou outra análoga.

9. Con carácter excepcional, consideraranse subvencións de concesión directa aquelas nas que se acredite razóns de interese público, social económico ou humanitario ou aquelas nas que se acredite razóns debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

As axudas derivadas de carácter social ou humanitario que se concedan en concorrencia dunha situación de necesidade do perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación de dita situación previamente á concesión e que deberán

constar expresamente no informe do responsable do departamento de Servizos Sociais, sen prexuízo dos controles que podan establecerse para verificar a súa existencia.

10. O instrumento para canalizar as subvencións nominativas, salvo as referidas no punto anterior, son os Convenios. Os convenios das subvencións nominativas deberán asinarse ao longo do primeiro trimestre. No caso de retraso, deberá darse conta xustificativa a Xunta de Goberno.

Para a tramitación de ditos convenios será precisa a proposta do Alcalde-Presidente, e a Concellería delegada correspondente; informe do responsable da unidade xestora, acreditación de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, acreditación de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social e informe de fiscalización favorable.

11. A aprobación do convenio é competencia da Xunta de Goberno Local. A sinatura do convenio é competencia do Alcalde ou do Presidente do Organismo Autónomo, ou persoa en quen delegue. Unha vez asinado o convenio darase conta á Xunta de Goberno Local ou ó Consello de Administración na primeira sesión que celebre, achegando copia dun exemplar para o seu arquivo en Servizos económicos. Calquera modificación dun convenio seguirá a mesma tramitación.

O contido mínimo dos convenios será o seguinte:

- Identificación do beneficiario (nome e apelidos ou razón social, número de identificación social, domicilio fiscal).
- Identificación do representante, se procede (nome e apelidos, número de identificación social, domicilio).
- Definición do obxecto e da finalidade para a que se concede a subvención;
- Importe da subvención e forma de pagamento ;
- Data límite e forma de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos;
- Prazo de vixencia
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de outras Administracións ou Entes públicos ou privados

Poderán facerse pagos anticipados das subvencións nominativas e achegas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, nos termos sinalados polo artigo 34 da LXS e sempre que así estea previsto no convenio correspondente.

12. Os órganos xestores competentes por materia das subvencións concedidas, comprobarán o seu correcto destino e o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria elaborando o preceptivo informe que remitirán á Intervención Xeral xunto coa demais documentación xustificativa, a efectos da súa fiscalización.

Artigo 31. Reintegro de subvencións.

En caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación destas nos termos previstos nestas bases ou nas bases da convocatoria a que se refira a subvención, o Concello ou o Organismo Autónomo esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co seguinte procedemento:

Iniciación de oficio do mesmo mediante resolución da Concellería delegada de facenda, logo do informe da unidade administrativa correspondente, na que se acorde a apertura do expediente de reintegro da subvención.

A notificación ás entidades ou particulares interesados da dita resolución, coa apertura do trámite de audiencia de quince días, co fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a corrixir as deficiencias observadas, co apercibimento de que en caso de acordarse o reintegro da subvención, esixirase o interese de demora desde o momento do seu pagamento, de acordo co previsto no artigo 38 da LXS.

A Concellería delegada de Economía e Facenda, unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que ningún interesado formulara ningunha, ditará unha resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e demais actuacións que procedan, aplicando o réxime establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

O disposto nesta base enténdese sen prexuízo do réxime sancionador a que se refire a normativa en vigor.

Artigo 32. Subvencións nominativas.

1. Os beneficiarios e importes anuais das subvencións nominativas no exercicio 2016, nos termos establecidos nestas bases, son os seguintes:

Entidades beneficiarias	2016	Aplicación
ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA	2.500,00	010 33402 48900
CENTRO SOCIAL CULTURAL ALBERGUE XOAN XIII	60.000,00	020 23100 48000
ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE (ACEM)	6.000,00	020 23100 48000
ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA, SARELA	2.000,00	020 23100 48000
ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR)	3.000,00	020 23100 48000
ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (ASPAS)	6.000,00	020 23100 48000
ASOCIACIÓN DE PAIS PERSOAL CON TRANSTORNO DE ESPECTRO AUTISTA (ASPANAES)	3.000,00	020 23100 48000
ASOCIACION DE PERSOAS XORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	10.000,00	020 23100 48000
ASOCIACION FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS	3.500,00	020 23100 48000
ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DE ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA)	3.000,00	020 23100 48000
ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL	2.000,00	020 23100 48000
ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES DE RIL (ALCER)	2.000,00	020 23100 48000
FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA	10.000,00	020 23100 48000
ASOCIACIÓN CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.	100.000,00	020 23100 48000
ESCOLA DE TEMPO LIBRE E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DON BOSCO	3.000,00	020 23100 48000
INSTITUCIÓN BENÉFICA DA COCIÑA ECONOMICA DE SDC	60.000,00	020 23100 48000
COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	20.000,00	020 23100 48000
CRUZ VERMELLA	75.000,00	020 23100 48000
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA	60.000,00	020 23100 48000
FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES	3.000,00	020 23100 48000

Entidades beneficiarias	2016	Aplicación
FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME GALICIA	45.000,00	020 23100 48000
FUNDACION SECRETARIADO XITANO	23.000,00	020 23100 48000
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. VOLUNTARIADO	10.000,00	020 23100 48000
COLEXIO DE PSICOLOXÍA DE GALICIA	18.000,00	020 23100 48000
MÉDICOS DO MUNDO	10.000,00	020 23103 48000
ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ (ACPP)	10.000,00	020 23103 48000
SALA CAPITOL	12.000,00	040 33400 47900
NUMAX SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	12.000,00	040 33400 47900
FUNDACIÓN TORRENTE BALLESTER	15.000,00	040 33400 48900
CASA DA TROIA	3.600,00	040 33400 48900
MUSICA EN COMPOSTELA	3.825,00	040 33400 48900
ASOCIACIÓN "O GALO"	2.000,00	040 33400 48900
ASOCIACIÓN CIDADE VELLA	28.190,00	040 33400 48900
ASOCIACIÓN DO TRAXE GALEGO	3.825,00	040 33400 48900
MUSEO DO POBO GALEGO	10.000,00	040 33400 48900
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO	3.825,00	040 33400 48900
ASOCIACIÓN CULTURAL E FOLCLÓRICA DE SAR	3.500,00	040 33400 48900
AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA CANTIGAS E AGARIMOS	3.500,00	040 33400 48900
GRUPO DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAIS BRINCADEIRA	3.500,00	040 33400 48900
OBRADOIRO DE CULTURA TRADICIONAL ULTREIA	3.500,00	040 33400 48900
ATENEO DE SANTIAGO	5.000,00	040 33400 48900

Entidades beneficiarias	2016	Aplicación
ASOCIACIÓN MÚSICA TRADICIONAL E FOLQUE	20.000,00	040 33400 48900
ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL CONTONESON	4.000,00	040 33400 48900
ASOCIACIÓN CULTURAL ROCHA FORTE	3.000,00	040 33400 48900
COMPOSTELA LITERARIA	3.000,00	040 33400 48900
ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL SOLFA	3.000,00	040 33400 48900
ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROGRAMA VAGALUME	30.000,00	070 23102 48000
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. OFICINA DE IGUALDADE	20.000,00	070 23102 48900
CONFEDERACIÓN GALEGA DE MINUSVÁLIDOS (COGAMI)	15.000,00	070 24100 48900
MERCADO DE ABASTOS SOC. COOP. GALEGA	10.000,00	070 43120 47900
FUNDACIÓN INCYDE	9.000,00	070 43300 48900
IES ROSALÍA DE CASTRO	6.208,00	080 32400 48900
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO (IV CICLO)	1.000,00	080 32600 48900
SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ	2.000,00	080 32600 48900
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO (DEPARTAMENTO DE HISTORIA E O GRUPO DE INVESTIGACIÓN HISPANA "ROTEIRO DA MEMORIA HISTÓRICA DA CIDADE)	4.000,00	080 32600 48900
VACACIÓNS EN PAZ	8.000,00	080 32600 48900
OBRADOIRO CAB S.A.D.	65.000,00	090 34100 47900
CLUB ARTEAL TENIS DE MESA	12.000,00	090 34100 48900
CLUB TRIATLÓN SANTIAGO	12.000,00	090 34100 48900
CLUB SANTIAGO FÚTSAL	65.000,00	090 34100 48900

Entidades beneficiarias	2016	Aplicación
CLUB S.D. COMPOSTELA	65.000,00	090 34100 48900
A.D. EL CORREO GALLEGO	12.000,00	090 34100 48900
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO	10.000,00	090 34100 48900
FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO	10.000,00	090 34100 48900
CLUB ATLETISMO SANTIAGO	5.000,00	090 34100 48900
CLUB CICLISTA COMPOSTELANO	20.000,00	090 34100 48900

TOTAL SUBV. NOMINATIVAS ORZAMENTO 2016 1.077.473,00

2. Os beneficiarios das cotas nominativas que ten que asumir o Concello pola súa participación en distintos organismos no exercicio 2016 e as aplicacións orzamentarias que reservan crédito para o seu pagamento, nos termos establecidos nestas bases, son os seguintes:

Entidades beneficiarias	Aplicación orzamentaria		
ARCO ATLÁNTICO	010	94300	46600
GRUPO CIUDADES PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD	010	94300	46600
ICOMOS	010	94300	46600
XXXIII EDICIÓN PREMIO NOVELA E.B. AMOR	010	94300	46600
CUOTA FEMP	010	94300	46600
FUNDACIÓN RUTA XACOBEO MAR DE AROUSA E ILLA	010	94300	46600
CUOTA FEGAMP	010	94300	46600
EIXO ATLÁNTICO	010	94300	46600
ORGANIZACIÓN CIUDADES PATRIMONIO MUNDIAL	010	94300	46600
ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE CIUDADES EDUCADORAS	010	94300	46600
REDE DE CIDADES SAUDABLES	020	23100	48000
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	020	23103	48000

Entidades beneficiarias	Aplicación orzamentaria		
ASEMGA	070	43120	48900

3. Non están comprendidas no ámbito da aplicación destas normas, nos termos establecidos na base de execución 29.4 as seguintes achegas:

Outras Transferencias Correntes	2016	Aplicación orzamentaria		
GRUPOS MUNICIPAIS	156.700,00	010	91200	48900
CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO	1.361.295,28	010	94300	46700
CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO	71.610,00	090	34100	45390
AUDITORIO DE GALICIA	1.085.050,77	040	33000	41000
FUNDACIÓN GRANELL	130.000,00	040	33300	48902
PLAN COMARCAL TRANSPORTE	26.844,10	060	44110	45000
TRANSPORTES.TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS A EMPRESAS PRIVADAS	4.409.219,34	060	44110	47900
INCOLSA	1.352.000,00	070	43200	44900
	925.000,00	070	43200	74900
UNINOVA	20.609,00	070	43300	44900
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS	158.350,00	090	31101	48900
TOTAL OUTRAS TRANF. CORRENTES ORZAMENTO 2016	9.696.678,49			

CAPÍTULO VI

Pagamentos a xustificar

Artigo 33. Ordes de pagamento a xustificar e anticipos de caixa fixa.

Non se poderán expedir ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga á que se refiran.

A expedición e execución das ordes de pagamento “a xustificar” deberá efectuarse logo de que o órgano competente aprobe a autorización e disposición do gasto, achegando informes sobre as circunstancias polas que non se poden presentar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento.

Os fondos librados a xustificar poderán situarse a disposición da persoa autorizada en conta corrente bancaria aberta para este fin, ou ben entregándoos en efectivo ó

perceptor. Con carácter xeral, non poderán ser superior a 2.000,00 euros. Con carácter excepcional, debidamente xustificados e co visto e prace do Sr Alcalde poderán libarse mandamentos de importe superior a persoa autorizada que represente ao Concello, con motivo da necesidade de efectuar pagos en metálico fora do territorio español e/ou dentro do mesmo.

Requirirá acordo previo da Xunta de Goberno local o pagamento de premios en metálico ou similares a xustificar.

Os perceptores de fondos librados “a xustificar” deberán render ante a Intervención conta xustificativa dos ditos gastos achegando facturas ou documentos substitutivos que xustifiquen a saída de fondos, coa dilixencia do xefe de servizo que acredite a súa conformidade coa obra, servizo ou subministración correspondente. En ningún caso servirán de xustificación as copias simples de facturas, documentos ou xustificantes de pagamento.

No suposto dos premios, os documentos xustificativos deberán ter o seguinte contido mínimo: nome e apelidos do perceptor do premio, número de identificación fiscal, partida orzamentaria, importe íntegro e líquido, no caso de que estea suxeito a retención, concepto do gasto, data, sinatura do perceptor do premio e sinatura.

A conta, coa súa documentación e o informe de Intervención, someterase á aprobación da Concellería delegada de Facenda.

De non renderse a conta nos prazos establecidos nesta base, instruirase un expediente de alcance contra o perceptor dos ditos fondos, consonte o disposto na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria. De igual maneira, procederase contra os perceptores de fondos librados “a xustificar” polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.

Só se poderán expedir ordes de pagamento “a xustificar” cando o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados con este carácter.

ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.

Delégase na Concellería delegada de Economía e Facenda a competencia para ditar as instrucións para o seu establecemento e xestión.

TÍTULO III

ORZAMENTO DE INGRESOS

Artigo 34. Compromiso e recoñecemento de dereitos.

Os ingresos en concepto de subvencións ou transferencias contabilizaranse como compromisos de ingreso unha vez adoptado o acordo formal por parte da entidade correspondente, achegando ó documento contable o documento orixinal ou unha certificación do dito acordo.

As subvención e transferencias só aplicaranse ao presuposto de ingresos cando se ingresen efectivamente. Poderán aplicarse ao orzamento con carácter previo ao seu ingreso cando o axente financiador comunique ao Concello o recoñecemento da súa obriga de pago.

No caso da participación en tributos do Estado, contabilizarase o recoñecemento do dereito e cobro do importe correspondente no momento da recepción da liquidación de exercicios pechados. No caso das entregas mensuais contabilizarase o recoñecemento por períodos mensuais.

A creación de endebedamento contabilizarase cando o seu produto se ingrese na Tesourería da entidade.

En caso de ingresos derivados de liquidacións de contraído previo e ingreso directo e de recibos de contraído previo e ingreso por recibo emitidos polas oficinas da entidade local, contabilizarase o recoñecemento do dereito cando se dite a resolución do Concelleiro delegado que aproba as ditas liquidacións ou o padrón.

No suposto de liquidacións derivadas do procedemento de inspección mediante empresa colaboradora, poderán contabilizarse os dereitos recoñecidos cando se dite a resolución do Concelleiro delegado aprobando ditas liquidacións, cando se produza o ingreso como ingreso de contraído simultáneo, ou cando o departamento de Recadación inicie o procedemento de recadación executiva.

En caso de autoliquidacións e demais ingresos sen contraído previo, como os xuros, contabilizaranse simultaneamente o seu recoñecemento e o seu cobro, sendo suficiente a toma de razón en contabilidade.

O órgano competente para a aprobación da anulación dos dereitos e a súa devolución é a Concellería delegada de facenda.

Cada dependencia municipal, e en particular o órgano liquidador, coidará da correcta aplicación das Ordenanzas Fiscais e Prezos Públicos, dentro da súa competencia.

Artigo 35. Operacións de Tesourería.

Para atender necesidades transitorias de tesourería, poderanse concertar operacións de crédito a curto prazo, que non excedan dun ano, logo do informe de Intervención e de acordo coas previsións do TRFL e previa acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente na partida de imputación de intereses. En todo caso deberán respectar a limitación temporal establecida na normativa.

Artigo 36. Fiscalización de ingresos

De acordo co Capítulo IV do Título VI do TRFL, o procedemento para a solicitude de subvencións ou achegas en xeral a favor do Concello para a realización de actividades, execución de obras ou prestación de servizos municipais, se iniciará coa proposta do Alcalde ou Concelleiro delegado e un informe do técnico da área correspondente que inclúa a norma que regula a concesión da subvención ou achega, os compromisos económicos que xera a concesión da mesma, e a súa distribución temporal na execución do gasto e do ingreso.

Unha vez fiscalizado, a Xunta de Goberno Local será o órgano competente para aprobar ou denegar a solicitude.

No caso que a concesión dunha subvención non supoña gasto para as arcas municipais, a solicitude poderá efectualo o Alcalde, dando conta a Xunta de Goberno Local.

A fiscalización previa dos ingresos de xestión municipal, que abrangue dende a xestión censal ata a recadación ou anulación, substituirase pola toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante o emprego de técnicas de mostraxe, ao abeiro do artigo 219.4 do TRFL. Emitirase un informe de fiscalización da totalidade dos ingresos examinados.

TÍTULO IV

RÉXIME DE CONTRATACIÓN

Artigo 37. Normas xerais.

A contratación rexerase polo establecido na Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público; Real Decreto 817/2009, de 8 de maio que desenvolve parcialmente a citada Lei; Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e demais normativa vixente. Polas normas ditas pola Unión Europea en materia de contratación administrativa, sendo de

aplicación supletoria a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro. No seu defecto serán de aplicación as normas de dereito privado.

Ao obxecto de garantir o control de calidade da decisión do gasto establécese o seguinte:

- Nos expedientes de contratación, incluírase unha memoria co visto bo da Concellería delegada por razón da materia no que se xustifique ademais da necesidade a oportunidade do mesmo, e a conveniencia da súa execución na data da proposta.
- En ningún caso poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía.
- O recoñecemento da obriga unha vez efectuada a obra, prestado o servizo ou efectuado o subministro, con subxección ás condicións estipuladas, así como a ordenación do pago será competencia da Concellería delegada de Economía e Facenda, sen prexuízo da competencia da Xunta de Goberno Local para o recoñecemento de extraxudicial e validación de créditos consonte o regulado no artigo 28.

Aos efectos da contabilización dos compromisos de gasto derivados da adxudicación e formalización dos contratos, deberán de remitirse á Intervención Municipal, coa maior celeridade posible, as copias dos contratos administrativos a medida da súa sinatura.

Artigo 38. Procedementos de contratación.

A competencia para a tramitación dos expedientes de contratación osténtaa o Departamento de Contratación e Servizos previa proposta da Concellería delegada por razón da materia, excepto nos contratos menores, cuxa tramitación compete ao servizo correspondente.

O Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece como procedementos especiais polo límite cuantitativo da contratación, os seguintes:

A. Procedemento negociado

Os límites cuantitativos do procedemento negociado, contemplados no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, son os seguintes (IVE excluído):

A.1 Con publicidade no perfil de contratista o boletíns oficiais

- | | |
|----------------------|---|
| a) Para obras | superior a 200.000 € e inferior a 1.000.000 € |
| b) Para subministros | superior a 60.000 € e inferior a 100.000 € |
| c) Para servizos | superior a 60.000 € e inferior a 100.000 € |

A.2 Sen publicidade con solicitude de aló menos tres ofertas

- | | |
|-------------------------------|---|
| a) En obras | superior a 50.000 euros e ata 200.000 € |
| b) En subministros e servizos | superior a 18.000 euros e ata 60.000 € |

B. Procedemento aberto ou restrinxido.

Para os contratos que superen as anteriores contías.

C. Contratos menores

O réxime e tramitación dos contratos menores regulase nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A contía por obxecto e ano non pode exceder das sinaladas no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que son, IVE excluído:

- | | |
|---------------------|---------------------|
| a) Para obras | inferior a 50.000 € |
| b) Outros contratos | inferior a 18.000 € |

Os citados contratos non poden ter unha duración superior ao ano corrente, nin ser obxecto de prórroga, nin de revisión de prezos, nin supor fraccionamento do contrato para evitar o procedemento negociado, aberto o restrinxido.

Os trámites para a súa autorización e disposición, así como o órgano competente para elo, son os sinalados no artigo 23 destas Bases, coa distinción dos contratos inferiores e iguais a 3.000 euros e dos superiores a 3.000,00 euros.

Se o contrato menor supera o límite de 3.000,00 euros, requirirase para a súa tramitación informe-proposta motivado, retención de crédito (documento contable previo de Autorización-Disposición (AD)), e proposta do gasto asinada pola Concellería correspondente. De tratarse dun contrato de obras, requirirase ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo do correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran, e do informe de supervisión cando os traballos afecten a estabilidade,

seguridade o estanquidade da obra, debendo informarse ao respecto na proposta polo técnico competente.

Para a contratación de novos equipamentos que supoñan a prestación dun novo servizo ou a ampliación substancial dun xa existente, deberá incorporarse unha memoria valorada do custe de prestación do servizo ou ampliación.

O recoñecemento das obrigas será competencia da Concellería delegada de Economía e Facenda.

Artigo 39. Sociedades Municipais

As Sociedades participadas ao cen por cen polo Concello adaptarán a súa actividade contractual, ao previsto para elas na Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e instrucións de contratación aprobadas.

TÍTULO V

INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO E RÉXIME DA FORMACIÓN EXTERNA

SECCIÓN I

Indemnizacións por razón do servizo dos membros da Corporación.

Artigo 40. Indemnizacións por razón do servizo dos membros da Corporación.

1. En caso de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais, pagaranse os gastos de viaxe no medio de transporte empregado.
2. No suposto de pasar a noite fora do domicilio habitual, pagaranse, asemade, os gastos de aloxamento debidamente xustificados, con arranxo ao RD 462/2002, de 24 de maio, en tódolos casos.
3. Polo que atinxe as dietas do Alcalde e dos Concelleiros, percibirán os importes que lles corresponderan ao Grupo 1 do Anexo I do citado RD 462/2002.
4. Con carácter xeral as axudas de gastos asignadas aos funcionarios e contratados da Corporación rexeranse polo preceptuado no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnización por razón de servizo.

Cando este persoal forme parte dunha delegación oficial representando ao Concello, de acordo co que establece a disposición adicional sexta do RD 462/2002, sobre indemnización por razón do servizo, establécese o seguinte réxime de indemnizacións que percibirá o persoal funcionario ou laboral que forme parte dunha delegación oficial, entendendo por tal aquela presidida polo Alcalde ou concelleiro que ostente a correspondente delegación, representando ao Concello.

*Os gastos de aloxamento indemnizaranse pola contía exacta aboada, con independencia de que sexa superior ao establecido por tal concepto na norma citada con anterioridade.

*Os gastos de manutención indemnizaranse pola contía que o decreto establece por tal concepto para o grupo de clasificación no que figure integrado o persoal de que se trate, debendo reintegrarse tales gastos previa presentación da factura que acredite a súa realización, aínda que a contía sexa menor que a que contén a norma.

Asemade, pagarase calquera outro gasto que se poida producir con motivo das obrigas de representación do cargo, que serán debidamente xustificadas coas facturas presentadas polo interesado.

5. Os Concelleiros delegados sen dedicación exclusiva só percibirán en concepto de dietas por asistencia a órganos colexiados as correspondentes as sesións ordinarias de Plenos e Comisións.

6. No caso de que un concelleiro asista a mais dunha sesión do mesmo órgano e no mesmo día, tan só terá dereito a percibir indemnización por asistencia a unha única sesión, sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior para os concelleiros delegados sen dedicación exclusiva.

SECCIÓN II

Réxime da formación externa e indemnizacións por razón do servizo dos funcionarios e persoal laboral da Corporación.

Artigo 41. Obxecto desta Sección.

A presente Sección ten por obxecto regulamentar as instrucións da participación do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela na formación externa organizada por entidades públicas ou privadas, nos termos do artigo 11.3 do Acordo Regulador – Convenio Colectivo; así como a súa colaboración nas actividades de formación e perfeccionamento dos empregados públicos.

Artigo 42. Concepto da formación externa.

1. Enténdese por formación externa a organizada e desenvolvida por promotores públicos distintos ao Concello de Santiago de Compostela, e en todo caso:

- a) a Deputación Provincial da Coruña.
- b) a Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
- c) a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).
- d) a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).
- e) o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP).
- f) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

2. Excepcionalmente poderá estimarse como formación externa a impartida por entidades privadas.

3. En ambos casos, a formación externa deberá cumprir os seguintes requisitos para a estimación da solicitude de permiso e, se procede, o aboamento de gastos derivados:

a) A formación deberá ter un grao de especificidade ou de persoal destinatario que xustifique a non inclusión no Plan de Formación Continua. Por conseguinte, non poderá autorizarse nin subvencionarse a asistencia a accións formativas relacionadas coas recollidas no Plan de Formación do Concello.

b) Deberá estar directamente relacionada co posto de traballo.

c) De mediar matrícula e/ou aboamento de axudas de custo, a utilidade do curso deberá estar en consonancia co esforzo económico a realizar polo Concello.

4. Os cursos de posgrao e máster organizados por universidades non se considerarán formación externa por mor do seu alto contido teórico, gran cantidade de horas lectivas e altos custes de matrícula. A participación neles poderá ser subvencionada, se é o caso, a través das axudas sociais por estudos.

5. A formación externa será exclusividade do persoal fixo. Soamente en casos excepcionais e moi xustificados poderá autorizarse a asistencia de funcionarios interinos, laborais temporais e de persoal eventual.

Artigo 43. Solicitude e autorización de formación externa.

A participación do persoal municipal nas actividades formativas (cursos e xornadas) desenvolvidas por entidades identificadas no artigo anterior poderá revestir as seguintes modalidades:

1. Participación que coincida total ou parcialmente coa xornada de traballo, en actividades formativas que teñan relación directa co contido do posto de traballo ou sexan propias da categoría profesional do interesado, e que non orixinen gasto para o Concello. Este solicitará, a través do formulario de “permisos e licenzas” dispoñible na intranet municipal e con carácter previo á celebración do evento, o permiso para formación externa, debidamente asinado pola xefatura do servizo e a concellaría respectiva. A solicitude irá acompañada do programa da actividade e do documento que acredite a admisión á mesma.

2. Participación en actividades formativas que teñan relación directa co contido do posto de traballo e que poidan orixinar gastos para o Concello, coincidan ou non coa xornada de traballo. Neste suposto, se a solicitude do interesado inclúe o aboamento de gastos de matrícula e/ou as axudas de custo derivadas da participación na actividade formativa, o seu pagamento queda condicionado a que con carácter previo á actividade se autorice a asistencia mediante decreto de comisión de servizos da Concellaría de Persoal.

No decreto indicárase:

- O obxecto da autorización (denominación do curso, xornada...)
- A data e hora de saída e chegada. Se o desprazamento realízase en vehículo particular, deberá indicarse expresamente dita circunstancia na solicitude e no decreto de comisión.
- Os gastos que se aboan (aloxamento, manutención, desprazamento e outros gastos).

A solicitude do interesado dirixirase ao servizo de Persoal, acompañada da seguinte documentación:

- Programa de actividade, que deberá indicar o lugar da realización, calendario, horario e gastos de inscrición, no seu caso.
- Informe xustificativo da relación do curso coas funcións e tarefas do posto de traballo que ocupa o interesado, no que se recomende expresamente a atención da solicitude de aboamento dos gastos, e que será emitido pola xefatura do servizo, co visto e prace do concelleiro-delegado correspondente.
- Estimación das axudas de custo ás que podería acceder por desprazamento, aloxamento e manutención.

En ningún caso se procederá ao pagamento de gastos derivados de formación externa se previamente á realización da actividade non se dita a resolución pola concellaría de Persoal.

3. A autorización ou decreto de comisión de servizos estenderase aos días anterior e/ou posterior ao desenvolvemento do actividade se fosen necesarios para o desprazamento.

Artigo 44. Xustificación do permiso, gastos e axudas de custo.

1. Finalizada a actividade, o empregado municipal disporá do prazo dun mes para acreditar documentalmente ante o Servizo de Persoal a participación nela mediante o aporte do diploma ou certificado de aproveitamento emitido polo organizador da actividade formativa.

2. Se foron autorizados no decreto de comisión de servizos, os gastos a cuxo resarcimento teña dereito o interesado xustificaranse, co orixinal ou copia compulsada:

- a) a matrícula: co xustificante do seu aboamento;
- b) o aloxamento: co recibo do hotel, a nome do interesado;
- c) o desprazamento: co recibo dos billetes de clase turista, a nome do interesado. Tamén poderán xustificarse os gastos adicionais (bus, metro, taxi, aparcadoiro e autoestrada). De autorizarse no decreto o uso de vehículo particular, a axuda por desprazamento determinarase a razón de 0,19 euros por quilómetro percorrido;
- d) a manutención: xustificarse só a cea do día de regreso se no decreto de comisión de servizos sinalase como hora de regreso unha posterior ás 22 horas.

3. As axudas de custo aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria ao efecto, segundo os criterios e os grupos de clasificación recollidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, e a Orde EHA/3771/2005, do 02 de decembro; sen prexuízo das actualizacións excepcionais de carácter anual que poida fixar a Comisión Interministerial de Retribucións.

Artigo 45. Comisións de servizo para cometidos especiais fora do Concello de Santiago.

Toda orde de comisión de servizo que teña por obxecto cometidos especiais a desenvolver fóra do Concello de Santiago dará lugar ao resarcimento dos gastos orixinados cando así se indique na resolución, acreditándose aqueles e calculándose os importes nos termos indicados no artigo anterior. O seu cumprimento poderá acreditarse mediante o certificado emitido para o efecto polo mesmo órgano que ordenou a comisión.

As resolucións pola que se ordene a comisión de servizos remitiranse unha vez ditas ao departamento de Persoal, que será o encargado de tramitar o seu rexistro no libro de resolucións.

Artigo 46. Colaboración dos empregados municipais na formación e perfeccionamento do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

1. Os empregados do Concello de Santiago de Compostela poderán colaborar nas accións de formación e perfeccionamento incluídas no Plan de Formación Continua propio, así como nas desenvolvidas polas demais Administracións Públicas, especialmente as relacionadas no artigo 2.1.

2. A dita colaboración estará excluída do réxime de incompatibilidades sempre que se respecten os seguintes límites:

- a) O total de setenta e cinco horas de formación por ano natural;
- b) En ningún caso poderá percibirse por ano natural, polo conxunto destas colaboracións, unha cantidade superior ao 25 por 100 das retribucións anuais, excluídas as de carácter persoal derivadas da antigüidade, que correspondan ao interesado polo seu posto de traballo no Concello de Santiago de Compostela.

Sen prexuízo da colaboración institucional que para a verificación de tales extremos poda solicitar o Concello de Santiago de Compostela, o empregado municipal deberá comunicar ao Servizo de Persoal o inicio ou continuación desta participación, acompañada de declaración responsable relativa ao cumprimento de ambos os requisitos.

Artigo 47. Compensación pola participación no Plan de Formación Continua municipal.

No suposto de colaboración no desenvolvemento de accións formativas do Concello de Santiago de Compostela, o empregado municipal poderá solicitar a compensación horaria prevista no artigo 11.1.3 do Acordo Regulador – Convenio Colectivo (3 horas de xornada anual por hora de docencia efectiva).

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. PRÓRROGA ORZAMENTARIA.

Se ao iniciar o exercicio económico do ano 2016 non entrara en vigor o orzamento xeral correspondente ó dito exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do ano anterior ata o límite global máximo dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior, ou estean financiados con ingresos afectados que, exclusivamente, fosen a percibirse no dito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións do orzamento xeral que non son susceptibles de prórroga será establecida por resolución da Concellería delegada de Facenda, logo do informe do interventor.

Delégase no Concellería delegada de Economía e Facenda a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no Proxecto do Orzamento Xeral pendente de aprobación.

O orzamento prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas na lei.

Aprobado o orzamento definitivo efectuaranse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

DISPOSICIÓN ADICINAL SEGUNDA. DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E XUSTIFICACIÓN.

Os grupos políticos percibirán para o desenvolvemento das súas actividades unha dotación mensual de 450,00 euros por grupo e 450,00 euros por cada concelleiro pertencente aos mesmos. Deberán presentar ao final do ano conta xustificativa dos gastos realizados e pagados, onde declararán que ditos gastos foron destinados a gastos de funcionamento do grupo político, debendo fiscalizarse pola intervención que cumpren os requisitos legais do artigo 73 da lei 7/1985 de que non se destinaron “á pago de remuneracións de persoal de calquera tipo á servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial”.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. BENS INVENTARIABLES.

Todo recoñecemento de obrigas con cargo ao Orzamento que signifique recepción dun ben inventariable, deberá ser notificado xunto coa documentación que permita a identificación do mesmo, ao servizo de Patrimonio, a fin de proceder a alta no Inventario Municipal no prazo máximo dunha semana desde a recepción do ben no servizo xestor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. PECHE DO EXERCICIO.

En relación aos gastos, para o peche do exercicio se observará como norma xeral o disposto na Orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba o modelo normal de Contabilidade Local, e normas concordantes.

A data límite para a adxudicación dos contratos cuxa execución se realice no exercicio é o **11 de decembro**.

O inicio de expedientes de contratación “tramitación anticipada” non se suxeita a data de límite.

Os mandamentos de pago a xustificar terán a data límite de entrada na Intervención xeral o día **1 de decembro**.

A documentación relativa á xustificación das subvencións tanto nominativas como as de concesión en réxime de concorrència competitiva, terá data límite de entrada na intervención o día 1 de decembro.

As anteriores limitacións poderán ser levantadas pola Concellería delegada de Economía e Facenda, previo informe motivado do centro xestor có conforme da Concellería delegada da área correspondente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO.

O cálculo do saldos de dubidoso cobro farase de acordo cos porcentaxes mínimos do artigo 193 bis do TRFL. Estes saldo poderán ser incrementados previa proposta motivado da intervención, có visto bo da Concellería de Facenda, a cuxos efectos poderá requirir os informes que procedan da tesourería.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. PERMUTA DE BENS INMOBLES.

As operacións de permuta de bens inmobles imputaranse ao Orzamento polo seu importe íntegro, tanto en relación co gasto como co ingreso, procedéndose ao pago ou ingreso, no seu caso, do neto da operación e á formalización das cantidades que resulten a compensar.

A fiscalización e contabilización da imputación ao orzamento tanto do ingreso como do gasto non esixirá outro acto administrativo que o acordo de alleamento, adoptado polo órgano competente, e a efectiva proposta polo órgano xestor de recoñecemento e liquidación do dereito e de aprobación e liquidación do gasto e da súa respectiva obrigación (documento ADO).

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. ESTADOS INTEGRADOS E CONSOLIDADOS.

En aplicación do artigo 209.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais elaboraranse anualmente para achegar como documentación complementaria da

Conta Xeral, os estados integrados e consolidados das contas do Concello, Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís de capital total ou maioritariamente municipal.

A determinación e definición dos estados e contas a consolidar determinarase pola/o Concelleira/o delegada/o de Economía e Facenda a proposta da Intervención Xeral.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO.

As cotas de Amortización do Inmobilizado determínanse con carácter xeral polo método de cota lineal.

A dotación anual á amortización expresa a distribución do valor contable activado durante a vida útil estimada do inmovilizado.

Autorízase, a proposta da Intervención Xeral, á/ao Concelleira/o delegada/o de Economía e Facenda, a modificar a vida útil dos bens que compoñen o Inmobilizado Material e Inmaterial, tanto do Concello como do seu Organismo Autónomos, ao obxecto de poder calcular a dotación anual do inmovilizado en función desta.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. ANOTACIÓNS CONTABLES DERIVADAS DE UTILIZACIÓN DE SOPORTES ELECTRÓNICOS, INFORMÁTICOS OU TELEMÁTICOS.

En relación co rexistro de operacións que haxan de ser contabilizadas no Sistema de Información Contable do Concello de Santiago de Compostela a través da incorporación de datos contidos en soportes electrónicos, informáticos ou telemáticos, en aplicación da Regra 89.2 b), da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, a dilixencia de toma de razón á que se refire a Regra 91 da citada Instrución, substituirase polos correspondentes procesos de validación no citado sistema acreditativos das anotacións contables producidas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA. CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS E DE INTERINOS.

Aos efectos do control do gasto do capítulo I, todas as contratacións laborais temporais e de interinos, así como as modificacións en plantilla ou relación de postos de traballo, deberán contar coa autorización previa da Concellería de Economía e Facenda, que emitirase a vista dos informe proposta correspondentes cando proceda.

DISPOSICIÓN ADICIONAL UNDÉCIMA. INNOVACIÓNS TECNOLÓXICAS.

Todos os procesos tecnolóxicos ou informáticos, así como a instalación de aplicación informática, que afecten á concellería de Economía e Facenda, antes do seu inicio, deberán contar coa autorización previa do/a titular da concellería de Economía e Facenda, previo informe dos funcionarios titulares dos postos de traballo responsables dos procedementos afectados, especialmente cando afecte a funcións reservadas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DUODÉCIMA. OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO.

As operacións de endebedamento a longo e a curto prazo das Entidades Públicas Empresariais, das Sociedades Mercantís de capital integramente municipal, así como das Sociedades de Economía Mixta, Auditorio de Galicia e fundacións referidas no artigo 3 destas bases, serán obxecto de aprobación pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

DISPOSICIÓN FINAIS

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. LEXISLACIÓN SUPLETORIA.

No non previsto nas presentes Bases estarase ao disposto na vixente lexislación local, na Lei Xeral Orzamentaria, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e demais normas da Administración Xeral do Estado que sexan aplicables.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. INTERPRETACIÓN, DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN.

Autorízase ao/á titular da Concellería delegada de Economía e Facenda a interpretar as presentes Bases e adoptar cantas resolucións considere necesarias en orde ao desenvolvemento e aplicación das mesmas.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. OBRIGAS DE SUBMINISTRO DA INFORMACIÓN PREVISTAS NA LO 2/2012 DE EOSF.

En virtude do principio de transparencia que ten que presidir as relacións entre Administracións Públicas que garante confianza no correcto funcionamento do sector público, remitirase a información que regula a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LOEPSF 2/2012, coa periodicidade e mediante os procedementos previstos na mesma.

ANEXO I. INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DESCENTRALIZADA DAS PROPOSTAS DE GASTO.

Para dar maiores facilidades aos centros xestores, para poder axilizar o proceso e acadar unha mellor xestión, avánzase na ferramenta, de xeito que, **polos centros xestores, realizarase un PRE-AD nos casos dos contratos menores con adxudicatario, documento máis axeitado que o PRE-RC cando dispoñen dos datos do proveedor, manténdose o PRE-RC para as propostas de gasto sen adxudicatario.**

Así mesmo, cámbiase o modelo de proposta de gasto dos contratos maiores, para reducir burocracia administrativa aos centros xestores que unicamente terán que envia-lo PRE-RC a Contratación, sen proposta de gasto que o acompañe (elimínase polo tanto o modelo 1 de proposta de gasto).

ESQUEMA XERAL ACTUAL:

TIPO GASTO	DOCUMENTO CONTABLE	PROPOSTA DE GASTO	MODELO PROPOSTA GASTO	ENVIAR A
CONTRATOS MAIORES	PRE-RC	NON	NON	CONTRATACIÓN
CONTRATOS MENORES CON ADXUDICATARIO	PRE-AD	SI	MODELO Nº2	INTERVENCIÓN
GASTOS XENÉRICOS E IMPORTE ESTIMADO	PRE-RC	SI	MODELO Nº3	INTERVENCIÓN

TIPOS DE GASTO:

1.- **CONTRATO MAIOR:** Aqueles que superan o límite de 18.000 euros e 50.000 euros para obras (IVE non engadido), ou aqueles que non o superan pero que por determinadas causas, decídese tramitar por procedemento do contrato maior: negociado, aberto...).

1.A ¿Que operación debo contabilizar na aplicación contable sicalwin?

Deberase gravar a operación PRE-RC co código 100, **sen indicar en ningún caso o adxudicatario.**

Deberase cubri-lo campo PROXECTO, cando o gasto sexa dos capítulos 6 e 7 de gastos, e se trate dun investimento que forme parte do Anexo de Investimentos do exercicio 2016.

1.B ¿ Que modelo de proposta debo achegar xunto co documento contable?

Ningunha.

1.C ¿A onde teño que envia-la documentación e a operación contable?

A través da aplicación contable SICALWIN, a operación PRE-RC deberase tramitar con F5 “Envío a contratación”.

En soporte papel enviarase copia do documento contable PRE-RC a Contratación.

2.- CONTRATO MENOR CON ADXUDICATARIO (non superan o límite de 18.000 euros e 50.000 euros para obras, IVE non engadido).

2.A ¿Que operación debo contabilizar na aplicación contable sicalwin?

Deberase gravar a operación PRE-AD co código 220.

Deberase cubri-lo campo PROXECTO, cando o gasto sexa dos capítulos 6 e 7 de gastos, e se trate dun investimento que forme parte do Anexo de Investimentos do exercicio 2016.

2.B ¿ Que modelo de proposta debo achegar xunto co documento contable?

Deberase achegar o modelo nº2, dispoñible na intranet.

Neste modelo nº2 deberanse cubrir con carácter obrigatorio os seguintes campos:

CENTRO XESTOR
NÚMERO DO PRE-AD
CONCELLEIRO
EXERCICIO
APLICACIÓN ORZAMENTARIA
PROXECTO DE GASTO
IMPORTE
DATA
DESCRIPCIÓN DO GASTO
SE É O CASO, SINALAR QUE:

- ACHÉGASE ORZAMENTO/S. NO CASO DOS CONTRATOS DE OBRAS, INDICARASE O DETALLE DAS DISTINTAS UNIDADES DE OBRA.

- ACHÉGASE PROXECTO DE OBRAS QUE DEFINE CON PRECISIÓN O OBXECTO DO CONTRATO. (NOS CONTRATOS DE -OBRAS SERÁ NECESARIO A PREVIA ELABORACIÓN DO CORRESPONDENTE PROXECTO CANDO NORMAS ESPECÍFICAS ASÍ O REQUIRAN).

- (CANDO NON SE ACHEGUE PROXECTO, INDICARASE QUE “NON SERÁ NECESARIO ACHEGAR PROXECTO DE OBRAS POR NON EXISTIR NORMAS ESPECÍFICAS QUE ASÍ O PRECISAN AO AMPARO DO DISPOSTO NO ARTIGO 111 DA LEI DE CONTRATOS”, COA SINATURA DO ARQUITECTO AO MARXE DA MESMA.”

- “NON SE ACHEGA INFORME DE SUPERVISIÓN POR NON AFECTAR O TRABALLO Á ESTABILIDADE, SEGURIDADE OU ESTANQUIDADE DA OBRA”.

NOTA: AS CASILLAS EN NEGRÍÑA ESIXEN SINATURA DO/A RESPONSABLE TÉCNICO MUNICIPAL.

- ADXUDICATARIO (NOME, CIF-DNI, ENDEREZO, CÓDIGO POSTAL, POBOACIÓN).

- DATA E SINATURAS DO CONCELLEIRO/A E RESPONSABLE ADMINISTRATIVO DO CENTRO XESTOR.

2.C ¿A onde teño que envía-la documentación e a operación contable?

A través da aplicación contable SICALWIN, a operación PRE-AD deberase tramitar con F5 “Envío a intervención”.

En soporte papel enviarase copia do documento contable PRE-AD, e a proposta de gasto (modelo nº2), a Intervención.

3.- GASTOS XENÉRICOS, QUE PODEN SER DE VARIOS TIPOS:

- **GASTO XENÉRICO DE CONTÍA INFERIOR OU IGUAL A 3000 EUROS (sen proposta de adxudicatario).**

- **GASTO XENÉRICO DE CONTÍA SUPERIOR A 3000 EUROS.**

Para casos específicos nos que sexa necesario reserva-lo crédito nunha partida, e superen o límite dos 3.000 euros.

3.A ¿Que operación debo contabilizar na aplicación contable sicalwin?

Deberase gravar a operación PRE-RC co código 100, **sen indicar en ningún caso o adxudicatario.**

3.B ¿ Que modelo de proposta debo achegar xunto co documento contable?

Deberase achegar o modelo nº3, dispoñible na intranet.

Neste modelo nº3 deberanse cubrir con carácter obrigatorio os seguintes campos:

- CENTRO XESTOR
- NÚMERO DO PRE-RC
- CONCELLEIRO
- EXERCICIO
- APLICACIÓN ORZAMENTARIA
- IMPORTE ESTIMADO.
- DATA
- DESCRICIÓN XENÉRICA DO GASTO

3.C ¿ A onde teño que envia-la documentación e a operación contable?

A través da aplicación contable SICALWIN, a operación PRE-RC deberase tramitar con F5 “Envío a intervención”.

En soporte papel enviarase copia do documento contable PRE-RC e a proposta de gasto (modelo nº3), a Intervención.

NORMAS XERAIS:

1. Todas as propostas de gasto deberán estar asinadas, segundo o disposto no artigo 23 das BEO, polo máximo responsable administrativo do centro xestor (director de área, se o houbese, xefe do servizo ou quen o substitúa), nos termos do artigo 175 do ROF e do Regulamento orgánico deste Concello.

2. As propostas de gasto de contía inferior ou igual a 3.000 euros poderán ter carácter xenérico cando non sexa posible concretar os distintos gastos que se van realizar no momento de presentalas.

3. Malia o anterior, para a xestión dos gastos inferiores ou iguais a 3000 euros, poderán tramitarse as facturas sen a retención de crédito previa (artigo 23.2 das BEO).

4. As propostas de gasto (modelos 2 e 3), debidamente cubertas serán enviadas á Intervención municipal, e, unha vez fiscalizadas poderá suceder que:

a) Teñan que anularse por non seren correctas. Neste caso devolveranse ao centro xestor para que anule a proposta e cumprimente, no seu caso unha nova.

b) De tratarse dun erro emendable, devolveranse ao centro xestor para a súa corrección.

NOTA: Coas propostas de gasto devoltas achegarase documento contable PRE-RC ou PRE-AD devolto. Na bandexa de entrada do programa contable SICALWIN de cada centro xestor aparecerán os documentos contables devoltos e os motivos polos que se devolve para que o centro xestor proceda a solucionarlas).

c) De seren correctas, contabilizaranse en enviaranse aos centros xestores os documentos definitivos RC ou AD.

5. Os centros xestores deberán comunicar o número de documento contable RC/AD definitivos emitidos por Intervención aos provedores no momento do encargo do gasto co fin de que as facturas o inclúan.

6. Unha vez conformada(s) a(s) factura(s) polo centro xestor, procederase á súa tramitación noutro expediente administrativo, segundo instrucións dadas na Circular de tramitación das Actas de conformidade que está actualmente na intranet a disposición dos centros xestores

ANEXO II. INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DAS FACTURAS

INSTRUCCIÓN DA INTERVENCIÓN XERAL PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DAS FACTURAS

Estas instrucións estarán en vigor até a implantación do expediente electrónico, acompañado de firma electrónica.

RESUMO:

O centro xestor deberá remitir ao departamento de Intervención a Acta de conformidade ou de devolución da factura no prazo de 5 días dende a recepción polo usuario do Centro Xestor do correo electrónico coa factura escanada ou teña recibido a factura electrónica a través da aplicación SICALWIN. O usuario é o asignado no expediente de descentralización do gasto.

1.- No caso de que as facturas non veñan pola canle da factura electrónica, serán escanadas no departamento de Intervención e remitidas ao correo electrónico do usuario do centro xestor.

O usuario ten a obriga de abrir o seu correo electrónico tódolos días e informar ao seu superior as súas ausencias para que este propoña o reenvío dos correos ao persoal que o substitúa nesta tarefa.

No caso de que as facturas se incorporen de forma automática como factura electrónica a través do Punto Xeral de entrada da Administración Xeral do Estado na nosa aplicación contable SICALWIN, o usuario de cada centro xestor terá que descargala da aplicación contable e tramitar a correspondente acta de conformidade ou de devolución da factura.

A intervención proporá á Concellaría de Economía e Facenda a devolución ao provedor das facturas que non reúnan os requisitos formais recollidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación ⁽¹⁾.

2.- O Centro Xestor cumprimentará o documento correspondente de acta de conformidade ou de devolución da factura. Debe cumprimentar tódolos apartados do documento, incluída a denominación do posto e o nome completo dos asinantes.

3.- O Centro Xestor remitirá o documento debidamente cumprimentado e asinado en soporte papel, no prazo máximo de 5 días desde a recepción do correo electrónico, declarándose a estes efectos o carácter de urxencia do expediente, por esixencia da Lei Orgánica 2/2001 de Estabilidade e Sustentabilidade, da Lei 15/2010 de Morosidade e do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011.

4.- O Centro Xestor deberá cumprimentar algún dos seguintes MODELOS que se achegan a estas instrucións:

Modelo 01. Acta de recepción de conformidade (Ordinaria).

Cando a factura obedeza a un gasto xestionado polo procedemento adecuado e a obra, servizo, subministración ou prestación en xeral sexa de conformidade, en tódolos seus aspectos do solicitado.

Asemade cando se trate dun gasto debidamente comprometido no exercicio anterior, nos termos do art. 26.2.b) do RD 500/1990.

As facturas e certificacións de obras de máis de 50.000 euros, IVE excluído, deberán acompañarse da acta de recepción asinada polos responsables e pola intervención, en aplicación da Base de execución do orzamento 26.3.

O acordo de recoñecemento da obrigación é competencia da Concellaría delegada de Economía e Facenda.

Modelo 02. Acta de recepción de conformidade para ser aprobada pola Xunta de Goberno Local.

- Facturas que non estean amparadas polo expediente administrativo de contratación adecuado. É de aplicación a Base de execución 28.
- Facturas correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores.

En todo caso será competencia da Xunta de Goberno Local sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

Modelo 03. Acta de recepción de conformidade para ser aprobado polo Pleno.

Para os casos enumerados no apartado B, cando non exista crédito adecuado e suficiente ou cando o gasto sexa de competencia do Pleno.

Modelo 04. Acta de devolución da factura.

Para os casos nos que a factura non se corresponda coa prestación efectuada, cos prezos acordados, por inconcreción ou indefinición do concepto da factura, exista algunha deficiencia legal na factura ou por calquera outro motivo polo que non pode conformarse a factura.

Deberá motivarse detallada e xustificadamente o motivo da devolución.

⁽¹⁾ NOTA: Requisitos das facturas (entre outros):

Debe empezar a esixirse ao proveedor que indique na factura o número de RC e/ou o centro xestor solicitante. Cando transcorra un tempo prudencial, procederá a devolverse as facturas que non cumpran o anterior.

O concepto da factura debe ser suficientemente descritivo da prestación efectuada. Cando se trata de obras menores que non esixan proxecto de gasto, deberá indicar as unidades de obra e previos facturados conforme ao orzamento presentado.

ANEXO III. CLASIFICACIÓN ORGÁNICA

Orgánica	Descrición
010	ALCALDÍA
020	POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE
030	ECONOMÍA E FACENDA
040	ACCIÓN CULTURAL

Orgánica	Descrición
050	ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE
060	MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA
070	IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO
080	EDUCACIÓN E CIDADANÍA
090	MOCIDADE, DEPORTE E BENESTAR ANIMAL
100	MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL

3.- Aprobar inicialmente o cadro de persoal para o ano 2016, co contido que de seguido se indica:

A.- ÓRGANOS DIRECTIVOS ARTIGO 130 LEI 7/1985

1 Director/a de área de Réxime Interior. Grupo A1

1 Director /a da área de Desenvolvemento Urbano Sostible. Grupo A1

B.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA.

CON HABILITACIÓN NACIONAL.-

1 Secretario.- Grupo A1.

1 Interventor.- Grupo A1.

1 Tesoureiro.- Grupo A1.

1 Vicesecretario.- Grupo A1.

1 Viceinterventor.- Grupo A1.

1 Vicetesoureiro.- Grupo A1.

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.-

Subescala Técnica

22 Técnicos.- Grupo A1.-Nivel Titulación: Licenciado en Dereito, Ciencias Políticas, Económicas ou Empresariais, Intendente Mercantil ou Actuario

Subescala de xestión

13 técnicos de xestión.- Grupo A2.- Nivel de Titulación: Diplomado universitario, coas especificacións que se conteñen na relación de postos de traballo.

Subescala Administrativa

65 Administrativos.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional 2º Grao ou equivalente.

Subescala Auxiliar

47 Auxiliares Administrativos.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

Subescala Subalterna

5 Conserxes .- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

6 Uxieres.- Agrupacións Profesionais Estatuto Básico Empregado Público- Nivel Titulación: Certificado de Escolaridade

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

Subescala Técnica

Técnicos Superiores

***1 Técnico Superior Medio Ambiente.**- Grupo A1. Nivel titulación: Licenciado Superior.

***1 Inspector sanitario.**- Grupo A1. Nivel titulación: Licenciado en farmacia, licenciado en ciencias químicas, licenciado en ciencias biológicas.

***7 Arquitectos.**- Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado na Escola de Arquitectos Superiores.

***1 Pedagogo.**- Grupo A. Nivel Titulación: Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade Pedagogía.

***1 Arqueólogo.**- Grupo A1. Titulación en Xeografía e Historia, especialidade de Arqueoloxía.

***2 Economistas.**- Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado en Ciencias Económicas ou Empresariais.

***1 Analista de Sistemas Informáticos.**- Grupo A1. Nivel Titulación: Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións, Licenciado en Informática, Licenciado en Matemáticas.

***1 Técnico en prevención de riscos laborais.** Grupo A1. Nivel Titulación: Licenciado Universitario con alomenos 2 especialidades do Regulamento de Prevención.

*1 técnico de programación e xestión cultural. Grupo A1. Nivel de titulación: Superior. Licenciado universitario en disciplinas afíns á área de humanidades.

*1 licenciado/a en dereito para servizos sociais. Grupo A1, nivel titulación: Licenciado en dereito.

Técnicos Medios

*3 Enxeñeiros Técnicos en Obras Públicas.- Grupo A2. Nivel Titulación: Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.

*1 Enxeñeiro Técnico Industrial.- Grupo A2. Nivel Titulación: Enxeñeiro Técnico Industrial.

*5 Aparelladores.- Grupo A2. Nivel Titulación: Arquitecto Técnico.

*1 Asistente Social.- Grupo A2. Nivel Titulación: Asistente Social.

*1 Graduado Social.- Grupo A2. Nivel Titulación: Graduado Social.

*2 Técnicos medios en informática.- Grupo A2. Nivel Titulación: Diplomado Universitario en Informática.

Técnicos Auxiliares

*6 Técnicos en Informática.- Grupo C1. Nivel Titulación: Técnico Especialista en Informática, FP-2 de 2º Grao ou equivalente.

*8 Delineantes.- Grupo C1. Nivel Titulación: Técnico Especialista en Delineación, F.P de 2º Grao ou equivalentes.

*1 Encargado de Parques e Xardíns.- Grupo C1. Nivel Titulación: Diploma de Capataz Agrícola, especialidade: Xefe de Explotación.

*1 Encargado da Brigada de Vías e Obras.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º Grao ou equivalente.

*1 Encargado da Oficina Municipal de Información ó Consumidor.- Grupo C1. Nivel de Titulación: Bacharelato, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente.

*1 Técnico intermedio en prevención de riscos laborais.- Grupo C1. Nivel Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente, con curso de prevención de 300 horas homologado, ou ciclo superior FP, familia profesional de mantemento e servizos á produción.

Subescala de Servizos Especiais

1.- PERSOAL DE OFICIOS:

A) Parques e Xardíns.

*3 especialistas.- Grupo C1. Bacharelato Superior, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente.

*9 Oficiais Xardineiros.- Grupo C2. Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

B) Parque Móbil.

*1 Xefe Parque Móbil.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

*1 Conductor.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

C) Vías e Obras.

*3 Capataces.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

*3 Oficiais Albaneis.- Grupo C2 Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

*1 Oficial Fontaneiro Soldador.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

D) Circulación e seguridade cidadá.

*Un oficial albanel.- (procedente da Brigada de Vías e Obras) Grupo C2. Nivel de titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1ª grao ou equivalente.

2.- COMETIDOS ESPECIAIS

A) BANDA DE MÚSICA.

*29 músicos.- Grupo A2.

*6 músicos.- Grupo C1.

B) SANIDADE E MEDIO AMBIENTE.

*3 Auxiliares de Inspección de Servizos.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado Escolar, FP 1º Grao ou equivalente.

3.- EXTINCIÓN DE INCENDIOS

*1 Oficial.

*1 Suboficial.

*6 sarxentos.

*11 Cabos.

*46 Bombeiros-Condutores.

4.- POLICÍA MUNICIPAL

*5 Inspectores principais.- Grupo A2. Escala Executiva da Policía Municipal.

*10 inspectores.- Grupo A2.Escala Executiva da Policía Municipal

*19 Oficiais.- Grupo C1 Escala básica da policía municipal

*122 Policías.- Grupo C.1 Escala básica da Policía Municipal.

C) PERSOAL LABORAL

IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS

*2 Avogados.

*1 Psicólogo.

*9 Traballadores/as Sociais.

*3 Educadores/as Familiares.

*1 Administrativo.

*1 Auxiliar Administrativo.

*1 axente de emprego local.

BRIGADA DE VÍAS E OBRAS

*1 Conductor.

*1 Oficial Conductor-Palista.

*1 Oficial Soldador.

*1 Capataz.

BRIGADA DE PARQUES E XARDÍNS

* 1 oficial.

* 1 Soldador.

DEPORTES

*1 Técnico en Programación Deportiva.

*1 Técnico en Mantemento.

*9 Porteiros-Conserxes.

PARQUE MÓBIL

*3 Condutores.

*1 Mecánico Conductor.

SERVIZOS INTERNOS

*1 conserxe.

*5 Uxieres laborais, equiparados a funcionarios E-14.

EDUCACIÓN / CENTROS SOCIOCULTURAIS.

*3 Técnicos en Educación e Mocidade.

*2 Técnicos en Programación.

*4 coordinadores de centros socioculturais.

*2 Educadores-Monitores.

*8 Animadores Socioculturais.

*2 auxiliares administrativos.

EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

*1 Técnico en orientación laboral.

*3 Axentes de Desenvolvemento Local.

INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN

*1 Técnico de Desenvolvemento Local.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

*1 Técnico en Normalización Lingüística.

PRENSA E PUBLICACIÓNS

*1 Xornalista.

OFICINA REHABILITACIÓN DE VIVENDA

*1 Técnico de Xestión.

TESOURERÍA/RECADACIÓN MUNICIPAL

*1 Auxiliar de Recadación de 1ª.

*7 auxiliares administrativos (antigas denominacións: auxiliares de recadación 2ª e 3ª, auxiliares de oficina de 1ª e 2ª).

*1 Subalterno.

ÓRGANOS DE GOBERNO

* 1 auxiliar administrativo.

PERSOAL

* 1 auxiliar administrativo.

OMIC

*1 Auxiliar Administrativo.

BANDA DE MÚSICA

* 1 Director grupo A1. Contrato de alta dirección.

* 3 músicos grupo C1.

* 3 músicos grupo C2.

UMAD

*4 Psicólogos.

*2 Médicos.

*1 Auxiliar Clínica.

*2 Educadores Especializados.

*1 Administrativo.

*2 ATS.

*1 Director de Tempo Libre.

*1 Monitor ocupacional.

*1 traballador social.

PERSOAL LABORAL FIXO PROCEDENTE DA EXTINTA EMUVISSA

*1 Licenciado en dereito.

*1 Licenciado en empresariais.

*1 Arquitecto.

*1 Enxeñeiro de camiños.

*1 Delineante.

*2 Administrativos.

PERSOAL INDEFINIDO NON FIXO PROCEDENTE DA EXTINTA EMUVISSA

*1 arquitecto.

D) PERSOAL EVENTUAL.

*1 Coordinador/a Gabinete Alcaldía.

*8 asesores/as grupo A1.

*3 administrativos/as grupo C1.

*4 auxiliares grupo C2.

Os anteriores acordos someteranse ao trámite de información pública polo prazo de 15 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No citado prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno.

Ditos acordos entenderanse definitivamente adoptados se ao termo do período de información pública non se tiveran presentado reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente a da por finalizada sendo as 18:35 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Martíño Noriega Sánchez

O secretario xeral do pleno,
Francisco Javier Castiñeira Izquierdo